

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 31 de xullo de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 31 de xullo do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35489.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2025.

2.35490.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE A GUARDA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBMINISTRACIÓN DE DOUS VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL” (EXPTE.2025048225)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 8.33796 de data 21/05/2024 , se lle concede ao Concello da Guarda, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, unha subvención polo procedemento de concorrencia non competitiva, por importe de 319.311,99 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)” (Expdte 2024021602), en base a un orzamento que ascendía a 320.000,00 euros, debendo achegar a entidade municipal 688,01 euros.
- En data 27/06/2025, mediante rexistro WEB2025048428, o Concello da Guarda achega o certificado do decreto da Alcaldía, en virtude do cal desiste á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento arriba referido, dado que, conforme se recolle no informe da asesoría xurídica de data 30/01/2025, por un erro na planimetría , as obras están proxectadas sobre terreos que lle son indispoñibles á entidade municipal ao pertencer a outra administración pública, o que deu lugar á resolución do contrato coa empresa adxudicataria.
- En data 14/07/2025, mediante resolución presidencial núm. 2025005982, acéptase a desistencia do Concello da Guarda á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)” (expdte 2024021602), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 25/942.9425.762.45.2024 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 319.311,99 euros.
- Ao mesmo tempo que o Concello da Guarda presenta o certificado do decreto de desistencia á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)”, aporta a documentación relativa aos investimentos aos que se destinará o crédito dispoñible tras a desistencia; sendo un destes investimentos o denominado “Subministración de dous vehículos para a policía local” (expdte 2025048225), quedando o seu financiamento configurado tal e como se salienta na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024- €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	68.000,00	68.000,00	0,00	0,00

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que establece que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar o investimento obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas, o Concello poderá solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial á finalidade subvencionada. Na devandita base régúlase o procedemento necesario para autorizar a desistencia e conceder unha subvención por cambio de finalidade.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/07/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 14/07/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello da Guarda*, CIF: P3602300J, unha subvención por cambio de finalidade por importe de 68.000,00 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Subministración de dous vehículos para a policía local*” (Expdte 2025048225), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	68.000,00	68.000,00	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello da Guarda*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.35491.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE A GUARDA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO CON PLATAFORMA ELEVADORA” (EXPTE.2025048136)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 8.33796 de data 21/05/2024, se lle concedeu ao Concello de A Guarda, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, unha subvención polo procedemento de concorrência non competitiva, por importe de 319.311,99 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)” (Expte 2024021602), en base a un orzamento que ascendía a 320.000,00 euros, debendo achegar a entidade municipal 688,01 euros.



- En data 27/06/2025, mediante rexistro WEB2025048428, o Concello de A Guarda achega o certificado do decreto da Alcaldía, en virtude do cal desiste á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento arriba referido, dado que, conforme se recolle no informe da asesoría xurídica de data 30/01/2025, por un erro na planimetría, as obras están proxectadas sobre terreos que lle son indisponíbles á entidade municipal ao pertencer a outra administración pública, o que deu lugar á resolución do contrato coa empresa adxudicataria.
- En data 14/07/2025, mediante resolución presidencial núm. 2025048136, acéptase a desistencia do Concello de A Guarda á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)” (Expte 2024021602), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 25/942.9425.762.45.2024 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 319.311,99 euros.
- Ao mesmo tempo que o Concello de A Guarda presenta o certificado do decreto de desistencia á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)”, aporta a documentación relativa aos investimentos aos que se destinará o crédito dispoñible tras a desistencia; sendo un destes investimentos o denominado “Subministración de vehículo con plataforma elevadora” (expdte 2025048136), quedando o seu financiamento configurado tal e como se salienta na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024- €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	87.833,90	87.833,90	0,00	0,00

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que establece que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar o investimento obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas, o Concello poderá solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial á finalidade subvencionada. Na devandita base régúlase o procedemento necesario para autorizar a desistencia e conceder unha subvención por cambio de finalidade.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/07/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 14/07/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Guarda*, CIF: P3602300J, unha subvención por cambio de finalidade por importe de 87.833,90 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Subministración de vehículo con plataforma elevadora*” (Expte 2025048136), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	87.833,90	87.833,90	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Guarda*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.35492.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE A GUARDA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DUN LAVA CONTEDORES” (EXPTE.2025048122)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 8.33796 de data 21/05/2024, se lle concedeu ao Concello de A Guarda, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, unha subvención polo procedemento de concorrência non competitiva, por importe de 319.311,99 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)” (Expdte 2024021602), en base a un orzamento que ascendía a 320.000,00 euros, debendo achegar a entidade municipal 688,01 euros.
- En data 27/06/2025, mediante rexistro WEB2025048428, o Concello de A Guarda achega o certificado do decreto da Alcaldía, en virtude do cal desiste á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento arriba referido, dado que, conforme se recolle no informe da asesoría xurídica de data 30/01/2025, por un erro na planimetría, as obras están proxectadas sobre terreos que lle son indisponíbles ao Concello ao pertencer a outra administración pública, o que deu lugar á resolución do contrato coa empresa adxudicataria.



- En data 14/07/2025, mediante resolución presidencial núm. 2025005982, acéptase a desistencia do Concello de A Guarda á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)” (expdte 2024021602), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 25/942.9425.762.45.2024 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 319.311,99 euros.
- Ao mesmo tempo que o Concello de A Guarda presenta o certificado do decreto de desistencia á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)”, aporta a documentación relativa aos investimentos aos que se destinará o crédito dispoñible tras a desistencia; sendo un destes investimentos o denominado “Adquisición dun lava contedores” (expdte 2025048122), quedando o seu financiamento configurado tal e como se salienta na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024- €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	71.390,00	71.390,00	0,00	0,00

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que establece que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar o investimento obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas, o Concello poderá solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial á finalidade subvencionada. Na devandita base regúlase o procedemento necesario para autorizar a desistencia e conceder unha subvención por cambio de finalidade.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/07/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 14/07/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder *ao Concello de A Guarda*, CIF: P3602300J, unha subvención por cambio de finalidade por importe de 71.390,00 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Adquisición dun lava contedores*” (Expte 2025048122), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	71.390,00	71.390,00	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Guarda*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



5.35493.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE A GUARDA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “EQUIPAMENTO PARA A POSTA EN MARCHA DE BIBLIOTECA NA ANTIGA CASA DO CONCELLO DA GUARDA” (EXPTE.2025048142)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 8.33796 de data 21/05/2024, se lle concedeu ao Concello da Guarda, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, unha subvención polo procedemento de concorrència non competitiva, por importe de 319.311,99 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)” (Expdte 2024021602), en base a un orzamento que ascendía a 320.000,00 euros, debendo chegar a entidade municipal 688,01 euros.
- En data 27/06/2025, mediante rexistro WEB2025048428, o Concello de A Guarda achega o certificado do decreto da Alcaldía, mediante o que desiste á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento arriba referido, dado que, conforme se recolle no informe da asesoría xurídica de data 30/01/2025, por un erro na planimetría topográfica, as obras están proxectadas sobre terreos que lle son indisponíbles á entidade municipal ao pertencer a outra administración pública, o que deu lugar á resolución do contrato coa empresa adxudicataria.

En data 14/07/2025, mediante resolución presidencial núm. 2025005982, acéptase a desistencia do Concello de A Guarda á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)” (Exppte 2024021602), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 25/942.9425.762.45.2024 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 319.311,99 euros.



- Ao mesmo tempo que o Concello de A Guarda presenta o certificado do decreto de desistencia á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Creación de novo punto limpo (I Fase)”, aporta a documentación relativa aos investimentos aos que se destinará o crédito dispoñible tras a desistencia; sendo un destes investimentos o denominado “Equipamento para a posta en marcha de biblioteca na antiga casa do Concello de A Guarda” (Expte 2025048142), quedando o seu financiamento configurado tal e como se salienta na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024- €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	61.452,00	61.452,00	0,00	0,00

O orzamento contempla a asistencia técnica á redacción da memoria valorada por importe de 1.452,00 euros.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que establece que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar o investimento obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas, o Concello poderá solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial á finalidade subvencionada. Na devandita base régúlase o procedemento necesario para autorizar a desistencia e conceder unha subvención por cambio de finalidade.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/07/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 14/07/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Guarda*, CIF: P3602300J, unha subvención por cambio de finalidade por importe de 61.452,00 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Equipamento para a posta en marcha de biblioteca na antiga casa do Concello de A Guarda*” (Expte 2025048142), cuxo orzamento ao mesmo importe (60.000,00 euros se corresponden co subministro e 1.452,00 euros aos honorarios de redacción da memoria valorada), quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	61.452,00	61.452,00	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Guarda*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.35494.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA HISTÓRICA DE SAN MARTIÑO” (EXPTE.2025021115).

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025, mediante acordo do Pleno da Deputación núm. 3.8370 outorgóuselle ao Concello de Moaña unha subvención por importe de 900.000,00 euros, ao abeiro do Plan Extra, co obxecto do financiamento do investimento “Humanización da contorna histórica de San Martiño”, con base a un orzamento que ascendía a 1.274.486,10 euros, debendo co-financiar a entidade municipal 374.486,10 euros.
- En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024516, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do Concello de Moaña na solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 374.486,10 euros, desagregada en dúas anualidades (184.064,48 euros con cargo ao Plan + Provincia 2025 e 190.421,62 euros con cargo ao Plan + Provincia 2026), co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extra do investimento “Humanización da Contorna Histórica de San Martiño” (2025021115).
- Non obstante, aínda que o Plan + Provincia 2025 permite o financiamento de obras plurianuais cando se dan as condicións previstas na base 19ª, o plan en si mesmo non ten carácter plurianual, polo que a subvención correspondente ao exercicio 2026 non poder ser solicitada nin outorgada anticipadamente.



- En data 25/04/2025, o Pleno da Deputación, mediante acordo núm. 4.8395, aproba a modificación das bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, co fin de que poidan ter cabida no programa de subvencións aqueles investimentos, que sen ten carácter plurianual, a súa execución e/ou financiamento se realice en máis dun exercicio, sempre que os fondos do Plan + Provincia non constitúan a súa fonte principal de financiamento por estaren maioritariamente financiados por plans ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións públicas. Neste suposto, encaixa a petición do Concello de Moaña, que foi emendada en data 15/07/2025 con rexistro WEB2025052396, cuxo financiamento quedaría configurado tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Subvención Plan Extra	Fondos Propios- (solicitaran o financiamento no exercicio 2026)
1.274.486,10€	184.064,48€	900.000,00€	190.421,62€

- Subliñar que o financiamento do exercicio 2026, de querer realizarse contra o Plan + Provincia 2026 ou do plan que o substitúa, será solicitado no momento procedimental oportuno.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.



- Acordo núm. 4.8395, de 25/04/2025, polo que se modifican as bases do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada a liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Acordo 4.8395, de 25/04/2025, que permite incluír no Plan aqueles investimentos, que sen ter carácter plurianual, a súa execución e/ou financiamento se realice en máis dun exercicio, e os fondos do Plan + Provincia 2025 non constitúen a súa fonte principal de financiamento por estaren maioritariamente financiados por outros plans ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións públicas.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/04/2025, e do Xefe do Servizo de Cooperación de data 15/07/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Moaña* CIF P3602900G, ao abeiro do Plan + Provincia 2025 Liña 1-Investmentos, por importe de 184.064,48 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra da actuación denominada “*Humanización da Contorna Histórica de San Martiño*” (expediente 2025021115), cuxo orzamento total importa 1.274.486,10 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Subvención Plan Extra	Fondos Propios- (solicitaran o financiamento no exercicio 2026)
1.274.486,10€	184.064,48€	900.000,00€	190.421,62€

- A presente concesión fica condicionada á obtención da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como o acordo (ou a resolución) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será achegada polo *Concello* á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, de acordo co establecido na base 23 das reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.35495.- CONCESIÓN DAS AXUDAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2024 (6ª MOBILIDADE) (EXPTE.2023073909)

A Deputación de Pontevedra conta coa acreditación Erasmus+, válida no ámbito da educación e a Formación Profesional para o período 2021-2027, que a habilita para presentar solicitudes como entidade coordinadora de consorcio de mobilidades.

Neste sentido, e unha vez aberta a convocatoria de propostas 2024 (EAC/A07/2023) do Programa Erasmus+ (Diario Oficial da Unión Europea núm. C/2023/1262 do 28 de novembro de 2023) a Deputación de Pontevedra procedeu á tramitación da formación do consorcio de mobilidade. E, mediante Resolución Presidencial número RP2024001123 de data 7 de febreiro de 2024 aprobouse a adhesión de centros educativos de FP da provincia ao consorcio de mobilidade para a presentación á convocatoria citada.

O 19 de febreiro de 2024 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe”. E, o 19 de xullo de 2024 a Dirección do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2024, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 691.235,00 €.

A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión ordinaria do día 23 de agosto de 2024 adopta, entre outros, o acordo de aprobación e xeración de crédito do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2024 do programa Erasmus+.



Con data 12 de setembro de 2024 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas. O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2024 ata ao 31 de agosto de 2025. Con todo, solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso de dereito inherente a todos os beneficiarios. O 13 de xuño de 2025 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio do 2026.

As actividades subvencionables que se inclúen no proxecto son as de longa duración de estudantes de FP, de aprendizaxe por observación para persoal docente e non docente e para a financiación de visitas preparatorias.

En relación á actividade de longa duración para titulados, e de acordo co Plan Erasmus da Deputación de Pontevedra, en cada un dos centros de Formación Profesional constitúíuse un comité de mobilidade e comisión de valoración que se encargarán da selección do alumnado, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas preferentes. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, as persoas participantes distribúense en varias quendas por data de saída. Ata o momento, concedéronse axudas á mobilidade a 26 persoas agrupadas en 5 quendas.

Esta 6ª quenda comprende a 36 persoas participantes que inician a mobilidade en setembro e outubro con destino Italia, Francia, Portugal, República Checa, Malta e Irlanda sendo a duración e os importes das axudas os sinalados no Anexo.

A guía do Programa Erasmus+ 2024 establece que a duración das mobilidades de longa duración de estudantes de FP será mínimo de 90 días e non poderá superar os 365 días. Engádese 1 día para a viaxe de ida e 1 día para a viaxe de volta que se inclúen no cálculo da partida de Apoio Individual.

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino e da distancia. Para o cálculo da contía correspondente, seguindo as directrices do programa, úsase a plataforma Beneficiary Module, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+.

Esta axuda financeira queda vinculada ao cumprimento dos obxectivos do programa recollidos no convenio de subvención Erasmus+ asinado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes e de destinala aos fins que se determinan no mesmo. A dita axuda ou parte dela será reembolsada á Deputación se a persoa participante non cumpre coas súas obrigas de acordo ao establecido no convenio asinado entre as partes e a normativa aplicable.



O apartado 1º da cláusula 5 (modalidades de pago) do citado convenio establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non máis tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación equivalente ao 90% do importe especificado na cláusula 3.

Visto o informe do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 23 de xullo de 2025 proponendo a concesión de bolsas do proxecto Erasmus+ 2024 (6ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo.

Con data 28 de xullo de 2025 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a adxudicación da mobilidade ao alumnado participante no proxecto ERASMUS+ 2024 (6ª mobilidade).

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A concesión das axudas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2024 (6ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).
- Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 25/240.2425.481.01.2024 do proxecto de gasto cód. 2400007_Erasmus+ 2024 polo importe máximo de 238.167,00 € a favor do alumnado na contía que se relaciona no Anexo.
- Notificar ás partes interesadas.



Anexo

Núm. expediente	Persoa beneficiaria	NIF/NIE	Centro Formación	Sector	Destino	Data de inicio (incluída viaxe)	Data de fin (incluída viaxe)	Total días	Axuda viaxe	Axuda individual	Total axuda
2025050911	ADRIANA MARTÍNEZ QUIROGA	54917787C	IES A GUIA	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025050914	AIME RAYEN TEMIS BARRUTIA	Z0795931K	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025050916	AINARA SAINZA DOCAMPO	54383419B	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	28,00 €	5.971,00 €	5.999,00 €
2025050919	ANA PEREIRA VOGT	35637919V	IES A GUIA	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025050922	CAMILLA FRANCESCA DALIA DE ALMEIDA	04682187P	IES LUIS SEOANE	CM Actividades Comerciales	ITALIA	07/09/2025	13/12/2025	98	309,00 €	5.096,00 €	5.405,00 €
2025051280	CARLA KORBEL PIÑEIRO	13465287Y	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025051292	CHIARA PISTONE PADÍN	Z0313224S	CIFP MONTECELO	Farmacia e Parafarmacia	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025051295	DAMIAN DORADO HERMIDA	76863305L	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025051297	FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PÉREZ	77479922Y	IES LUIS SEOANE	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €



2025051299	INÉS GARCÍA SUÁREZ	35677998F	EFA CANCELA	CFGM Xestión Administrativa	REPUBLICA CHECA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	5.971,00 €	6.280,00 €
2025051301	IRENE BAUTISTA GARCIA	77483691A	IES LUIS SEOANE	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025052485	IZAR LAGO GONZÁLEZ	20628229N	IGAFA	Técnico En Cultivos Acuícolas	ITALIA	07/09/2025	13/12/2025	98	395,00 €	5.096,00 €	5.491,00 €
2025051302	JAVIER TRILLA CONTIOSO	71185540B	IGAFA	Técnico En Operacións Subacuáticas E Hiperbáricas	MALTA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	5.971,00 €	6.366,00 €
2025051303	JIMENA ALEJANDRA CORDERO PINTO	Y6200347K	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025051304	LAURA GONZÁLEZ ALONSO	39491139R	IES INDALECIO PEREZ TIZON	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025051306	LAURA LAGO VARELA	35608780L	FORMACION DIVINO MAESTRO	Grado Medio De Cuidados Auxiliares De Enfermería	MALTA	07/09/2025	13/12/2025	98	395,00 €	4.466,00 €	4.861,00 €
2025051367	MARÍA GABRIELA LÓPEZ LA TORRE	51297002X	IES LUIS SEOANE	FPB Sevizos Comerciais	ITALIA	07/09/2025	13/12/2025	98	395,00 €	5.096,00 €	5.491,00 €
2025051379	MARTA GONZALEZ DOMINGUEZ	35608032F	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025051380	MELISA ORGE LAÍNS	77974714E	IES LUIS SEOANE	CM Actividades Comerciales	ITALIA	07/09/2025	13/01/2026	133	309,00 €	6.615,00 €	6.924,00 €



2025051381	MIROSLAVA SILVA BRAMBILA	Z0854221Y	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025051382	NEREA FERNANDEZ PEREZ	39495090L	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025051383	OLGA ESTEVEZ VALVERDE	53182894V	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	28,00 €	5.971,00 €	5.999,00 €
2025051384	PAOLA CATALINA BOHORQUEZ NOVOA	Z0666266F	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025051385	PAULA BOSCH RODRÍGUEZ	39465198G	FORMACION DIVINO MAESTRO	CFGM Xestión Administrativa	PORTUGAL	07/09/2025	13/12/2025	98	28,00 €	4.466,00 €	4.494,00 €
2025051387	RAMÓN BLACH EDREIRA	54383420N	FORMACION DIVINO MAESTRO	Grado Medio De Cuidados Auxiliares De Enfermería	MALTA	07/09/2025	13/12/2025	98	395,00 €	4.466,00 €	4.861,00 €
2025051389	RAQUEL LEIROS FERNANDEZ	39492086M	DISEÑO ATLANTICO	Procedementos De Xoiaría Artística	FRANCIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025050931	UNAI LESTAYO BUGALLO	34291857F	IGAFA	Técnico En Cultivos Acuícolas	IRLANDA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025050927	UXÍA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	35608562P	IES INDALECIO PEREZ TIZON	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025050921	VERÓNICA PAZ VEIGA	35674240K	EFA CANCELA	CFGM Xestión Administrativa	REPUBLICA CHECA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	5.971,00 €	6.280,00 €
2025050917	YAGO RODRIGUEZ MUÑIZ	77483598W	IES LUIS SEOANE	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €



2025051678	ÁNGEL SOLLÁ EDREIRA	53861465L	IES LUIS SEOANE	CM Comercialización de productos alimentarios	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025051680	ANTONIO GUTIÉRREZ SANTOS	53614074Q	IES LUIS SEOANE	CM Comercialización de productos alimentarios	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025051682	CARLOS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	54320064K	IES LUIS SEOANE	CM Comercialización de productos alimentarios	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025052162	ENRIQUE PINILLA	53821885E	CFEA LOURIZAN	CM Aproveitamento e conservación do medio natural	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	5.971,00 €	6.280,00 €
2025052164	PEDRO COMESAÑA	39488720C	CFEA LOURIZAN	CM Aproveitamento e conservación do medio natural	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	5.971,00 €	6.280,00 €
2025051683	RODRIGO OUTEIRAL PÉREZ	53799646R	IES ANTON LOSADA DIEGUEZ	Carpintería e moble	IRLANDA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €

Total 6ª mobilidade: 238.167,00 €



8.35496.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS (EXPTE.2025050276)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 5 de xullo do 2024 aprobou o programa denominado “+Emprega” (acordo nº 8.34000), e está composto, entre outros, polo proxecto “+Emprega nos concellos”.

A Deputación de Pontevedra, no uso das competencias e atribucións que ten asignadas pola vixente LRBRL, elabora as bases reguladoras, en réxime de concorrncia non competitiva, para o proxecto “+Emprega nos concellos 2025” para financiar contratos formativos.

O 14 de xullo de 2025, a vicepresidenta inicia o expediente para a tramitación das citadas bases reguladoras e convocatoria, e o 16 de xullo de 2025 o xefe do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local emite informe sobre a necesidade da súa aprobación no marco do citado programa así como as disposicións legais e regulamentarias nas que se fundamenta.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 (OXS).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025.
- Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente informe do xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local (CSV: 6WS6QD271XOE7HT6) no que se indica, por un lado, a necesidade de aprobar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, para o proxecto “+Emprega nos concellos 2025” para financiar contratos formativos e, por outro lado, se indican as disposicións legais e regulamentarias nas que se fundamenta. Tamén consta no expediente informe favorable de Intervención (CSV: 6YKD98LLG8WPTX7P) no que se sinala que a contía prevista para este proxecto acada os 2.184.000,00 € na aplicación 26/240.2410.489.00 e que dado que se trata dunha tramitación anticipada queda condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2026 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, do proxecto “+Emprega nos Concellos 2025” para financiar contratos formativos, no marco do programa “+Emprega”, cuxo teor literal é o seguinte:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, tendo en conta que o das persoas mozas é un dos colectivos de atención prioritaria, segundo o establecido na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego, e debido á taxa de desemprego deste colectivo, vén apostando pola realización de accións e pola execución de programas de fomento do emprego xuvenil para evitar a fuga de talento fóra da nosa provincia e de Galicia.



Ademais, a Deputación de Pontevedra reconece a importancia do desenvolvemento económico e o impulso ao emprego, que radica tanto no impacto directo na calidade de vida das persoas coma na construción dunha sociedade máis equitativa e próspera.

Así, o programa “+Emprega” ten como principal obxectivo promover a inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia a través da creación de emprego de calidade e do fomento da empregabilidade da cidadanía, e dálles continuidade aos programas de fomento da empregabilidade desenvolvidos pola Deputación de Pontevedra durante os dous anos anteriores. Os seus eixes de actuación son os seguintes:

- *Eixe 1: Impulso ao emprego.*
- *Eixe 2: Fomento do emprego inclusivo.*

Dentro do eixe 1 fórmulase, entre outros, o proxecto “+Emprega nos concellos”, que ten por obxecto dotar as mozas e mozos desempregados e, en xeral, as persoas desempregadas da provincia dunha primeira experiencia profesional mediante un contrato de traballo para que adquiran competencias e habilidades sociais e profesionais, empatía, creatividade, dotes de liderado e capacidade de adaptación, entre outras, relacionadas coa actitude da persoa traballadora. Polo tanto, a través deste proxecto, a Deputación pretende romper a barreira que teñen as persoas mozas para acceder a un emprego cualificado por falta de experiencia e aposta polo seu desenvolvemento profesional. O mencionado proxecto “+Emprega nos concellos” desenvólvese en dúas fases:

- a) Primeira: selección das entidades colaboradoras e determinación do nivel de estudos para obter a práctica profesional adecuada ao devandito nivel baixo a modalidade de contrato formativo.*
- b) Segunda: selección das persoas beneficiarias dos contratos formativos por parte das entidades colaboradoras, tal e como se dispón nas bases reguladoras e na convocatoria.*

Este proxecto desenvolverase en consonancia co establecido no Real decreto lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, no que se regulan, entre outras, as condicións do contrato formativo para obter a práctica profesional axeitada ao nivel de estudos.

En consonancia cos principios informadores da Unión Europea e co principio de autonomía provincial, recollido nos artigos 137 e 141 da Constitución, correspóndelles ás deputacións a decisión de definir as prioridades na execución das distintas liñas de actuación en relación co fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial, adecuándoas ás especificidades e necesidades da poboación, dentro dos límites establecidos para o debido control e vixilancia do uso dos recursos públicos.

Por todo isto, a Deputación de Pontevedra, no uso das competencias e atribucións que se lle asignan na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establece as bases que regulan as condicións para a selección das entidades colaboradoras, a determinación do nivel de estudos para o desempeño dunha actividade laboral destinada a adquirir unha práctica profesional adecuada aos correspondentes niveis de estudos (de aquí en diante, contrato formativo), a publicación e a resolución do procedemento, así como as condicións de execución que teñen que cumprir as entidades colaboradoras, a propia Deputación e as persoas contratadas.



Primeira. Obxecto e financiamento

1. *Constitúe o obxecto destas bases regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública para seleccionar os concellos como entidades colaboradoras e determinar o nivel de estudos dos 130 postos de traballo que se van ocupar baixo a modalidade de contrato formativo, así como o desenvolvemento destas bases, que establecerán as relacións entre a Deputación de Pontevedra e as entidades colaboradoras.*

As contratacións laborais baixo a modalidade de contrato formativo que se deriven realizaranse entre as entidades colaboradoras e as persoas tituladas universitarias e de formación profesional de ciclos medios e superiores co fin de que poidan adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitarlles a súa inserción no mercado laboral.

A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo, que deberá ser por un período máximo dun (1) ano a tempo completo.

A distribución das contratacións laborais baixo a modalidade de contrato formativo realízase entre os concellos de menos de 50.000 habitantes, como entidades colaboradoras, de acordo co cadro que se mostra a continuación, no que resultan un total de 130 contratos formativos (datos de poboación publicados polo Instituto Galego de Estatística, IGE, o 1 de xaneiro de 2024):

Núm. de habitantes	Núm. de contratos	Núm. de concellos	Total
Ata 3.000	1	11	11
De 3.001 a 10.000	2	25	50
De 10.001 a 50.000	3	23	69
TOTAL			130

2. *O importe total destinado a este proxecto é de dous millóns cento oitenta e catro mil euros (2.184.000,00 €), que se financiarán con cargo á aplicación 240.2410.489.00 do Orzamento da Deputación de Pontevedra, do exercicio de 2026. Esta convocatoria tramítase como expediente anticipado de gasto, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da institución provincial para o mencionado exercicio.*

Segunda. Contía da subvención e período subvencionable

1. *As contías máximas das subvencións que se concederán por cada contrato formativo segundo o nivel estudos serán as seguintes:*

Nivel de estudos	Importe máximo mensual	Importe máximo anual da subvención
Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €/mes	16.800,00 €
Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €/mes	14.400,00 €
Ciclo medio de formación profesional	1.000,00 €/mes	12.000,00 €



2. A retribución polo tempo de traballo efectivo será a fixada no convenio colectivo aplicable a estes contratos ou, no seu defecto, a do grupo profesional e nivel retributivo correspondente ás funcións desempeñadas (anexo I destas bases).

O salario non poderá ser inferior ao 70 % para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, inferior ao salario mínimo interprofesional (SMI) vixente.

As entidades colaboradoras deberán complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios antes indicados asumindo o custo total da Seguridade Social e os demais conceptos salariais que poidan derivar da relación contractual con cada persoa traballadora baixo a modalidade de contrato formativo.

3. O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun (1) ano e os contratos deberán comezar o 15 de xaneiro de 2026 ou na data establecida no acordo de concesión.

4. As subvencións previstas nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar os custos totais da contratación. Para tal efecto, as entidades colaboradoras deberán comunicarlle á Deputación de Pontevedra se se obtiveron outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade tanto no momento da presentación da solicitude coma durante a tramitación do procedemento.

Terceira. Entidades colaboradoras

Poderán ser entidades colaboradoras das axudas ou subvencións previstas neste proxecto os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes que dispoñan da capacidade técnica e de xestión suficiente para executar os correspondentes proxectos e non incorran nas circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

As entidades colaboradoras utilizarán a modalidade de contrato formativo e deberán cumprir todos os requisitos establecidos na normativa aplicable a esta tipoloxía de contrato.

Así mesmo, estas terán como compensación, por colaborar coa Deputación na consecución dos obxectivos deste proxecto, o aproveitamento do rendemento do traballo das persoas que se contraten.

Cuarta. Requisitos das persoas beneficiarias e dos contratos formativos

1. Os contratos formativos poderán concertarse con aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión dunha titulación universitaria ou dun título de grao medio ou superior de formación profesional ou de títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
- b) Estar inscritas como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.
- c) Estar empadroadas nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra antes da data de publicación da propia convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).
- d) No momento da contratación non deberon transcorrer máis de tres (3) anos desde a terminación dos correspondentes estudos ou máis de cinco (5) anos en caso de que o contrato se realice cunha persoa con discapacidade.



- e) *Non posuír experiencia profesional nin formación na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres (3) meses; non se computarán, para estes efectos, os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para obter a titulación que habilita esta contratación.*
- f) *Non estar contratadas en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplen contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.*
- g) *Non ter con anterioridade un contrato na mesma ou en distinta entidade en virtude da mesma titulación nin tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto, aínda que fose mediante unha titulación distinta.*

2. Así mesmo, as entidades deberán cumprir os requisitos esixidos no punto primeiro do artigo 1 do mencionado Real decreto lei 32/2021, polo que se modifica o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, no que se modifica o artigo 11.

Quinta. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación incondicional destas bases reguladoras.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación ou alteración de datos ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do extracto no BOPPO. Se o último día fose inhábil, este prazo prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

Sétima. Contido da solicitude de iniciación do procedemento

As entidades solicitantes deberán completar no modelo de solicitude o nivel de estudos requirido.

No devandito modelo de solicitude consta a declaración responsable, na que se detallará o seguinte:

- a) *O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora e, especificamente, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), así como ao corrente do pagamento coa Seguridade Social e non ter débedas coa Deputación de Pontevedra.*
- b) *O conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.*



- c) *A veracidade da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante na que se deba efectuar o pagamento da subvención.*
- d) *Que os contratos formativos se destinan a servizos de competencia municipal e que cumpren os requisitos esixidos nestas bases en canto á súa capacidade técnica e de xestión.*
- e) *Que se comprometen a cumprir os requisitos esixidos nas bases e na demais normativa de aplicación durante a selección das persoas e o período de vixencia do contrato. Ademais, deberán informar a Deputación de Pontevedra de calquera variación das circunstancias.*
- f) *Que coas devanditas contratacións non se están a cubrir postos de traballo de natureza estrutural, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadro de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos, contemplados nas entidades locais e dotados orzamentariamente.*
- g) *Que o posto de traballo e titulación para contratar non fose subvencionado noutras convocatorias do ano 2024 da Deputación de Pontevedra ou doutras entidades de igual ou semellantes características a esta convocatoria.*

Oitava. Documentación

Xunto co formulario de solicitude, as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- *Certificación da Secretaría da entidade solicitante, segundo o modelo que se publica como anexo III, na que conste:*
 - *A representación que desempeña a persoa que asina a solicitude.*
 - *A disposición de financiamento para custear a parte non subvencionada pola Deputación.*
 - *As retribucións salariais brutas das persoas traballadoras que se contraten a través desta convocatoria, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia á publicación oficial do convenio colectivo que resulte de aplicación e que inclúa as táboas salariais vixentes no momento da solicitude. De non existir no convenio ou na táboa salarial o mesmo posto ou un equivalente, farase constar no certificado esta circunstancia e deberase especificar expresamente que se aplicarán as táboas salariais do anexo I destas bases.*

En caso de ter que achegar documentación complementaria, esta presentarse por medios electrónicos. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos entregados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir o documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaránse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaránse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) ou a través de <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderánse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A notificación do acordo de concesión de subvencións realizarase mediante publicación no BOPPO, de acordo co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Décimo primeira. Resolución

O procedemento de selección das entidades colaboradoras tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co previsto nos artigos 12 a 15 da LXS, no artigo 19.2 da LSG e no establecido nestas bases.

O órgano instructor deste procedemento de selección será a Xefatura do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da LSG.



A Xefatura do Servizo de Promoción de Emprego, unha vez comprobados os expedientes e determinada a relación de concellos que acadarán a condición de entidades colaboradoras, na que se especificarán o número de contratos, o nivel de estudos solicitado, a duración e a data límite de inicio e a contía da subvención, elevará a proposta de acordo e someteraa ao órgano competente, logo do informe de fiscalización emitido pola Intervención. Nesta proposta farase tamén mención ás entidades que non cumpran as condicións e á motivación da súa exclusión.

A resolución do procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno provincial e notificaráselles ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

O prazo máximo para resolver e notificarlles ás persoas interesadas a resolución do procedemento é de seis (6) meses, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido este prazo sen notificárselles a resolución, a solicitude de concesión da subvención entenderase como desestimada por silencio administrativo.

O acordo de concesión de subvencións publicarase no BOPPO e producirá os efectos da notificación, de acordo co disposto no artigo 45 da LPACAP.

Esta resolución ponlle fin á vía administrativa. Contra ela, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun (1) mes, a partir do día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 112 e 124 da LPACAP, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se as persoas beneficiarias non se opoñen nin as rexeitan expresamente no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde a súa notificación.

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a selección dos concellos como entidades colaboradoras e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do acordo de concesión.

Décimo segunda. Publicidade das subvencións concedidas

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no BOPPO e na súa páxina web.



Así mesmo, as entidades colaboradoras deberán realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, en que no lugar onde se realice o servizo deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo no que constará o cofinanciamento por parte da Deputación de Pontevedra. Igualmente, na documentación administrativa deberase facer mención ao financiamento da institución provincial.

Décimo terceira. Requisitos e criterios de selección das persoas beneficiarias dos contratos formativos

1. A selección final das persoas traballadoras realizárase a entidade local de acordo coas normas de selección de persoal que lle sexan de aplicación, que será a responsable última de verificar que as e os candidatos cumpren todos os requisitos establecidos no momento de darlles de alta na Seguridade Social.

Na selección das persoas beneficiarias dos contratos formativos aplicaranse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos no Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, de publicidade das convocatorias e das súas bases, de transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos da selección, da independencia e discrecionalidade técnica na actuación, da adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver, da axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección e dos demais establecidos na normativa vixente aplicable.

Así mesmo, para levar a cabo a selección, o concello nomeará o tribunal cualificador, cuxa composición deberá adecuarse aos principios que regulan a constitución e o funcionamento dos órganos de selección.

2. En caso de que a selección das persoas traballadoras non se realice mediante convocatoria pública, o perfil dos postos de traballo e os criterios de selección recollidos no anexo II deberán publicarse na Sede electrónica ou na páxina web do concello antes da presentación da oferta na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade colaboradora. Deberase presentar unha por nivel de estudos e grupo profesional dentro de cada ocupación, segundo os seguintes principios xerais:

- a) Non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos nestas bases.*
- b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como mérito a experiencia laboral.*
- c) Exprésarase que as persoas deben estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes ou en mellora de emprego, así como os requisitos esixidos para formalizar un contrato formativo.*

O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.

3. Co obxecto de garantir o dereito de igualdade de oportunidades e de trato no acceso ao mercado laboral das persoas que, por circunstancias físicas ou psíquicas, teñan dificultades de empregabilidade, recoméndase que as entidades colaboradoras lles faciliten de forma activa o acceso a estes contratos formativos a aquelas con discapacidade, reservando os perfís que consideren oportunos para contratos destas persoas e valorando de forma positiva esta circunstancia na convocatoria pública.



4. A selección deberá efectuarse antes da data de inicio dos contratos establecida no apartado 3 da base segunda desta convocatoria.

Décimo cuarta. Persoas beneficiarias

1. As persoas seleccionadas de conformidade co procedemento establecido na base anterior serán beneficiarias dun contrato formativo para obter a práctica profesional azeitada ao nivel de estudos a tempo completo pola entidade colaboradora, de acordo coa normativa vixente e nos termos expresados no acordo de concesión.

2. A concesión e o gozo destas axudas non supoñerá, en ningún caso, unha relación contractual ou laboral coa Deputación Provincial de Pontevedra.

3. As entidades colaboradoras deberán facilitarlles ás persoas contratadas os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

As e os responsables da entidade colaboradora impartiranlles todas as ordes, os criterios de realización do traballo e as directrices ás persoas traballadoras, ademais de encargarse da calidade técnica das tarefas que estas desenvolvan.

4. Se unha vez iniciado o contrato a persoa seleccionada renunciase, a entidade colaboradora poderá cubrir o posto coa candidata que figure como suplente no correspondente proceso selectivo. De non existir persoas candidatas suplentes, a selección efectuarase seguindo o procedemento previsto na base décimo terceira. En tal situación, tendo en conta que o contrato debe ter unha duración mínima de seis (6) meses e máxima dun (1) ano, dentro desta liña de subvencións, a entidade colaboradora asumirá o custo laboral total que exceda do importe da subvención que corresponda por este contrato formativo dun ano. A devandita substitución deberá producirse no prazo máximo dun (1) mes desde a renuncia, e a entidade deberá comunicalo e entregar a documentación indicada na base décimo sexta no prazo máximo de mes e medio desde a renuncia.

5. A persoa suplente ou substituta referida no apartado anterior sempre deberá ter o mesmo nivel de estudos e grupo profesional e cubrir o mesmo posto de traballo que a inicialmente seleccionada, de xeito que o plan formativo individual achegado se cumpra na súa totalidade.

6. A relación laboral que xurda entre a entidade colaboradora e a persoa traballadora non vinculará a Deputación Provincial de Pontevedra.

Décimo quinta. Obrigas das entidades colaboradoras

1. As entidades colaboradoras deberán cumprir, ademais das obrigas establecidas na LXS, as seguintes:

- a) Comezar os contratos o 15 de xaneiro de 2026 ou na data establecida no acordo de concesión.*
- b) Presentar a documentación sinalada no apartado 1 da base décimo sexta nun prazo máximo de quince (15) días hábiles desde a data de inicio do contrato.*



- c) *Asignarlle á persoa contratada un posto de traballo adecuado ao nivel de estudos ou de formación obxecto do contrato.*
- d) *Aboarlle ás persoas contratadas a retribución correspondente segundo o establecido no apartado 2 da base segunda.*
- e) *Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Intervención da Deputación de Pontevedra.*
- f) *En caso de que xurdan modificacións substantivas que lle afecten á realización da actividade, este feito comunicáraselle ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no prazo de dez (10) días.*
- g) *Poñer á disposición das persoas contratadas todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipos informáticos pertinentes, así como o acceso a internet e un correo electrónico.*
- h) *Asignar unha persoa titora que conte coa formación ou experiencia axeitada para o seguimento do plan formativo e o correcto cumprimento do contrato e dos demais requisitos esixidos na normativa aplicable para formalizar os contratos formativos.*
- i) *Cumprir as demais obrigas establecidas nestas bases e na normativa de aplicación.*

2. Polo que respecta á protección de datos de carácter persoal, as entidades colaboradoras están obrigadas a:

- a) *Cumprir a normativa aplicable de protección de datos persoais.*
- b) *Tratar os datos coa finalidade exclusiva da xestión da subvención. En ningún caso estes datos poderán ser obxecto dun tratamento distinto ao previsto na convocatoria. Calquera tratamento deles que non se axuste ao disposto nestas bases será responsabilidade exclusiva da entidade colaboradora, que responderá fronte a terceiras persoas das infraccións nas que incorrese e fronte á Deputación polos danos e perdas que lles puidese causar.*

Décimo sexta. Xustificación

A xustificación da subvención efectuarase en dúas fases, o que lles permitirá ás entidades colaboradoras solicitar tamén o pagamento anticipado ou un único pagamento da subvención ao finalizar o contrato ou os contratos obxecto da subvención.

1. *Xustificación de inicio e solicitude de pago anticipado correspondente ao 50 % do importe máximo subvencionado (6 meses).*

A entidade colaboradora deberá presentar nun prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde a data de inicio do contrato, a documentación xustificativa obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, dirixida ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local:

- a) *Certificación da Secretaría do concello no modelo normalizado da Deputación de Pontevedra, no que se indicará:*
 - *O cumprimento dos requisitos esixidos nas bases do proxecto no referente á selección do persoal e que as persoas contratadas cumpren os requisitos establecidos na base cuarta e na demais normativa de aplicación para concertar o contrato formativo.*
 - *O plan formativo individual, no que se especifiquen o contido da práctica profesional, as tarefas que se van realizar, a identificación das persoas contratadas con cargo ao referido programa, o nivel de estudos e a titulación, que deberán ser acordes á actividade que se vaia desenvolver, as datas de inicio dos contratos, o posto de traballo que ocuparán e a duración do contrato.*



- *A identificación do persoal técnico da entidade que actuará como titor e que se encargará da formación práctica, da supervisión e do apoio técnico á persoa contratada, e que o devandito persoal conta coa formación ou coa experiencia axeitada para o seguimento do plan formativo e o correcto cumprimento do obxecto do contrato.*

Toda esta documentación quedará á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame e, se o considerase oportuno, os xustificantes correspondentes.

- b) *Informe asinado por persoal funcionario de carreira competente na materia da entidade local ou con habilitación de carácter nacional, no que fará constar os seguintes asuntos:*
- *Que coas devanditas contratacións non se están a cubrir postos de traballo de natureza estrutural, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadro de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos, contemplados na entidade local e dotados orzamentariamente.*
 - *Que os contratos formativos se destinan a servizos de competencia municipal e que cumpren os requisitos esixidos nestas bases en canto á súa capacidade técnica e de xestión.*
 - *Que o posto de traballo e titulación que se vai contratar non fose subvencionado noutras convocatorias do ano 2024 da Deputación de Pontevedra ou doutras entidades de igual ou semellantes características ca as desta convocatoria.*
- c) *Solicitud, mediante formulario normalizado, do pago anticipado e número de conta bancaria, en caso de que a entidade colaboradora estea interesada en recibir o pago anticipado correspondente ao 50 % do importe máximo subvencionado (6 meses).*

2. Xustificación final

Unha vez finalizados os contratos formativos, as entidades colaboradoras deberán presentar para a xustificación final, no prazo máximo de dous (2) meses, por medios electrónicos e a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitud”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, dirixido ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra, a seguinte documentación:

- a) *O modelo normalizado de memoria final sobre as actividades realizadas e o contido da práctica profesional adquirida polas persoas contratadas.*
- b) *Certificación da Secretaría do concello na que se acredite que os gastos se realizaron e aplicaron á finalidade subvencionada; esta documentación quedará á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame e, se o considera oportuno, os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar, desagregadas por meses para cada contrato, as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo do recibo de liquidación de cotizacións, RLC) en concepto de incapacidade temporal das traballadoras e traballadores contratados baixo a modalidade de contratos formativos con cargo a esta subvención, cuxa contía se deberá excluír do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.*



- c) *Unha declaración responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes, e de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT e coa ATRIGA, así como ao corrente do pagamento coa Seguridade Social e de non ter débedas coa Deputación de Pontevedra*
- d) *Unha fotografía do cartel informativo e a súa localización.*

Décimo sétima. Pagamento

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade colaboradora.

En caso de que as entidades colaboradoras soliciten o pago anticipado, este poderá realizarse en dous aboamentos: un primeiro pago do 50 % do importe máximo da subvención coa xustificación de inicio e un segundo pago do 50 % restante coa xustificación final. Para aquelas entidades colaboradoras que non soliciten o pago anticipado, realizarase un único aboamento correspondente ao importe máximo da subvención (100 %) tras a xustificación final.

O importe reducirase proporcionalmente cando o posto de traballo se cubra por un período inferior a un ano ou existan outras circunstancias que minoren os custos totais presentados pola entidade colaboradora.

Décimo oitava. Incumprimentos, reintegros e réxime sancionador

Vencido o prazo de xustificación sen que a entidade colaboradora da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local requiriralle que o faga nun prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá o inicio do correspondente expediente de reintegro ou a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades colaboradoras dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como as condicións que no seu caso se establezan no correspondente acordo de concesión, dará lugar, total ou parcialmente, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación desta e á obriga de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra. O reintegro levará engadida a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro. De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que na Lei de orzamentos xerais do Estado se estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, será de aplicación o previsto no artigo 52 e seguintes da LXS e no artigo 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalos, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.



Ademais, os datos persoais obtidos poderán ser obxecto de inclusión nunha base de datos coa finalidade de recibir información do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra relativa á proposición de perfís profesionais que puidesen ser de interese polo ámbito de actuación das entidades solicitantes.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXO I Táboas salariais

Táboa salarial ao 100 %.

GRUPO PROFESIONAL	NIVEL RETRIBUTIVO	SOLDO	P. EXTRA	C. CONVENIO	C. ESP. ADIC.	Retrib./mes
A1	25	1.326,90 €	260,00 €	1.552,27 €	135,19 €	3.274,36 €
A2	23	1.147,35 €	248,42 €	1.322,91 €	111,52 €	2.830,20 €
C1	20	861,46 €	211,77 €	1.134,98 €	101,48 €	2.309,69 €
C2	18	716,98 €	197,14 €	1.072,10 €	99,95 €	2.086,17 €

Táboa salarial aplicable ao 70 % en defecto de convenio.

GRUPO PROFESIONAL	NIVEL RETRIBUTIVO	SOLDO	P. EXTRA	C. CONVENIO	C. ESP. ADIC.	Retrib./mes
A1	25	928,83 €	182,00 €	1.086,59 €	94,63 €	2.292,05 €
A2	23	803,15 €	173,89 €	926,04 €	78,06 €	1.981,14 €
C1	20	603,02 €	148,24 €	794,49 €	71,04 €	1.616,78 €
C2	18	501,89 €	138,00 €	750,47 €	69,97 €	1.460,32 €



ANEXO II

Criterios de selección

O proceso de selección consistirá en valorar os méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

- a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias no Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional no Real decreto 1147/2011, de 29 de xullo. En caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especificase, valorarase con 0,00 puntos.*
- b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos.*
- c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.*
- d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para formalizar o contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para obter outras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).*
- e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos. Estes computaranse do seguinte xeito:*
 - De máis de 150 horas de duración: 0,30 puntos por curso.*
 - De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.*
 - De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.*
 - De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.*
 - De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.*
 - Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio, ou Celga 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos.*

Non se terán en conta os certificados ou os diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirllas ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) e teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificacións para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.



A ligazón á web do Ministerio de Cultura, onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster, é o seguinte:
<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e na hora que sinale o concello.

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes, a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos nos que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Se o citado precepto non resultase aplicable ou persistise o empate tras a súa aplicación, este resolverase en función da nota media global do expediente académico e, de continuar este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

As puntuacións outorgadas publicaranse na Sede electrónica ou na web do concello xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na Sede electrónica ou na páxina web.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva de persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo, para cada posto de traballo ofertado.



ANEXO III: CERTIFICADO DA SECRETARÍA "+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025"

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE												
Concello:											NIF:	
D.ª/D.												
Nome e apelidos:				NIF:				En calidade de:				
CERTIFICA QUE												
- Segundo consta nos documentos e antecedentes en poder desta Intervención/Secretaría ao meu cargo, en relación coa subvención solicitada, existe financiamento suficiente nas aplicacións orzamentarias para custear a parte non subvencionada pola Deputación de Pontevedra. - Na seguinte táboa se detallan as retribucións salariais brutas das persoas traballadoras que se contraten a través desta convocatoria, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotizacións empresariais á Seguridade Social, en relación co seguinte (marcar o que proceda): ☐ O convenio que resulte de aplicación, publicado no.....(BOE/DOG/BOP) núm. de data ☐ As táboas salariais do anexo I das bases reguladoras e da convocatoria para o proxecto "+Emprega nos concellos 2025"												
Nivel de estudos da persoa que se vai contratar	Grupo de cotización (1)	Retribucións (100 %)				Porcentaxe aplicada ao contrato formativo (2)	Retribución total do contrato formativo mensual	Complemento mensual ao posto para alcanzar o SMI (3)	Retribución total do contrato formativo mensual + complemento mensual ao posto para alcanzar o SMI (4)	CNAE / ocupación	Cotización empresarial á Seg. Social mensual	Retribución total do contrato formativo mensual + cotización empresarial á Seg. Social mensual
		Salario mensual	Parte proporcional da paga extra	Complementos salariais	Total mensual							

(1) Grupos de cotización: 1 ou 2 para tituladas/os universitarias/os, 3 para tituladas/os en ciclos superiores de formación profesional e 5 ou 7 para tituladas/os en ciclos medios de formación profesional.

(2) Para os contratos formativos, o salario non poderá ser inferior ao 70 % para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, inferior ao SMI vixente.

(3) Se ao aplicar a porcentaxe do contrato formativo o resultado fose inferior ao SMI (1.381,33 €/mes; 1.184€/mes en 14 pagas), engadiríase o complemento para chegar a ese mínimo. Calculado co SMI actualizado de 2025.

(4) Se non se alcanzase o SMI, engadiríase o complemento correspondente á retribución total do contrato formativo.

De non existir convenio, terase en conta a táboa salarial do anexo I que se achega coas bases.



ANEXO III: CERTIFICADO DA SECRETARÍA
"+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025"

PROTECCIÓN DE DATOS						
Responsable do tratamento	Deputación de Pontevedra					
Finalidades do tratamento	Xestionar este procedemento e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven. Así mesmo, a Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas competencias, poderá verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude					
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a norma de rango legal recollida no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha do procedemento en https://sede.depo.gal					
Destino dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia					
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos					
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.depo.gal/proteccion-de-datos					
SINATURA						
A persoa que certifica:						
Lugar e data:						
	,		de		de	"



9.35497.- APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA PARA ADECUAR A FINANCIACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO (EXPTE.2023013485)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- En data 17/03/2023 a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 2.32439 polo que se aprobaba o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO”.
- En data 24/03/2023 asinouse o citado convenio que ten por obxecto a cooperación entre ambas Administracións para levar a cabo as obras de execución do novo campo de fútbol na parroquia de Salcedo á vista da carencia de campos de fútbol coas características das instalacións deportivas máis modernas. Así, a finalidade de claro interese público, consiste na mellora das infraestruturas deportivas municipais co fin de fomentar a práctica de actividades físicas e deportivas.
- Na data 27/12/2024 asinouse unha Addenda ao devandito convenio para prorrogar a vixencia do mesmo, co obxecto de ampliar o prazo de execución, finalización e xustificación do investimento ata o día 31 de outubro de 2025.
- En data 13/06/2025 mediante rexistro núm. WEB2025045460, o Concello de Pontevedra solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento onde a representación do Concello expón a súa pretensión de que a Deputación de Pontevedra financie os excesos de medición producidos na obra, con cargo á anualidade 2025 da partida contemplada para convenios, e que se acreditan mediante informe de “xustificación de partidas con modificación de medición da obra do campo de fútbol de Salcedo” de data 12 de maio de 2025, do enxeñeiro xefe da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizo, e tamén director das obras.
- De acordo co anterior, a cláusula novena prevé a constitución dunha Comisión de Seguimento que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución do presente convenio e das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación. A dita Comisión estará integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.
- En data 20/06/2025, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, tal como se fai constar na acta asinada en data 25/06/2025 (CSV:OCHDTMWTC1BQRQ7J), tramitar unha addenda co obxecto de reformular as obrigas económicas vinculadas ao convenio e cubrir economicamente os excesos de medición producidos na obra e que implicaron un sobrecooste na execución levada a cabo da actuación.
- O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de dous millóns cento cincuenta e catro mil cincocentos trinta e nove euros con cincuenta e catro céntimos (2.154.539,54€), desagregado en orzamento de adxudicación (1.959.886,16 €), IVE engadido, e excesos de medición producidos na execución da obra (194.653,38 €).



- Así, polo exposto, a Deputación de Pontevedra financiará contra as aplicacións orzamentarias 2025/942.9420.762.14.2023 e 2025/942.9420.762.14, respecto da cal consta crédito dispoñible suficiente para realizar unha retención de crédito.

En concreto, as achegas da Deputación proveñen de diferentes anualidades e polas seguintes cantidades:

2023	2025	TOTAL
1.978.084,54 €	176.455,00€	2.154.539,54€

- Polo exposto, dado que a cláusula segunda rubricada *Financiamento* establece que:
“O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de un millón novecentos setenta e oito mil oitenta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (1.978.084,54€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiado integramente pola Deputación de Pontevedra na anualidade de 2023, contra a aplicación 2023/942.9420.762.14.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foi realizado polo Concello de Pontevedra, e autorizado, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente. O financiamento necesario para a realización da obra comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2023
Deputación de Pontevedra (100%)	1.978.084,54€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.”

Polo exposto, en aras de levar a cabo a adecuación financeira en virtude do acordado na sesión da Comisión de Seguimento celebrada en data 20/06/2025, modifícase a devandita cláusula que queda redactada como segue:

“O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de DOUS MILLÓNS CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (2.154.539,54€), desagregado en orzamento de adxudicación (1.959.886,16€), IVE engadido, e excesos de medición producidos na execución da obra (194.653,38 €).



O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción do proxecto, que foi realizado polo Concello de Pontevedra, e autorizado, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente. O financiamento necesario para a realización e finalización da obra comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

A Deputación de Pontevedra financiará contra as aplicacións orzamentarias 2025/942.9420.762.14.2023 e 2025/942.9420.762.14 as seguintes cantidades das correspondentes anualidades do orzamento provincial:

2023	2025	TOTAL
1.978.084,54 €	176.455,00€	2.154.539,54€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, no que se inclúen os incrementos producidos no orzamento de execución das obras que derivan de axustes do proxecto e de necesidades xurdidas durante a execución das obras.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento. ”

- O interese xeral e a conveniencia na concertación da addenda reflíctense na solicitude de data 19/06/2025 (CSV:STDJQD3G0LGY7EB4), na que se xustifica a necesidade de adecuación financeira, á vista das variacións nas unidades de obra executadas con respecto ao inicialmente previsto, derivadas de axustes do proxecto e de necesidades xurdidas durante a execución das obras, e que no supoñen ningún desequilibrio orzamentario, polo que dita proposta de addenda non altera os principios de sustentabilidade financeira, en base ao artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que foron determinados na tramitación do presente convenio.
- Recibida a documentación necesaria por parte do Concello de Pontevedra para a tramitación da addenda, o xefe do Servizo de Cooperación en data 01/07/2025 informa a proposta da addenda (CSV: 6R7IS1KAE7ZSUCK0) e, pola súa banda, na data 03/07/2025, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á mesma (CSV: QV1ZILWNF044XASP). Non obstante, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.
- En data 24/07/2025 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a aprobación da “Segunda addenda para adecuar a financiación do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do novo campo de fútbol da parroquia de Salcedo”.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do novo campo de fútbol da parroquia de Salcedo

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.n) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- Artigo 8 da LDG, que establece como competencia dos concellos, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 7 da LDG, que lle atribúe ás Deputacións no seu ámbito territorial competencias de asistencia e colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e no deseño e construción de instalacións deportivas de titularidade municipal.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda:

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- Artigo 242.4.i da LCSP relativo aos excesos de medicións.
- Cláusula 9ª do convenio, que indica que as funcións da comisión de seguimento do convenio serán, entre outras, impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, **INFO**RMO FAVORABLEMENTE a sinatura dunha SEGUNDA ADDENDA PARA ADECUAR A FINANCIACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO, co fin de adecuar as achegas económicas inicialmente comprometidas á execución real do investimento, que supoñen un incremento da achega da Deputación de Pontevedra de 176.455,00€, incremento que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 25/942.9420.762.14, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin e modificar, por ende, a cláusula segunda do convenio mantendo invariable o texto do mesmo en todo o demais, e conforme á addenda asinada en data 27/12/2024 pola que se prorroga o prazo de vixencia do mesmo.



RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a segunda addenda para adecuar a financiación do convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do novo campo de fútbol da parroquia de Salcedo, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“SEGUNDA ADDENDA PARA ADECUAR A FINANCIACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO

Na data da sinatura electrónica

INTERVENEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e reconécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 24 de marzo de 2023 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO.

II.- Que con data 27 de decembro de 2024 asinouse unha Addenda ao devandito convenio para prorrogar a vixencia do mesmo, co obxecto de ampliar o prazo de execución, finalización e xustificación do investimento ata o día 31 de outubro de 2025.

III.- Que a cláusula NOVENA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.



IV.- Que a Comisión de seguimento do convenio, reunida en sesión de data 20/06/2025, acorda tramitar unha addenda co obxecto de reformular as obrigas económicas vinculadas ao convenio e cubrir economicamente os excesos de medición producidos na obra, de acordo co contido na acta da reunión (CSV: OCHDTMWTC1BQRQ7J), e que implicaron un sobrecooste na execución levada a cabo da actuación.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha segunda addenda co obxecto de proceder á adecuación financeira do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do novo campo de fútbol da parroquia de Salcedo” conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Modificar a Cláusula Segunda. Financiamento de acordo co seguinte texto:

“O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de DOUS MILLÓNS CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (2.154.539,54 €), desagregado en orzamento de adxudicación (1.959.886,16 €), IVE engadido, e excesos de medición producidos na execución da obra (194.653,38 €).

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción do proxecto, que foi realizado polo Concello de Pontevedra, e autorizado, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente. O financiamento necesario para a realización e finalización da obra comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

A Deputación de Pontevedra financiará contra as aplicacións orzamentarias 2025/942.9420.762.14.2023, e 2025/942.9420.762.14 as seguintes cantidades das correspondentes anualidades do orzamento provincial:

2023	2025	TOTAL
1.978.084,54 €	176.455,00€	2.154.539,54€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, no que se inclúen os incrementos producidos no orzamento de execución das obras que derivan de axustes do proxecto e de necesidades xurdidas durante a execución das obras.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento. ”

SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 24 de marzo de 2023 mantense invariable, e conforme á addenda de data 27 de decembro de 2024, respecto do prazo de vixencia do mesmo, suxeitándose as partes ao seu clausulado.



E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

- A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da addenda polo órgano competente do Concello de Pontevedra.
- Facultar ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

10.35498.- APROBAR A CONCESIÓN DE PREMIOS POR PARTICIPAR NA COPA DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA FEMENINA E MASCULINA 2025, E EXCLUIR ÓS QUE NON CUMPREN OS REQUISITOS (EXPTE.2025002979)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de decembro de 2024 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2025.

Segundo.- Con data 19/03/2025 a Vicepresidenta Segunda da inicio ao expediente para a tramitación do “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra feminina e masculina 2025”.

Terceiro.- En data 27/03/2025 informase por parte do servizo de Deportes da memoria xustificativa da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.

Cuarto.- Por parte da Intervención fiscalízase de xeito favorable con data 09/04/2025.

Quinto.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 21 de abril de 2025 e núm. 2.35090 aprobou o “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación feminina e masculina de Pontevedra 2025”, publicándose no BOPPO núm. 82 de 02/05/2025.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRI), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
- Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

Por outra banda, no seu artigo 51 ás federacións deportivas galegas coma entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón que entre os seus obxectivos esta o de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva en exclusividade, neste sentido a Lei confírelle ás federación funcións delegadas públicas de carácter administrativo que se recollen no artigo 56, entre estas funcións podemos destacar a de colaborar coas administracións públicas na promoción das súas respectivas modalidades e a de organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.



A mencionada Lei, define no seu artigo 19 as competicións oficiais de ámbito autonómico coma as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito competencial e no seu apartado 2 indica que estas serán organizadas pola correspondente federación deportiva galega de forma directa.

Quinto.- No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Excluir ó Club Escolas deportivas de Salvaterra (exp.2025028657) polo seguinte motivo: non participar na Copa Deputación (non incluído nos certificados federativos achegados pola federación).

Segundo.- Aprobar a concesión e declarar de aboamento a relación de premios co CSV: OV37OV2RQTAT3D1T, por importe de 118.850,00€, a través da aplicación orzamentaria 25/340.3410.489.07

RELACIÓN PREMIOS COPA DEPUTACIÓN

Cód. exp.	Entidade deportiva	NIF/CIF	Premio	Concello
2025040857	SOCIEDADE DEPORTIVA AGOLADA (MASCULINO)	G36258002	250,00 €	Agolada
2025035686	ARBO CLUB DE FUTBOL (MASCULINO)	G36174829	250,00 €	Arbo
2025030994	BARRO CF (MASCULINO)	G36149128	250,00 €	Barro
2025032670	CLUB CULTURAL DEPORTIVA BELUSO (MASCULINO)	G36158517	2.250,00 €	Bueu
2025040454	CLUB DEPORTIVO BUEU (MASCULINO)	G36138477	600,00 €	Bueu
2025028698	CALDAS CLUB DE FUTBOL (MASCULINO)	G36199495	2.250,00 €	Caldas de Reis
2025031821	CLUB JUVENTUD CAMBADOS (MASCULINO E FEMININO)	G36052124	5.000,00 €	Cambados
2025032231	C. CAMPO LAMEIRO, CD (MASCULINO)	G36113496	1.600,00 €	Campo Lameiro
2025031831	CLUB DE FUTBOL CRUCEIRO CANGAS (MASCULINO)	G36048395	600,00 €	Cangas
2025038741	CLUB RAPIDO BAHIA DE ALDAN CANGAS (MASCULINO)	G36047322	250,00 €	Cangas
2025028296	C.F.CAÑIZA (MASCULINO E FEMININO)	G36146140	850,00 €	Cañiza, A
2025029209	CATOIRA S.D. (MASCULINO E FEMININO)	G36312445	500,00 €	Catoira
2025028658	COVELO CLUB DE FUTBOL (MASCULINO)	G94060555	250,00 €	Covelo
2025028285	CULTURAL DEPORTIVA CRECETENSE (MASCULINO)	G16808867	250,00 €	Crecente



2025027293	ATLETICO DE CUNTIS C.F (MASCULINO)	G36313211	250,00 €	Cuntis
2025040855	ASOC DEPORTIVA CULTURAL BERRES (MASCULINO)	G36325801	175,00 €	Estrada, A
2025030996	CLUB DEPORTIVO SPORT TEAM ESTRADA (MASCULINO)	G05440193	175,00 €	Estrada, A
2025029923	VEA CF (MASCULINO)	G36218436	1.050,00 €	Estrada, A
2025027313	ESCOLA DE FUTBOL BASE TERRA DE MONTES (MASCULINO)	G94093382	1.050,00 €	Forcarei
2025030746	CLUB DE FUTBOL DEPORTIVO CHAIN (MASCULINO)	G36794196	600,00 €	Gondomar
2025028298	CLUB DEPORTIVO VINCOS (MASCULINO)	G36733376	250,00 €	Gondomar
2025033379	GONDOMAR CLUB DE FUTBOL (MASCULINO)	G36693794	1.050,00 €	Gondomar
2025029926	GONDOMAR FUTBOL BASE (MASCULINO E FEMININO)	G36905107	1.050,00 €	Gondomar
2025028661	LOSTREGO CLUB DE FUTBOL (FEMININO)	G01666908	1.200,00 €	Gondomar
2025030851	ANDURIÑA SOCIEDADE DEPORTIVA (MASCULINO)	G94181419	600,00 €	Grove, O
2025029614	SOCIEDAD DEPORTIVA AMANECER (MASCULINO)	G36133684	1.050,00 €	Grove, O
2025030385	UNION SOCIEDAD DEPORTIVA DE O GROVE (MASCULINO)	G36061257	600,00 €	Grove, O
2025028307	CLUB SPORTING GUARDES LA GUARDIA (MASCULINO)	G36118412	1.050,00 €	Guarda, A
2025027282	CLUB UNION DEPORTIVA UNION GUARDESA (FEMININA)	G36343010	250,00 €	Guarda, A
2025032682	CLUB CELTIGA (MASCULINO E FEMININO)	G36030260	2.400,00 €	Illa de Arousa, A
2025028663	CLUB DEPORTIVO LALIN (MASCULINO)	G36011518	1.600,00 €	Lalín
2025028700	VILATUXE FUTBOL CLUB (MASCULINO)	G36258853	175,00 €	Lalín
2025027291	A LAMA SD (MASCULINO)	G36542033	600,00 €	Lama, A
2025029613	SOCIEDAD DEPORTIVA SANTOME (MASCULINO)	G36134740	250,00 €	Marín
2025039581	CLUB DEPORTIVO GIL C DE FUTBOL (MASCULINO)	G36172724	250,00 €	Meaño
2025039596	UNION DENA C DE FUTBOL (MASCULINO)	G36156305	600,00 €	Meaño
2025029611	CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO MEIS (MASCULINO E FEMININO)	G36151462	1.050,00 €	Meis
2025031825	ZACANDE FUTBOL CLUB (MASCULINO)	G36362127	600,00 €	Meis
2025033349	DOMAIO FUTBOL CLUB (MASCULINO E FEMININO)	G36039352	6.500,00 €	Moaña
2025031823	MONDARIZ FUTBOL CLUB (MASCULINO E FEMININO)	G36150951	500,00 €	Mondariz
2025028286	MORAÑA CLUB DE FUTBOL (MASCULINO)	G36152312	250,00 €	Moraña



2025030384	CLUB DE FUTBOL UNION DEPORTIVA MOS (MASCULINO)	G36214179	1.050,00 €	Mos
2025036903	CLUB DEPORTIVO ALERTA SANGUINEDA (MASCULINO)	G36994531	250,00 €	Mos
2025027280	CLUB LOURO TAMEIGA (MASCULINO)	G36238996	1.600,00 €	Mos
2025033361	ESCUELA DE FUTBOL MOS (FEMININO)	G19983998	800,00 €	Mos
2025038095	NIEVES FUTBOL CLUB- LAS NIEVES (MASCULINO)	G36150159	600,00 €	Neves, As
2025030995	CLUB RACING VILARIÑO (MASCULINO E FEMININO)	G36782886	500,00 €	Nigrán
2025030388	ESCOLA DEPORTIVA VAL MIÑOR-CAIXANOVA (MASCULINO)	G36998128	1.050,00 €	Nigrán
2025030383	OIENSE C.F. STA MA OIA (MASCULINO)	G36180867	600,00 €	Oia
2025030444	UNION DEPORTIVA NESPEREIRA (MASCULINO)	G94124179	250,00 €	Pazos de Borbén
2025037378	ATLETICO COMBARRO (MASCULINO)	G01841584	250,00 €	Poio
2025028295	CLUB FUTBOL BASE POIO (MASCULINO)	G36444446	600,00 €	Poio
2025029955	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA POIO (MASCULINO)	G36044972	175,00 €	Poio
2025029205	SCD PUENTECALDELAS (MASCULINO E FEMININO)	G36185627	1.850,00 €	Ponte Caldelas
2025038090	ASOCIACION DEPORTIVA VILA DE CORPUS F.C. (MASCULINO)	G36417822	600,00 €	Ponteareas
2025030445	CLUB CULTURAL DE AREAS (MASCULINO)	G36139426	6.000,00 €	Ponteareas
2025030442	SOCIEDAD DEPORTIVA JUVENIL DE PUENTEAREAS (MASCULINO)	G36195550	2.800,00 €	Ponteareas
2025028300	SPORTING CLUB SAN MATEO (FEMININO)	G36371219	250,00 €	Ponteareas
2025031208	XINZO FUTBOL CLUB (MASCULINO)	G36122901	250,00 €	Ponteareas
2025029943	CAMPAÑO SOCIEDAD DEPORTIVA (MASCULINO)	G94193893	250,00 €	Pontevedra
2025029207	CERPONZONS CF (MASCULINO)	G36268498	775,00 €	Pontevedra
2025039585	CLUB MARCON ATLETICO (MASCULINO)	G36147080	600,00 €	Pontevedra
2025033348	CLUB UNION SAMPAYO-PONTEVEDRA (MASCULINO)	G36143642	175,00 €	Pontevedra
2025030389	PIEDRAS SOLLA, VICENTE (MASCULINO)	G36118677	250,00 €	Pontevedra
2025033377	PONTEVEDRA CF SAD (MASCULINO)	A36029577	1.050,00 €	Pontevedra
2025027283	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA SALCEDO (MASCULINO E FEMININO)	G36106094	1.875,00 €	Pontevedra
2025029928	ASOC CULTURAL DEPORTIVA UNION DEPORTI (MASCULINO)	G36323889	1.600,00 €	Porriño, O
2025035583	CLUB DEPORTIVO PONTELLAS (MASCULINO)	G36319911	250,00 €	Porriño, O
2025036905	CLUB DEPORTIVO SAN SALVADOR PORRIÑO (MASCULINO)	G36439172	600,00 €	Porriño, O
2025027310	PORRIÑO INDUSTRIAL FUTBOL CLUB /(MASCULINO E FEMININO)	G36144095	1.850,00 €	Porriño, O



2025030441	CULTURAL DEPORTIVA PORTAS (MASCULINO)	G36187946	250,00 €	Portas
2025031829	SOCIEDAD DEPORTIVA ROMAI-PORTAS (MASCULINO)	G36105369	250,00 €	Portas
2025028748	C. D. CHOCO (MASCULINO)	G36041994	2.000,00 €	Redondela
2025037900	CD CESANTES (MASCULINO)	G36202174	175,00 €	Redondela
2025028282	CHAPELA CLUB DE FÚTBOL (MASCULINO)	G36314979	250,00 €	Redondela
2025027289	CLUB DEPORTIVO ATLETICO VILLAR-REDONDELA (MASCULINO)	G36167260	250,00 €	Redondela
2025029924	CLUB DEPORTIVO RIBADUMIA (MASCULINO)	G36186542	3.050,00 €	Ribadumia
2025031342	UMIA F C (MASCULINO E FEMININO)	G36039634	1.700,00 €	Ribadumia
2025034070	XUVENTUDE SISA CLUB DE FÚTBOL (MASCULINO)	G06937403	250,00 €	Ribadumia
2025030874	ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO CF (MASCULINO)	G42947135	775,00 €	Rodeiro
2025035203	CLUB UNION DEPORTIVA RIBERA-O ROSAL (MASCULINO)	G36166213	600,00 €	Rosal, O
2025036902	CLUB CASELAS FC (MASCULINO)	G36129948	250,00 €	Salceda de Caselas
2025028662	PROGRESISTA F.C. (MASCULINO)	G36223550	600,00 €	Salvaterra de Miño
2025028659	SOCIEDAD DEPORTIVA SALVATIERRA (MASCULINO E FEMININO)	G36135432	500,00 €	Salvaterra de Miño
2025027286	CLUB DE FÚTBOL DORRON-SANGENJO-(MASCULINO)	G36108736	600,00 €	Sanxenxo
2025028288	CLUB DE FÚTBOL S.D. NOALLA (MASCULINO)	G36207231	600,00 €	Sanxenxo
2025039579	CLUB DEPORTIVO PORTONOVO SOCIEDADE DEPORTIVA (MASCULINO)	G36010163	250,00 €	Sanxenxo
2025032678	CLUB LIBERTAD SPORTING CLUB (MASCULINO)	G36413235	250,00 €	Sanxenxo
2025039578	CLUB XUVENTUD DE SANXENXO (MASCULINO)	G36140572	250,00 €	Sanxenxo
2025037379	VIAJES INTERRIAS FÚTBOL FEMENINO (FEMININO)	G94140910	2.250,00 €	Sanxenxo
2025037789	CLUB DE FÚTBOL LAMELA (MASCULINO)	G36337533	425,00 €	Silleda
2025039583	SOCIEDAD DEPORTIVA BANDEIRA CLUB DE FÚTBOL (MASCULINO E FEMININO)	G36148310	500,00 €	Silleda
2025030747	SOCIEDADE DEPORTIVA C.F. SILLEDÁ (MASCULINO)	G36270437	425,00 €	Silleda
2025039597	CLUB DEPORTIVO ARCADE (MASCULINO)	G36143238	1.050,00 €	Soutomaior
2025027311	CLUB DEPORTIVO SOUTOMAIOR (MASCULINO)	G36129492	250,00 €	Soutomaior
2025030993	GOIAN F.C. - TOMIÑO (MASCULINO)	G36219830	600,00 €	Tomiño



2025029954	TEBRA F.C. (MASCULINO)	G94081205	600,00 €	Tomíño
2025040216	TOMINO F.C. (MASCULINO)1050	G36100949	1.050,00 €	Tomíño
2025032233	TOMIÑO F.C. FEMENINO (FEMININO)	G94015278	550,00 €	Tomíño
2025028304	C.D. RIBADELOURO (MASCULINO)	G36286029	250,00 €	Tui
2025027284	CLUB DE FUTBOL GUILLAREY (MASCULINO)	G94131661	1.050,00 €	Tui
2025030748	CLUB DEPORTIVO CALDELAS (MASCULINO)	G36222362	250,00 €	Tui
2025040455	CORDEIRO CLUB DE FUTBOL-VALGA (MASCULINO)	G36108207	250,00 €	Valga
2025028655	ASOCIACION DEPORTIVA LAVADORES CF (MASCULINO)	G36770931	250,00 €	Vigo
2025032232	CELTA ACADEMY (MASCULINO)	G19972868	600,00 €	Vigo
2025028291	CLUB ATLETICO HURACAN DE ZAMANS (MASCULINO)	G55466320	250,00 €	Vigo
2025033362	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE (MASCULINO)	G36647311	250,00 €	Vigo
2025032683	CLUB DE FUTBOL BALAIOS (MASCULINO E FEMININO)	G36737724	850,00 €	Vigo
2025029208	CLUB DE FUTBOL SAN ESTEBAN (MASCULINO)	G36733020	1.050,00 €	Vigo
2025030392	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL (MASCULINO)	G36743433	250,00 €	Vigo
2025032235	CLUB DEPORTIVO COIA (MASCULINO)	G36753911	250,00 €	Vigo
2025028290	CLUB DEPORTIVO LA GUIA DE VIGO (MASCULINO)	G36645612	250,00 €	Vigo
2025029930	CLUB DEPORTIVO NIETO (MASCULINO)	G36687309	250,00 €	Vigo
2025028690	CLUB DEPORTIVO SAMPAYO (MASCULINO)	G36654564	250,00 €	Vigo
2025036906	CLUB DEPORTIVO TEIS (MASCULINO)	G36752640	600,00 €	Vigo
2025027281	CLUB DEPORTIVO VALLADARES DE VIGO (FEMININO)	G36629657	800,00 €	Vigo
2025035251	CLUB PEÑASCO (MASCULINO E FEMININO)	G27804970	850,00 €	Vigo
2025032230	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA (MASCULINO)	G36649283	600,00 €	Vigo
2025035250	CLUB RAPIDO DE BOUZAS (MASCULINO)	G36711513	250,00 €	Vigo
2025028656	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA (MASCULINO E FEMININO)	G36763084	4.550,00 €	Vigo
2025033360	MOLEDO CLUB FUTBOL (MASCULINO)	G36734226	250,00 €	Vigo
2025029204	R.C. CELTA, S.A.D. (FEMININO)	A36609105	2.250,00 €	Vigo
2025027290	RACING DE CASTRELOS FUTBOL CLUB (MASCULINO)	G36710762	1.050,00 €	Vigo
2025028294	SARDOMA CF (FEMININO)	G36615607	1.450,00 €	Vigo
2025030386	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA (MASCULINO)	G36620854	2.000,00 €	Vigo
2025030391	UNION DEPORTIVA SANTA MARIÑA DE VIGO (MASCULINO)	G36628774	1.600,00 €	Vigo



2025035685	UNION VECIÑAL CULTURA E DEPORTIVA DE CANDEAN (MASCULINO)	G36863348	250,00 €	Vigo
2025030387	SOCIEDADE DEPORTIVA CRUCES (MASCULINO E FEMININO)	G36270684	850,00 €	Vila de Cruces
2025030443	AGRUPACION DEPORTIVA U.D.C VILABOA (MASCULINO)	G36102671	250,00 €	Vilaboa
2025028283	FIGUEIRIDO CLUB DE FUTBOL (MASCULINO)	G36039626	600,00 €	Vilaboa
2025039580	ATLETICO FAXILDE C F VILAGARCIA (MASCULINO)	G36187482	250,00 €	Vilagarcía de Arousa
2025037377	CLUB ATLETICO AROUSANA (FEMININO)	G36300655	550,00 €	Vilagarcía de Arousa
2025038744	CLUB DEPORTIVO C D BAMIO (MASCULINO)250	G36238798	250,00 €	Vilagarcía de Arousa
2025031209	CLUB VILAGARCIA SOCIEDAD DEPORTIVA (MASCULINO)	G36173870	250,00 €	Vilagarcía de Arousa
2025031817	S.D. P. ARNELAS (MASCULINO)	G36404424	1.600,00 €	Vilanova de Arousa
2025029612	SOCIEDAD DEPORTIVA CHISPA DE CORON (MASCULINO)	G94146032	775,00 €	Vilanova de Arousa
2025032228	UNION DEPORTIVA SAN MIGUEL DE DEIRO-VILLANUEVA (MASCULINO)	G36107027	1.050,00 €	Vilanova de Arousa
			118.850,00€	

11.35499.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA E.P. 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO (CONCELLO DE PONTEVEDRA)” (EXPTE.2025026484)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido”, no termo municipal de Pontevedra.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido, que transcorre polos Concellos de Pontevedra e Vilaboa.

Resultando.- Que o itinerario consta de 2500 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe dereita da estrada, implantación de zonas de convivencia onde non sexa posible acadar ese largo mínimo, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.

Resultando.- Que con data 21/12/2023 formalizouse entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, convenio de colaboración para a execución da obra “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)”

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Pontevedra mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

ORGANISMO	AHEGA	%
Deputación Pontevedra	1.379.608,62 €	80
Concello Pontevedra	344.902,16 €	20
TOTAL CONVENIO	1.724.510,78 €	100

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC RC nº 12025000005388, por importe de 1.724.510,78 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2023, do vixente orzamento provincial, certificando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra a redacción do proxecto técnico, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2024, acordou aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 0+000 e 2+500 da EP-0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)” cun orzamento de 1.724.510,78€ IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o CSV: DJMV12FW0KZHG2FH.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: BSPYXZ0U6NRKFBBT informe do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra, no que se recolle o seguinte: *“...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...”*

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: WGVUITCSYQUIAU6K, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: *“... Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”



Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)*” cun orzamento base de licitación de 1.724.510,78 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.425.215,52 €
IVE (21%).....	299.295,26 €
Importe Total.....	1.724.510,78 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 88HPBKKMC78CBZC6, e de prescricións técnicas con código (CSV) DJMV12FW0KZHG2FH, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.724.510,78 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2023 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

12.35500.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO “B” E “C” PARA A MAQUINARIA E OS CENTROS DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2025013630)

A Deputación de Pontevedra conta con diversos centros de traballo e edificacións, que dispoñen de sistemas de calefacción que funcionan con Gasóleo C. Tal é o caso do Pazo Provincial, o Edificio Administrativo, e a E.F. Areeiro. Por este motivo, os Servizos aos que están adscritos estas edificacións puxeron de manifesto as cantidades anuais, en litros, necesarias para manter en adecuadas condicións de climatización os edificios provinciais.



Asimesmo, a Deputación de Pontevedra conta con diversa maquinaria necesaria para o normal exercicio das actividades propias da Institución Provincial, que utilizan o gasóleo para uso agrícola (Clase B) para o seu funcionamento. A vista das características deste tipo de maquinaria cada un dos Centros dispón dun depósito onde acumular este tipo de combustible para a súa utilización inmediata cando é preciso.

Tendo en conta o anterior, diferentes centros xestores da Deputación de Pontevedra precisan subministrar, nos depósitos existentes en cada un deles, tanto gasóleo clase B como gasóleo de clase C, ao non poder ser incluídos dentro do Sistema de Contratación Centralizada Estatal, xa que neste procedemento a subministración de combustible realízase nas propias estacións de servizo.

En base ao exposto, con data 08/04/2025 o Deputado Delegado de Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación dita providencia de iniciar o expediente para a contratación da *Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra*, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

O contrato proposto ten un prazo de duración dunha anualidade, coa posibilidade de tres prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 67.049,13 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Con data 23 de xuño de 2025, a Intervención informa que nas aplicacións do vixente orzamento provincial indicadas a continuación existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto da anualidade 2025 (3 meses) e ao gasto correspondente ao incremento do número de unidades, agás na 2025/942.4330.221.03 e na 2025/920.9200.221.03 nas que non existe crédito, non obstante, si existe na súa respectiva vinculación xurídica, a cuxo efecto se emitiron os seguintes documentos:

	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	IMPORTE (IVE engadido)	Nº Documento RC	Importe total incremento número unidades (con IVE)	Nº Documento RC
LOTE 1	Medio Ambiente	25/410.4100.221.03	417,45 €	12025000142263	41,75 €	12025000142271
	E.F. Areeiro	25/413.4123.221.03	417,45 €	12025000142266	41,75 €	12025000142272
	Finca Mouriscade	25/410.4120.221.03	3.652,69 €	12025000142267	365,27 €	12025000142274
	Cooperación	25/942.4330.221.03	121,76 €	12025000142268	12,18 €	12025000142275
	Arquitectura	25/920.9200.221.03	695,75 €	12025000142269	69,58 €	12025000142276
LOTE 2	E.F. Areeiro	25/413.4123.221.03	2.291,44 €	12025000142321	229,14 €	12025000142370
	Pazo Provincial	25/920.9200.221.03	5.499,45 €	12025000142346	549,95 €	12025000142371
	Edificio Administrativo	25/920.9200.221.03	3.666,30 €	12025000142358	366,63 €	12025000142372



Asemade, no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o gasto da anualidade 2026 (9 meses) mediante os documentos RCFUT(2026):

	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	IMPORTE (IVE engadido)	Nº Documento RC	Importe total incremento número unidades (con IVE)	Nº Documento RC
LOTE 1	Medio Ambiente	26/410.4100.221.03	1.252,35 €	12025000142278	125,24 €	12025000142286
	E.F. Areeiro	26/413.4123.221.03	1.252,35 €	12025000142279	125,24 €	12025000142287
	Finca Mouriscade	26/410.4120.221.03	10.958,06 €	12025000142280	1.095,81 €	12025000142288
	Cooperación	26/942.4330.221.03	365,27 €	12025000142281	36,53 €	12025000142289
	Arquitectura	26/920.9200.221.03	2.087,25 €	12025000142282	208,73 €	12025000142290
LOTE 2	E.F. Areeiro	26/413.4123.221.03	6.874,31 €	12025000142373	687,43 €	12025000142377
	Pazo Provincial	26/920.9200.221.03	16.498,35 €	12025000142374	1.649,84 €	12025000142389
	Edificio Administrativo	26/920.9200.221.03	10.998,90 €	12025000142376	1.099,89 €	12025000142408

Tendo en conta que, con data 25/06/2025, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva (CSV: H7WC4FE6F2A7PWZK).

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 03/07/2025.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 22/07/2025.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra*”.

Un ano desde o 1 de outubro de 2025 ou desde a data sinalada no documento de formalización do contrato, se fose posterior. Establecese a posibilidade de tres prórrogas anuais.

O valor estimado do contrato, acumulado para os dous lotes, é de 288.145,00 euros.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 67.049,13 euros, conforme ao seguinte detalle:

- Lote 1: 21.220,38 €
- Lote 2: 45.828,75 €

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: HCPK3RNR4UW0NZQ3) e de prescricións técnicas (CSV: Z476M984LB83YAPG) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 67.049,13 euros, de acordo coa seguinte distribución:

LOTE 1	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios LOTE 1 (con IVE)	Importe total incremento número unidades LOTE 1 (con IVE)
2025 (3 meses)	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	417,45 €	41,75 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	417,45 €	41,75 €
	FINCA MOURISCADÉ	410.4120.221.03	3.652,69 €	365,27 €
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03	121,76 €	12,18 €
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03	695,75 €	69,58 €
2026 (9 meses)	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	1.252,35 €	125,24 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	1.252,35 €	125,24 €
	FINCA MOURISCADÉ	410.4120.221.03	10.958,06 €	1.095,81 €
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03	365,27 €	36,53 €
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03	2.087,25 €	208,73 €
LOTE 2	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios Lote 2 (con IVE)	Importe total incremento número unidades Lote 2(con IVE)
2025 (3 meses)	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	2.291,44 €	229,14 €
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03	5.499,45 €	549,95 €
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		3.666,30 €	366,63 €
2026 (9 meses)	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	6.874,31 €	687,43 €
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03	16.498,35 €	1.649,84 €
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		10.998,90 €	1.099,89 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2026 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.



4.- Nomear responsable do contrato ás seguintes persoas:

- LOTE 1: Xefatura de Medio Ambiente
- LOTE 2: Xefatura do Servizo de Arquitectura

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

13.35501.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “LECER EN FAMILIA 2026” (EXPTE.2025009308)

Resultando.- Que dende o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida, participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa, dándolle un especial apoio e protección.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, aprobou por primeira vez, en 2024, a primeira edición do programa “Lecer en familia” destinado a familias empadroadas na provincia de Pontevedra, a través do cal se recibiron preto de 2.300 solicitudes correspondentes a máis de 8.000 persoas solicitantes, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades.



Resultando.- Que a execución do programa require de dotación de persoal especializado, que xustifica a necesidade de contratación dunha empresa externa especializada no sector para a súa xestión e desenvolvemento, por carecer esta institución dos medios materiais e humanos requiridos no Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 15 de maio de 2025 e CSV: 0WD25SGL7RJ8RZC2, a xefa do servizo de Benestar Social emite informe no que, co visto e praxe da deputada delegada, propón a contratación, mediante procedemento aberto, para a adxudicación da *xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia 2026”*, de estadías dunha noite de fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra de mínimo de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión, para un máximo de 2.957 prazas, destinado ás persoas que cumpran os requisitos especificados no prego técnico. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación.

Resultando.- Que visto que con data 23 de maio de 2025, a Intervención emite o documento RCFUT 12025000098250, por importe de 179.562,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.227.07 do orzamento provincial.

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita, con data 27 de maio de 2025, o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 10 de xuño de 2025 e CSV: JN8T8ZG5GG5U5YZX e as observacións contidas no mesmo.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 16 de xullo de 2025 e CSV: YEEMRWG1AQSBLLRR, coas seguintes observacións e recomendacións:

“O artigo 312 LCSP regula as especialidades dos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía, os cales antes de proceder a súa contratación deberán ter establecido o seu réxime xurídico. O prego de prescricións técnicas (PPT) define as condicións da prestación do servizo e as obrigas e funcións da empresa adxudicataria. No entanto, sería recomendable a aprobación das bases reguladoras do programa, con carácter previo ou simultáneo á aprobación do expediente e no seu caso, se ditas bases foran aprobadas con posterioridade, non poderán contravir ou introducir obrigas adicionais para o contratista respecto, das previstas no prego de prescricións técnicas (PPT).”

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 14 de xullo de 2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado de servizos, encadrado no tipo previsto no artigo 312 LCSP, regulador dos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).



O réxime xurídico do contrato determinábase mediante a aprobación das novas bases reguladoras do programa “*Lecer en familia 2026*”. Na providencia de inicio, o servizo informa o seguinte: “*O réxime xurídico da actividade así como o relativo ao procedemento de acceso e adxudicación de prazas das persoas beneficiarias do programa Lecer en Familia recóllese nas Bases reguladoras da convocatoria que se tramitan pola Institución provincial e publican anualmente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A tramitación das Bases referidas ao período do contrato 2026 serán tramitadas e aprobadas na anualidade correspondente*”.

Considerando-. Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando-. Que segundo o disposto no artigo 312 da LCSP, onde se regulan as especialidades dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía que determina, entre outros aspectos, a necesidade de establecer o réxime xurídico regulador do servizo.

Considerando-. Que tendo en conta o disposto no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando-. Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando-. Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en Familia 2026*”, cun orzamento máximo de licitación unitario de 102,84 €/praza.



O importe total desta contratación ascende á cantidade de 304.097,88 €, dos cales 179.562,00 € correspóndese co orzamento base de licitación. Deste xeito, o programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- Por un importe máximo de 174.420,00 euros, 2.907 prazas de réxime xeral con:
 - 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos,
 - 30 euros do custo total da praza para as persoas de 3 a 12 anos,
 - e de balde no caso dos menores de 3 anos.
- Por un importe máximo de 5.142,00 euros, 50 prazas de réxime especial polo custo total da praza.

O prazo de duración será de 1 ano, a contar desde o día 01 de abril de 2026 ou da data de formalización do contrato, no caso de ser posterior. En canto ao prazo de execución do programa, as actividades propias do mesmo, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, adxudicación das prazas e posterior planificación e contacto coas persoas beneficiarias) desenvolverase no derradeiro trimestre do ano 2026 e primeiro trimestre do ano 2027. Prevense 3 prórrogas, cunha duración de 1 ano cada unha.

As bases reguladoras do programa, relativas ao ano 2026, serán tramitadas, aprobadas e publicadas na anualidade correspondente, non podendo estas contravir o disposto no prego técnico.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: BKB5XPMBM7FMVQEX) e de prescricións técnicas (CSV: GCBOJK4QIWQIUUNL) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 179.562,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.227.07 do orzamento provincial.

Ao tratarse dunha tramitación anticipada, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2026 e 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria, así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Sandra Vázquez Vázquez, xefa do servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



14.35502.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO
SOPORTE E MANTEMENTO DO SISTEMA DE IMPRESIÓN PARA A
IMPRENTA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2025025952)

Resultando.- Que dende o punto de vista competencial, a Deputación de Pontevedra, para poder exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón dunha infraestrutura de equipos de impresión dixital pertencentes á gama profesional do fabricante Ricoh. Esta infraestrutura componse principalmente de dous equipos, uno modelo Ricoh Prol C5300s e outro modelo Ricoh Prol C7100, ambos actualmente propiedade da Deputación de Pontevedra e situados no Centro Príncipe Felipe.

O software de imposición e composición actualmente utilizado polos técnicos da Deputación de Pontevedra na Imprenta Provincial é FIERY RICOH IMPOSE do fabricante EFI do que se conta con dúas licenzas.

Resultando.- Que en base ao exposto, faise necesario por en marcha unha contratación mediante a que, por unha banda, se subministre un novo equipo de impresión dixital profesional, en réxime de arrendamento, para substituír ao actual equipo Ricoh Prol C5300s (a retirar) e doutra banda a prestación dos servizos de soporte e mantemento para o actual equipo Ricoh Prol C7100. Desta forma, ambos equipos, tanto o novo a fornecer como o actual (Ricoch Prol C7100) dispoñerán dun servizo de soporte e mantemento profesionalizado, así como, dos servizos asociados á xestión da reposición e recollida das súas consumibles (tónér).

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente esta actividade xa que non conta con persoal especializado nesa materia, ademais de non poder contar ca opción de reparación ou substitución de pezas. En canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7, algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

Resultando.- Que con data 01 de maio de 2025, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, co visto e prace do deputado delegado propón, mediante providencia, a incoación dos trámites administrativos oportunos para a contratación da “*subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra*”. Xunto coa providencia, achégase prego de prescricións técnicas.

Resultando.- Que, con data 08 de maio, polo servizo xestor emítese informe de corrección de erros, polo que se modifica a denominación das impresoras na providencia (CSV: UEM26Z7B5HMSDGDGF).

Resultando.- Que, con data 09 de maio de 2025, pola Intervención emítense os seguintes documentos contables RC e RCFUT, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias que a continuación se relacionan:

Lote	Anualidade	Número	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
1	2025 (6 meses)	RC 12025000078915	25/926.9260.206.00	37.759,26 €
	2026	RCFUT 12025000078917	26/926.9260.206.00	75.518,52 €



2	2025 (6 meses)	RC 12025000078919	25/926.9260.206.00	4.002,48 €
	2026	RCFUT 12025000078922	26/926.9260.206.00	8.004,96 €

Resultando.- Que, visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que, con data 30 de xuño de 2025, polo xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emítese informe complementario, mediante o cal se introducen correccións na providencia de inicio (CSV: 5NT1929HRT83B9LQ).

Resultando.- Que, tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral e as observacións contidas no mesmo, de data 07 de xullo de 2025 (CSV: KFHR1WPM37W177ZO).

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que visto que, con data 21 de xullo de 2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato mixto, onde a prestación principal cualifícase como subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo) sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Resultando.- Que, tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 22 de xullo de 2025 (CSV: 8NKX2QQ8L5I00L4X) coas seguintes recomendacións e observacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.”

Considerando.- Que o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cualifica como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.



Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, Subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra, polo importe máximo de 167.046,96 €, que se desagrega conforme ao seguinte detalle:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, sen IVE	124.824,00 €	13.231,34 €	138.055,34 €
IVE (21%)	26.213,04 €	2.778,58 €	28.991,62 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, co IVE	151.037,04 €	16.009,92 €	167.046,96 €

O valor estimado é de 304.440,96 €, coa seguinte desagregación:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
Orzamento base de licitación para dous anos de contrato, sen IVE:	124.824,00 €	13.231,34 €	138.055,34 €
Modificacións para dous anos de contrato (sen IVE):			
10 % exceso de medicións/variacións do número de unidades:	12.482,40 €	1.323,14 €	14.165,54 €
OBL+10% exceso de medicións	137.306,40 €	14.554,48 €	151.860,88 €
Eventuais opcións e/ou prórrogas (sen IVE):	137.306,40 €	14.554,48 €	151.860,88 €
TOTAL:	274.612,80 €	29.108,96 €	303.721,76 €



A duración do contrato fíxase en (2) dous anos para ambos lotes, a contar desde a data de formalización do contrato.

Asemade, no caso do lote 1 contéplase un prazo máximo de subministro e implantación do equipamento de 45 días naturais, a contar desde a data de formalización do contrato, iniciándose o período de facturación do mesmo unha vez asinada a acta de recepción favorable ata o cumprimento dos (2) dous anos. Polo tanto, no caso de efectuar a subministración referida no prazo máximo (45 días naturais), o período de facturación será de 22 meses e medio.

Prevese unha prórroga de dous anos de duración.

Respecto ao lugar de entrega e tempo da subministración do lote 1, o novo equipo de impresión dixital profesional será instalado na Imprenta Provincial, sita no Centro Infantil Príncipe Felipe (Avda. De Montecelo, s/n), no prazo máximo de 45 días naturais, a contar dende a data de formalización do contrato. A recepción do equipamento realizarse en horario de luns a venres de 8:00h a 15:00 h.

2.-Autorizar o gasto por importe de 167.046,96 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Total
2025 (6 meses)	25/926.9260.206.00 (lote 1)	37.759,26€
2025 (6 meses)	25/926.9260. 227.09 (lote 2)	4.002,48€
2026	26/926.9260.206.00 (lote 1)	75.518,52€
2026	26/926.9260. 227.09 (lote 2)	8.004,96€
2027 (6 meses)	27/926.9260.206.00 (lote 1)	37.759,26€
2027 (6 meses)	27/926.9260. 227.09 (lote 2)	4.002,48€
TOTAL LOTE 1		151.037,04€
TOTAL LOTE 2		16.009,92€
TOTAL		167.046,96€

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2026 y 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: MSI4ZHEQSISSCCN1W) e o prego de prescricións técnicas (CSV: XX296R04U4XXPEF7), que rexerán dita contratación.

4.- Nomear responsable do contrato ao xefe do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



15.35503.- ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-RENOINN-2024-000360 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES I; NOS MUNICIPIOS DE PAZOS DE BORBÉN, CERDEDO-COTOBADÉ, PONTE CALDELAS, A LAMA, CRECENTE, VILANOVA DE AROUSA, ARBO E VALGA” E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS (EXPTE. 2024067518)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente transcribe:

“Á vista da notificación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013885, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” e co obxecto de aceptar a axuda proposta ao amparo da Resolución do 30 de xullo de 2024, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS) o Xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, o 10 de outubro 2024, mediante sede electrónica desde a Deputación de Pontevedra informouse os concellos da intención da institución provincial en participar no programa Enerxías Renovables Innovadoras. Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica as solicitudes de participación de 38 concellos.
- Para unha maior operatividade, agrupáronse os concellos en diferentes proxectos, tendo en conta a súa clasificación en canto a municipios de reto demográfico e a orde de chegada das solicitudes de adhesión ao rexistro electrónico da Deputación. Deste xeito, no proxecto con número de expediente PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I” tivéronse en conta as seguintes:

CONCELLO	REXISTRO ENTRADA	DATA	HORA
Pazos de Borbén	WEB2024064035	16/10/2024	09:06:01
Cerdedo-Cotobade	WEB2024064061	16/10/2024	10:33:16
Ponte Caldelas	WEB2024064077	16/10/2024	11:32:18
A Lama	WEB2024064119	16/10/2024	13:05:05
Crecente	WEB2024064342	17/10/2024	12:55:43
Vilanova de Arousa	WEB2024064344	17/10/2024	12:59:41
Arbo	WEB2024064360	17/10/2024	13:27:40
Valga	WEB2024064381	17/10/2024	14:45:19



- *Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.*
- *O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.*
- *Concretamente, as actuacións para desenvolver en cada un dos concellos incluídos no citado proxecto consisten a instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima inferior a 99,99 kWp composta por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, incluíndo polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondeado o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade, e en calquera caso como mínimo que inclúan un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.*
- *Mediante Resolución Presidencial número RP2024008802 de data 14/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002311 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “Concellos Reto Demográfico +Renovables I nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo.*
- *En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034859 e código número PR-RENOINN-2024-000360. Tras a súa avaliación, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:*

PR-RENOINN-2024-000360 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES I”	
INVESTIMENTO TOTAL (IVE incluído)	AXUDA IDAE
884.182,33 €	501.029,40 €

Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instrutor.

- *En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.*



- As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

“Concellos Reto Demográfico +Renovables I” nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga.				
CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA IDAE	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	APORTACIÓN CONCELLO
<i>Pazos de Borbén</i>	88.603,70 €	49.945,90 €	19.305,00 €	19.352,80 €
<i>Cerdedo-Cotobade</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Ponte Caldelas</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>A Lama</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Crecente</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Vilanova de Arousa</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Arbo</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Valga</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Totaís</i>	884.182,33 €	501.029,40 €	194.130,00 €	189.022,93 €

- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

“Concellos Reto Demográfico +Renovables I” nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga.	
CONCEPTO	IMPORTE
<i>Honorarios técnicos</i>	20.393,49 €
<i>Dirección facultativa</i>	12.846,29 €
<i>Custo execución de Obra</i>	697.489,42 €
<i>TOTAL, SEN IVE</i>	730.729,20 €
<i>TOTAL, CON IVE</i>	884.182,33 €

- Unha vez concedida a axuda e aceptada, a súa execución está prevista que se realice tanto a contratación como a súa execución por parte desta Deputación Provincial no exercicio 2025, sendo necesario dotar de crédito no orzamento do devandito exercicio, de acordo co cronograma que se aprobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
<i>Axuda concedida IDAE (56,66%)</i>	501.029,40 €
<i>Achega máxima Deputación (21,96%)</i>	194.130,00 €
<i>Achega concello (21,38%)</i>	189.022,93 €
<i>Total</i>	884.182,33 €

- Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico

- Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instructor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instructor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención



- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente

- *De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instrutor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instrutor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.*
- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición pecuniaria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*

Conclusiones:

O proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga”, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), foi presentado ante o IDAE pola Deputación de Pontevedra co obxecto de incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO2, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores vulnerables da zona.

Para o seu financiamento, solicitouse unha axuda con cargo aos fondos NextGenerationEU, (máximo do 58% do custo elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación calculada en base a 250 euros por cada kWp de potencia instalada nas plantas fotovoltaica, co límite de 25.000 euros para cada concello; achegando o importe restante Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga como concellos beneficiarios.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 501.029,40 euros correspondentes á Proposta de Resolución Definitiva de axudas do IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360, aceptada en data 07/07/2025.



Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 189.022,93 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 194.130,00 euros.

Unha vez aceptada a Proposta de Resolución Definitiva da axuda outorgada polo IDAE, iníciáanse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.

En consecuencia, fai falta completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 194.130,00 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propoño a aceptación da Proposta de Resolución Definitiva da axuda concedida polo IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposto nos antecedentes, condicionando a súa eficacia á publicación da Resolución Definitiva da axuda.

Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación

Marcos Areán González

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 28/07/2025, e da Intervención Provincial de data 30/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a proposta de axuda ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga”, mediante Proposta de Resolución Definitiva favorable do director xeral do IDAE de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013885 na Deputación de Pontevedra, para a súa execución por importe de 501.029,40 euros para un investimento total de 884.182,33 euros, condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda.



- Aprobar o gasto para a anualidade 2025 cos importes que corresponden dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
Axuda concedida IDAE (56,66%)	501.029,40 €
Achega máxima Deputación (21,96%)	194.130,00 €
Achega concello (21,38%)	189.022,93 €
Total	884.182,33 €

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención proposta e polos importes das achegas dos concellos de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao amparo do proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación), condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda, que se relacionan a continuación:

“Concellos Reto Demográfico +Renovables I” nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga.	
CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Pazos de Borbén	19.305,00 €
Cerdedo-Cotobade	24.975,00 €
Ponte Caldelas	24.975,00 €
A Lama	24.975,00 €
Crecente	24.975,00 €
Vilanova de Arousa	24.975,00 €
Arbo	24.975,00 €
Valga	24.975,00 €
Totais	194.130,00 €



- Aprobar o Convenio Marco de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de [nome do concello] para levar a cabo, dentro do seu termo municipal, as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU, cuxo texto literal se atopa recollido no anexo I deste Acordo.

A presente subvención concédese con suxeición ás seguintes condicións:

- A efectividade do acordo de concesión quedará condicionando á publicación da Resolución Definitiva da axuda, e a sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán con detalle as actuacións concretas a desenvolver, deberes e dereitos das partes.
 - As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
 - O beneficiario deberá posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias, así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao amparo do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.
 - O beneficiario deberá facilitar á Deputación de Pontevedra unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables aos que incluír como consumidores asociados a nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede regulado pola letra iii) do apartado g) do artigo 3 do Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica. Para estes efectos, considerarase vulnerable ao consumidor beneficiario do bono social nos termos que se establecen no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
 - Os municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos, das subministracións ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I” que consisten na instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. A nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
 - A adxudicación do contrato da obra e da subministración necesaria, para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I”, quedará condicionada á Resolución Definitiva da axuda e á sinatura do correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello.
 - Calquera outra obrigação estipulada nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e as súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlle traslado do presente acordo aos concellos beneficiarios, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



Anexo I

CONVENIO MARCO

“PR-RENOINN-2024-000360

“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES I; NOS MUNICIPIOS DE PAZOS DE BORBÉN, CERDEDO-COTOBADE, PONTE CALDELAS, A LAMA, CRECENTE, VILANOVA DE AROUSA, ARBO E VALGA”

Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Programa de incentivos 4: Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables.

Documento asinado electronicamente por:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE [NOME DO CONCELLO] PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000360 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES I”, AO ABEIRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, [NOME ALCALDE/ALCALDESA], [ALCALDE/ALCALDESA] do Concello de [NOME DO CONCELLO], na representación legal que deste lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,



EXPÕÑEN QUE

- I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.
- II. Na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo ás enerxías renovables e á economía baixa en carbono, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír ao impulso de proxectos innovadores de enerxías renovables, á redución das emisión de CO₂ á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.
- III. Dentro deste marco, o 10 de outubro de 2024 a Deputación de Pontevedra informou os concellos e entidades locais menores da provincia, mediante unha carta enviada pola Sede electrónica, da intención de presentar un proxecto innovador de enerxías renovables e almacenamento ao abeiro do programa “Enerxías renovables innovadoras” do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (en diante, IDAE).
- IV. O Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a aprobación e a posterior remisión a través da Sede electrónica o [DATA RECEPCIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN] do Acordo de adhesión ao proxecto “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES I”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.
- V. Mediante a Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP] do [DATA RP], emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP EMENDA] do [DATA RP EMENDA], a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “Concellos Reto Demográfico +Renovables I” para os concellos de Pazos De Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga ante o IDAE, no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables”, definida no anexo II da Orde TED/765/2024, de 22 de xullo.
- VI. O 18 de novembro de 2024 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado [NOME DO PROXECTO] e asígnaselle o rexistro núm. [NÚMERO DE REXISTRO DA SOLICITUDE]. Tras a súa avaliación, o [DATA RESOLUCIÓN DEFINITIVA] (rexistro de entrada número: [NÚMERO DE REXISTRO DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA]) recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo a NextGenerationEU por importe de [IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA] euros para un investimento total de [IMPORTE TOTAL DA INVERSIÓN CO IVE], IVE incluído, coa asignación ao proxecto do número PR-RENOINN-2024-000360.



- VII. Esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca executar as actividades incluídas no proxecto aprobado antes citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente, preténdese a instalación e a posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento con capacidade máxima de 50 kWh composta por baterías de litio, así como por un sistema *software* que permitirá ter monitorizadas as producións, co fin de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as e os consumidores da zona.
- VIII. Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) atribúense, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada, así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.
- Neste mesmo sentido, no artigo 36.1.d da citada lei establécese, dentro das súas competencias, “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”. Á súa vez, nos artigos 25 e 26 atribúeselles aos concellos as competencias en materia de medio ambiente urbano.
- IX. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- X. Por último, o Concello participante no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos, delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.
- Neste sentido, e coa intencionalidade de garantir o deber do beneficiario de realización dos investimentos subvencionables e a execución das actuacións obxecto da axuda antes do 31 de marzo de 2026, enténdese necesario iniciar na maior brevidade os expedientes de contratación correspondentes ao expediente indicado, polo que desde a institución provincial se formulou un requirimento de achega de compromiso e aportación económica ao concello para que, no prazo máximo de 15 días desde a súa recepción, en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] recibíuse a achega de compromiso de dita entidade para realizar a aportación municipal antes do 15/12/2025 correspondente as actuacións a realizar no seu concello e recollidas no expediente de axuda indicado.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] para levar a cabo os traballos de instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima de 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema *software* que permitirá ter monitorizada a produción enerxética.



Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, e incluírá polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre as e os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondearase o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade e, en calquera caso, como mínimo, incluírá un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para as e os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Deste xeito, incentívase o autoconsumo co obxecto de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio, coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as persoas consumidoras da zona.

Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO], ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.

Segunda. Ámbito de actuación

A continuación, defínese a localización das actuacións para realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do concello:

Concello de [NOME DO CONCELLO]
[TEXTO CORRESPONDENTE A CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.4 RESUMEN DEL PROYECTO” DA MEMORIA]. En concreto, a instalación fotovoltaica realizarase en: [LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN EN CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.2 DESCRIPCIÓN DE LAS ACTUACIONES A REALIZAR” DA MEMORIA].

Terceira. Importe e financiamento

O investimento elixible admitido polo IDAE no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I” para realizar as actuacións dentro do termo municipal de [NOME DO CONCELLO], ascende á cantidade de [IMPORTE EN LETRA DO INVESTIMENTO NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo aos fondos NextGenerationEU, concedeulle á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de [IMPORTE EN LETRA DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO]).



Para facerlle fronte ao importe restante (total do custo elixible admitido), a Deputación de Pontevedra e o Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación fará unha achega adicional con fondos propios de 250 euros por cada kWp de potencia en instalacións de xeración fotovoltaica, cun límite de 100 kWp (nunha ou en varias instalacións), do investimento elixible da actuación definida en cada concello, de ata 25.000 euros, que se sumarán ao financiamento previsto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.
- importe restante, ata chegar ao 100 % do importe das actuacións para realizar dentro do seu termo municipal, é achegado por cada un dos concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] achega a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente no que se adhire ao proxecto e se compromete a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para realizar o mencionado proxecto, no caso de ser subvencionado.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do [DATA DA XG ACEPTACIÓN AXUDA] aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO] aos concellos beneficiarios, e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións para realizar no termo municipal que corresponde ao Concello, o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA DO IDAE	ACHEGA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	ACHEGA DO CONCELLO
[NOME DO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO	[IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA

A Deputación comprométese a achegar, para a realización das actuacións no Concello descritas neste convenio de colaboración, o importe que ascende a [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA DEPO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]) consignados na aplicación [APLICACIÓN ORZAMENTARIA DO PROXECTO], dentro do proxecto de gastos codificado como “[PROXECTO DE GASTO]”.

O Concello financiará o importe restante; é dicir, [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA CONCELLO]) que, segundo se recolle no compromiso adoptado polo órgano competente, se ingresará no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.



O importe que ten que chegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.

Cuarta. Contratación

O Concello adherido ao proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I” delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para executar as actuacións do citado proxecto dentro do seu termo municipal.

Neste sentido, a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios, así como a súa montaxe e instalación, seguridade e saúde, así como demais contratos complementarios.

Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a incrementar a cantidade total estipulada no convenio deberase contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase integramente polo propio Concello.

Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descritiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo achegado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello, poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, logo do informe e proposta da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.



En todo caso, cumprírase o artigo 19, Modificación da resolución, da citada Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, no relativo á modificación da resolución, sen que sexa necesaria a autorización das modificacións do orzamento do beneficiario cando non supoñan un incremento superior ao 20 % nos conceptos susceptibles de axuda que figuren na resolución de concesión, compensables con diminucións doutros conceptos, sen que en ningún caso poidan comportar unha alteración da valoración que recibise a actuación subvencionada nin supoñer un incremento do importe da axuda total para o dito beneficiario e sempre que estea debidamente motivada.

Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descritiva das actuacións que se van acometer, e asumir as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.
- Asumir a coordinación xeral da operación e da xestión económica e financeira desta, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluído o cumprimento dos resultados previstos, así como representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co IDAE, co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos, coa Intervención Xeral da Administración do Estado, co Tribunal de Contas e/ou cos órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e cos demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE).
- Financiar a execución das actuacións no termo municipal do Concello de [NOME DO CONCELLO], tal como se reflicte na cláusula terceira.
- Licitat, adxudicat, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descritiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello. Unha vez recibidos os traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, que deberá ordenarse previamente mediante unha resolución Presidencial, e detallarase na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos cinco (5) anos posteriores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello. Ademais, deberase manter a asignación a consumidores vulnerables en termos do número de consumidores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión.
- Colocar, no mesmo lugar da actuación e nun lugar ben visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo e proporcional á contía do financiamento, con información sobre a actuación, no que se mencionará a axuda financeira recibida, co lema “Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU” e o logo deste plan, seguindo as instrucións establecidas no manual de imaxe do IDAE relativas á carteleira. Este cartel temporal debe estar visible ata a finalización da actuación. Nun prazo de tres (3) meses desde a finalización da execución da actuación, deberá colocar, nun lugar ben visible, un cartel ou unha placa permanente, de tamaño significativo, por un período de polo menos dez (10) anos. Este cartel ou esta placa permanente indicará o nome e o obxecto principal da actuación, o emblema da UE, a declaración de financiamento adecuada: “Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, xunto co logo do PRTR e segundo o manual de imaxe do IDAE.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ao tratarse dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.



- Aplicar procedementos de bo goberno dos fondos e de control interno apropiados nos niveis de xestión, deseñados para ofrecer garantías razoables na consecución dos seguintes obxectivos: eficacia, eficiencia e economía das operacións; fiabilidade dos informes; salvagarda dos activos e da información; xestión adecuada dos riscos relativos á legalidade e regularidade das operacións subxacentes; e prevención, detección, corrección e seguimento de fraudes, conflitos de interese e irregularidades.
- Proporcionarlle ao IDAE, de acordo co previsto na resolución da convocatoria das axudas, a documentación técnica necesaria *ex post* referida no citado texto (cláusula décimo cuarta), entre ela, a memoria técnica de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, a memoria económica xustificativa e a lista de contratistas e subcontratistas, así como a relativa ao cumprimento de “non causar un prexuízo significativo ao medio” (principio DNSH).
- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos nas bases e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario conforme ás normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Dispoñer dunha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación nesta, e conservar durante cinco (5) anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Presentar as xustificacións de pago, garantindo os gastos para acreditar ante o IDAE a realización da actuación subvencionable nos termos expostos na resolución de convocatoria das axudas, e facilitar, ademais, as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta execución do proxecto, achegando, para o efecto, tanta documentación se lle requira.
- Someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e os órganos de control competentes, tanto nacionais coma da Unión Europea, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos da Unión Europea, para o que achegará tanta información lle sexa requirida. Neste contexto, coa presentación da solicitude de axuda, o beneficiario acepta e consente expresamente a concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e/ou as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control e fiscalización, de conformidade co establecido no artigo 22.2.e do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicarlle de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompañe á solicitude.
- Aceptar os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian a operación, poñendo á disposición todos os documentos que lle sexan requiridos.
- Conservar os documentos orixinais relacionados co outorgamento da axuda ou coa súa xustificación durante un prazo de cinco (5) anos en xeral e de tres (3) anos nos casos en que o financiamento sexa dun importe igual ou inferior a 60.000 €, contados desde a data de finalización do prazo establecido para a execución da actuación obxecto da axuda. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente suporá o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da LXS.



- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fíxese pública anteriormente e que recibise calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Cumprir todo o derivado das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lles sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias neste marco.

Pola súa banda, o Concello está obrigado a:

- Dispoñer de orzamento para acometer a achega con fondos propios á actuación, tendo en conta os procedementos e os límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao financiamento de NextGenerationEU percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se verifique a actuación, conforme ao procedemento establecido na Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal, con carácter xeral, no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.
- Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento outorgaranse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, cando teña delegadas as facultades de recadación no devandito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.
- Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo as actuacións que se contemplan na memoria descritiva do proxecto. Neste sentido, o Concello deberá acreditar a titularidade das instalacións sobre as que se executará a instalación de paneis fotovoltaicos e demais elementos descritos no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I”.
- Obter e manter en vigor os permisos, as licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente.



- Facilitarlle á Deputación de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses desde a data da sinatura deste convenio, unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables (na que se inclúa, polo menos, o nome e apelidos da persoa beneficiaria, o DNI/NIE, o teléfono e correo electrónico de contacto, o enderezo completo da vivenda, a potencia contratada, o número de contrato de subministración eléctrica e o código universal de punto de subministración) aos que incluírá como consumidores asociados a unha nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede, recollido na letra iii do apartado g do artigo 3 do Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
- Para estes efectos, considerárase vulnerable o consumidor beneficiario do bono social, nos termos establecidos no Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo o mantemento e a conservación da infraestrutura obxecto do convenio e asumir a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. En caso de non garantir durante os cinco (5) anos posteriores á formalización da acta de recepción dos traballos o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable ao respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da autoridade de xestión da UE coma a perda da subvención para recibir do NextGenerationEU, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle ao Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do NextGenerationEU coma a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Aceptar os controis e as auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que lle achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran.
- Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas.
- Someterse ás actuacións de control das institucións da UE, en virtude do artigo 22.2.e do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fíxese pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e nacionais que eventualmente sexan de aplicación.



- Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descriptiva das actuacións que se van realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo.
- Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto.
- Cumprir cos requisitos de información, difusión e publicidade establecidos na Orde TED/765/2024 e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario de acordo coas normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Respetar e preservar os principios horizontais da Unión Europea (desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres), e telos en conta para a execución das actividades e accións do proxecto.
- Respetar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación.
- Cumprir cantas disposicións deriven das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lle sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias.

Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas concedidas por calquera Administración pública ou organismo ou ente público nacional, sempre e cando o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non supere o custo do proxecto e cumpra coa normativa nacional e europea de axudas do Estado.

Esta axuda será incompatible con outras axudas concedidas pola Unión Europea para a mesma finalidade.

Cando se soliciten ou se obteñan axudas doutras institucións ou administracións públicas para o mesmo proxecto, deberá comunicárselle ao IDAE de forma inmediata para que este verifique tanto a súa compatibilidade coma que non se excederon os límites máximos de intensidade vixente en cada convocatoria.

Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Toda referencia á actuación obxecto deste convenio de colaboración en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión, debe cumprir cos requisitos que figuren no manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na Sede electrónica do IDAE, no que figurarán o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, nos termos previstos no artigo 18.4 da LXS e no 31 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Así mesmo, as instalacións ou, no seu caso, os equipos correspondentes obxecto das actuacións do citado proxecto deberán estar sinalizados de acordo co indicado no manual de imaxe deste programa, que estará dispoñible na Sede electrónica de IDAE.



A sinatura deste convenio de colaboración implica a aceptación do disposto tanto na normativa nacional coma na europea que regule o Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, sobre actividades de información e publicidade. Así, deberá mencionarse a orixe do financiamento recibido e garantir a súa visibilidade, en particular cando se promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

No caso de que o Concello ou a Deputación gozasen doutras axudas e estivesen obrigados a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados para as outras fontes de financiamento.

No referente á documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados, deberá facerse constar expresamente o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e farase referencia ao Programa de enerxías renovables innovadoras do IDAE. Esta obriga refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:

- a) Anuncios de licitación.
- b) Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- c) Contratos administrativos.
- d) Traballos presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)
- e) Convenios de colaboración.

Así mesmo, en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa en todos os formatos que para este fin se lles faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola Administración provincial.

En todo caso, as accións para desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello referido e a Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.



Novena. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio, coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira, e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, e obrigárase a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décima. Comisión de Seguimento e Control

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control, integrada polo presidente da Deputación e pola alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou polas persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento e Control:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos aos que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este convenio se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.

A citada comisión reunirse cando o seu responsable o estime oportuno, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e a súa ou o seu secretario, quen levantará acta das reunións.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate da realización e xustificación das actuacións obxecto deste, en todo caso, ata o 31 de marzo do 2026.

Non obstante, a vixencia deste convenio estenderase automaticamente ata o 31 de agosto do 2026 si mediante a modificación da resolución de concesión polo órgano concedente da axuda se ampliase o prazo ata dita data para o remate da realización e xustificación das actuacións; sempre respectando os límites establecidos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e de acordo coa Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación



de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na normativa que regula a súa convocatoria.

No caso de que o IDAE conceda a ampliación do prazo para o remate da realización e xustificación das actuacións máis alá do 31 de agosto de 2026 tramitarase a correspondente addenda.

Décimo segunda. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- 2) O acordo unánime dos asinantes.
- 3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Control. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.

- 4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da LXS e do Real decreto 887/2006; polos pactos contidos neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto cofinanciado, aprobado no ámbito de execución e xestión dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, está suxeito á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Resolución, de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.
- Real Decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE-NextGenerationEU.
- Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, de 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027.
- Regulamento (CE, Euratom) núm. 2988/1995 do Consello, de 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas.
- Regulamento (EU, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento xeral da UE (Regulamento financeiro).
- Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ou nas súas modificacións, segundo o tipo de proxecto, así como o Regulamento (UE) 2023/1315 da Comisión, de 23 de xuño de 2023, polo que se modifica o anterior.
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Regulamento delegado (UE) 2021/2139 da Comisión, de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852.
- Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, modificada pola Directiva (UE) 2018/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018.
- Regulamento de execución (UE) 2021/437 da Comisión, de 3 de marzo de 2021, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) núm. 1011/2014, polo que respecta ás modificacións do modelo para a transmisión de datos financeiros, o modelo de solicitude de pago, incluída a información adicional sobre os instrumentos financeiros, así como o modelo para as contas.
- Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030.
- Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, Plan de recuperación transformación e resiliencia de España, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e Proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño.
- Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Resolución, de 30 xullo de 2024, do Consello de Administración de E. P. E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), pola que se realiza a primeira convocatoria dos cinco programas de incentivos incluídos dentro das bases reguladoras de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables no marco do PRTR financiado pola UE–NextGenerationEU.
- Resolución Presidencial núm. 2023001273, de 14 de febreiro de 2023, pola que se regula a información para remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e polos seus organismos dependentes.

Décimo cuarta. Resolución de conflitos

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O/A [ALCALDE/ALCALDESA] do
Concello de [NOME DO CONCELLO]
Asdo.: [NOME
ALCALDE/ALCALDESA]

O presidente da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Luis López Diéguez

O secretario da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



16.35504.- ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; NOS MUNICIPIOS DE MORAÑA, PORTAS, RIBADUMIA, COVELO, VILA DE CRUCES, A ILLA DE AROUSA, CALDAS DE REIS, CAMPO LAMEIRO E AS NEVES” E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS (EXPTE.2024067518)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente transcribe:

“Á vista da notificación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013886, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” e co obxecto de aceptar a axuda proposta ao amparo da Resolución do 30 de xullo de 2024, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS) o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, o 10 de outubro 2024, mediante sede electrónica desde a Deputación de Pontevedra informouse os concellos da intención da institución provincial en participar no programa Enerxías Renovables Innovadoras. Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica as solicitudes de participación de 38 concellos.
- Para unha maior operatividade, agrupáronse os concellos en diferentes proxectos, tendo en conta a súa clasificación en canto a municipios de reto demográfico e a orde de chegada das solicitudes de adhesión ao rexistro electrónico da Deputación. Deste xeito, no proxecto con número de expediente PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” tiveronse en conta as seguintes:

CONCELLO	REXISTRO ENTRADA	DATA	HORA
Moraña	WEB2024064382	17/10/2024	14:47:57
Portas	WEB2024064420	17/10/2024	19:35:28
Ribadumia	WEB2024064513	18/10/2024	09:07:27
Covelo	WEB2024064547	18/10/2024	11:25:04
Vila de Cruces	WEB2024064625	18/10/2024	14:48:59
A Illa de Arousa	WEB2024064659	18/10/2024	21:20:00
Caldas de Reis	WEB2024065311	23/10/2024	14:57:11
Campo Lameiro	WEB2024065511	24/10/2024	14:51:46
As Neves	WEB2024065621	25/10/2024	09:27:00



- Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.
- Concretamente, as actuacións para desenvolver en cada un dos concellos incluídos no citado proxecto consisten a instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima inferior a 99,99 kWp composta por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, incluíndo polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondeado o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade, e en calquera caso como mínimo que inclúan un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Mediante Resolución Presidencial número RP2024008803 de data 14/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002309 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo.
- En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034858 e código número PR-RENOINN-2024-000362. Tras a súa avaliación, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:

PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II”	
INVESTIMENTO TOTAL (IVE incluído)	AXUDA IDAE
986.504,89 €	557.621,85 €

Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instructor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.



- As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

<i>“Concellos Reto Demográfico +Renovables II” en los municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro, As Neves.</i>				
CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA IDAE	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	APORTACIÓN CONCELLO
<i>Moraña</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Portas</i>	85.536,71 €	47.821,75 €	18.412,50 €	19.302,46 €
<i>Ribadumia</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Covelo</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Vila de cruces</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>A Illa de Arousa</i>	105.389,55 €	58.716,60 €	22.570,00 €	24.102,95 €
<i>Caldas de Reis</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Campo Lameiro</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>As Neves</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Totales</i>	986.504,89 €	557.621,85 €	215.807,50 €	213.075,54 €

- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

<i>“Concellos Reto Demográfico +Renovables II” en los municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro, As Neves.</i>	
CONCEPTO	IMPORTE
<i>Honorarios técnicos</i>	22.753,54 €
<i>Dirección facultativa</i>	14.332,94 €
<i>Coste ejecución de Obra</i>	778.206,83 €
<i>TOTAL SIN IVA</i>	815.293,30 €
<i>TOTAL CON IVA</i>	986.504,89 €

- Unha vez concedida a axuda e aceptada, a súa execución está prevista que se realice tanto a contratación como a súa execución por parte desta Deputación Provincial no exercicio 2025, sendo necesario dotar de crédito no orzamento do devandito exercicio, de acordo co cronograma que se aprobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
<i>Axuda concedida IDAE (56,66%)</i>	557.621,85 €
<i>Achega máxima Deputación (21,96%)</i>	215.807,50 €
<i>Achega concello (21,38%)</i>	213.075,54 €
<i>Total</i>	986.504,89 €



- *Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico

- Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instructor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instructor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención*
- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente

- *De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instructor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instructor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.*
- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición pecuniaria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*

Conclusiones:

O proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves”, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), foi presentado ante o IDAE pola Deputación de Pontevedra co obxecto de incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores vulnerables da zona.

Para o seu financiamento, solicitouse unha axuda con cargo aos fondos NextGenerationEU, (máximo do 58% do custo elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación calculada en base a 250 euros por cada kWp de potencia instalada nas plantas fotovoltaica, co límite de 25.000 euros para cada concello; achegando o importe restante Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves como concellos beneficiarios.



Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 557.621,85 euros correspondentes á Proposta de Resolución Definitiva de axudas do IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362, aceptada en data 07/07/2025.

Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 213.075,54 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 215.807,50 euros.

Unha vez aceptada a Proposta de Resolución Definitiva da axuda outorgada polo IDAE, iníciase os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.

En consecuencia, fai falta completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 215.807,50 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da Proposta de Resolución Definitiva da axuda concedida polo IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposto nos antecedentes, condicionando a súa eficacia á publicación da Resolución Definitiva da axuda.

Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación

Marcos Areán González

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 28/07/2025, e da Intervención Provincial de data 30/07/2025, a Xunta de Goberno, Acorda por unanimidade:



- Aceptar a proposta de axuda ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves”, mediante Proposta de Resolución Definitiva favorable do director xeral do IDAE de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013886 na Deputación de Pontevedra, para a súa execución por importe de 557.621,85 euros para un investimento total de 986.504,89 euros, condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda.
- Aprobar o gasto para a anualidade 2025 cos importes que corresponden dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
Axuda concedida IDAE (56,66%)	557.621,85 €
Achega máxima Deputación (21,96%)	215.807,50 €
Achega concello (21,38%)	213.075,54 €
Total	986.504,89 €

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención proposta e polos importes das achegas dos concellos de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao amparo do proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación), condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda, que se relacionan a continuación:

“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves.	
CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Moraña	24.975,00 €
Portas	18.412,50 €
Ribadumia	24.975,00 €
Covelo	24.975,00 €
Vila de cruces	24.975,00 €
A Illa de Arousa	22.570,00 €
Caldas de Reis	24.975,00 €



Campo Lameiro	24.975,00 €
As Neves	24.975,00 €
Totales	215.807,50 €

- Aprobar o Convenio Marco de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de [nome do concello] para levar a cabo, dentro do seu termo municipal, as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU, cuxo texto literal se atopa recollido no anexo I deste Acordo.

A presente subvención concédese con suxeición ás seguintes condicións:

- A efectividade do acordo de concesión quedará condicionando á publicación da Resolución Definitiva da axuda, e a sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán con detalle as actuacións concretas a desenvolver, deberes e dereitos das partes.
- As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
- O beneficiario deberá posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias, así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao amparo do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.
- O beneficiario deberá facilitar á Deputación de Pontevedra unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables aos que incluír como consumidores asociados a nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede regulado pola letra iii) do apartado g) do artigo 3 do Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica. Para estes efectos, considerarase vulnerable ao consumidor beneficiario do bono social nos termos que se establecen no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Os municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos, das subministracións ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” que consisten na instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. A nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
- A adxudicación do contrato da obra e da subministración necesaria, para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II”, quedará condicionada á Resolución Definitiva da axuda e á sinatura do correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello.



- Calquera outra obrigação estipulada nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e as súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlle traslado do presente acordo aos concellos beneficiarios, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Anexo I

CONVENIO MARCO “PR-RENOINN-2024-000362

“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; NOS MUNICIPIOS DE MORÑA, PORTAS, RIBADUMIA, COVELO, VILA DE CRUCES, A ILLA DE AROUSA, CALDAS DE REIS, CAMPO LAMEIRO E AS NEVES”

Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Programa de incentivos 4: Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables.

Documento asinado electronicamente por:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE [NOME DO CONCELLO] PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II”, AO ABEIRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

INTERVENEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).



Doutra, [NOME ALCALDE/ALCALDESA], [ALCALDE/ALCALDESA] do Concello de [NOME DO CONCELLO], na representación legal que deste lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN QUE

- I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.
- II. Na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo ás enerxías renovables e á economía baixa en carbono, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír ao impulso de proxectos innovadores de enerxías renovables, á redución das emisión de CO₂ á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.
- III. Dentro deste marco, o 10 de outubro de 2024 a Deputación de Pontevedra informou os concellos e entidades locais menores da provincia, mediante unha carta enviada pola Sede electrónica, da intención de presentar un proxecto innovador de enerxías renovables e almacenamento ao abeiro do programa “Enerxías renovables innovadoras” do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (en diante, IDAE).
- IV. O Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a aprobación e a posterior remisión a través da Sede electrónica o [DATA RECEPCIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN] do Acordo de adhesión ao proxecto “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.
- V. Mediante a Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP] do [DATA RP], emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP EMENDA] do [DATA RP EMENDA], a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” para os concellos de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves ante o IDAE, no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables”, definida no anexo II da Orde TED/765/2024, de 22 de xullo.



- VI. O 18 de novembro de 2024 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado [NOME DO PROXECTO] e asígnaselle o rexistro núm. [NÚMERO DE REXISTRO DA SOLICITUDE]. Tras a súa avaliación, o [DATA RESOLUCIÓN DEFINITIVA] (rexistro de entrada número: [NÚMERO DE REXISTRO DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA]) recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo a NextGenerationEU por importe de [IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA] euros para un investimento total de [IMPORTE TOTAL DA INVERSIÓN CO IVE], IVE incluído, coa asignación ao proxecto do número PR-RENOINN-2024-000362.
- VII. Esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca executar as actividades incluídas no proxecto aprobado antes citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente, preténdese a instalación e a posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento con capacidade máxima de 50 kWh composta por baterías de litio, así como por un sistema *software* que permitirá ter monitorizadas as producións, co fin de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as e os consumidores da zona.
- VIII. Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) atribúense, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada, así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.
- Neste mesmo sentido, no artigo 36.1.d da citada lei establécese, dentro das súas competencias, “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”. Á súa vez, nos artigos 25 e 26 atribúeselles aos concellos as competencias en materia de medio ambiente urbano.
- IX. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- X. Por último, o Concello participante no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos, delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.
- Neste sentido, e coa intencionalidade de garantir o deber do beneficiario de realización dos investimentos subvencionables e a execución das actuacións obxecto da axuda antes do 31 de marzo de 2026, enténdese necesario iniciar na maior brevidade os expedientes de contratación correspondentes ao expediente indicado, polo que desde a institución provincial se formulou un requirimento de achega de compromiso e aportación económica ao concello para que, no prazo máximo de 15 días desde a súa recepción, en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] recibíuse a achega de compromiso de dita entidade para realizar a aportación municipal antes do 15/12/2025 correspondente as actuacións a realizar no seu concello e recollidas no expediente de axuda indicado.



Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] para levar a cabo os traballos de instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima de 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema *software* que permitirá ter monitorizada a produción enerxética.

Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, e incluírá polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre as e os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondearase o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade e, en calquera caso, como mínimo, incluírá un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para as e os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Deste xeito, incentívase o autoconsumo co obxecto de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio, coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as persoas consumidoras da zona.

Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO], ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.

Segunda. Ámbito de actuación

A continuación, defínese a localización das actuacións para realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do concello:

Concello de [NOME DO CONCELLO]
[TEXTO CORRESPONDENTE A CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.4 RESUMEN DEL PROYECTO” DA MEMORIA].
En concreto, a instalación fotovoltaica realizarase en:
[LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN EN CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.2 DESCRIPCIÓN DE LAS ACTUACIONES A REALIZAR” DA MEMORIA].



Terceira. Importe e financiamento

O investimento elixible admitido polo IDAE no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” para realizar as actuacións dentro do termo municipal de [NOME DO CONCELLO], ascende á cantidade de [IMPORTE EN LETRA DO INVESTIMENTO NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo aos fondos NextGenerationEU, concedeulle á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de [IMPORTE EN LETRA DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO]).

Para facerlle fronte ao importe restante (total do custo elixible admitido), a Deputación de Pontevedra e o Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación fará unha achega adicional con fondos propios de 250 euros por cada kWp de potencia en instalacións de xeración fotovoltaica, cun límite de 100 kWp (nunha ou en varias instalacións), do investimento elixible da actuación definida en cada concello, de ata 25.000 euros, que se sumarán ao financiamento previsto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.
- importe restante, ata chegar ao 100 % do importe das actuacións para realizar dentro do seu termo municipal, é achegado por cada un dos concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] achega a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente no que se adhire ao proxecto e se compromete a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para realizar o mencionado proxecto, no caso de ser subvencionado.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do [DATA DA XG ACEPTACIÓN AXUDA] aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO] aos concellos beneficiarios, e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións para realizar no termo municipal que corresponde ao Concello, o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA DO IDAE	ACHEGA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	ACHEGA DO CONCELLO
[NOME DO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO	[IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA



A Deputación comprométese a achegar, para a realización das actuacións no Concello descritas neste convenio de colaboración, o importe que ascende a [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA DEPO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]) consignados na aplicación [APLICACIÓN ORZAMENTARIA DO PROXECTO], dentro do proxecto de gastos codificado como “[PROXECTO DE GASTO]”.

O Concello financiará o importe restante; é dicir, [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA CONCELLO]) que, segundo se recolle no compromiso adoptado polo órgano competente, se ingresará no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.

O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.

Cuarta. Contratación

O Concello adherido ao proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II” delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para executar as actuacións do citado proxecto dentro do seu termo municipal.

Neste sentido, a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios, así como a súa montaxe e instalación, seguridade e saúde, así como demais contratos complementarios.

Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a incrementar a cantidade total estipulada no convenio deberase contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase integramente polo propio Concello.



Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descritiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo achegado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello, poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, logo do informe e proposta da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

En todo caso, cumprírase o artigo 19, Modificación da resolución, da citada Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, no relativo á modificación da resolución, sen que sexa necesaria a autorización das modificacións do orzamento do beneficiario cando non supoñan un incremento superior ao 20 % nos conceptos susceptibles de axuda que figuren na resolución de concesión, compensables con diminucións doutros conceptos, sen que en ningún caso poidan comportar unha alteración da valoración que recibise a actuación subvencionada nin supoñer un incremento do importe da axuda total para o dito beneficiario e sempre que estea debidamente motivada.

Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descritiva das actuacións que se van acometer, e asumir as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.
- Asumir a coordinación xeral da operación e da xestión económica e financeira desta, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluído o cumprimento dos resultados previstos, así como representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co IDAE, co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos, coa Intervención Xeral da Administración do Estado, co Tribunal de Contas e/ou cos órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e cos demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE).
- Financiar a execución das actuacións no termo municipal do Concello de [NOME DO CONCELLO], tal como se reflicte na cláusula terceira.
- Licitat, adxudicat, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descritiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello. Unha vez recibidos os traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, que deberá ordenarse previamente mediante unha resolución Presidencial, e detallarase na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos cinco (5) anos posteriores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello. Ademais, deberase manter a asignación a consumidores vulnerables en termos do número de consumidores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión.



- Colocar, no mesmo lugar da actuación e nun lugar ben visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo e proporcional á contía do financiamento, con información sobre a actuación, no que se mencionará a axuda financeira recibida, co lema “Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU” e o logo deste plan, seguindo as instrucións establecidas no manual de imaxe do IDAE relativas á carteleira. Este cartel temporal debe estar visible ata a finalización da actuación. Nun prazo de tres (3) meses desde a finalización da execución da actuación, deberá colocar, nun lugar ben visible, un cartel ou unha placa permanente, de tamaño significativo, por un período de polo menos dez (10) anos. Este cartel ou esta placa permanente indicará o nome e o obxecto principal da actuación, o emblema da UE, a declaración de financiamento adecuada: “Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, xunto co logo do PRTR e segundo o manual de imaxe do IDAE.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ao tratarse dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.
- Aplicar procedementos de bo goberno dos fondos e de control interno apropiados nos niveis de xestión, deseñados para ofrecer garantías razoables na consecución dos seguintes obxectivos: eficacia, eficiencia e economía das operacións; fiabilidade dos informes; salvagarda dos activos e da información; xestión adecuada dos riscos relativos á legalidade e regularidade das operacións subxacentes; e prevención, detección, corrección e seguimento de fraudes, conflitos de interese e irregularidades.
- Proporcionarlle ao IDAE, de acordo co previsto na resolución da convocatoria das axudas, a documentación técnica necesaria *ex post* referida no citado texto (cláusula décimo cuarta), entre ela, a memoria técnica de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, a memoria económica xustificativa e a lista de contratistas e subcontratistas, así como a relativa ao cumprimento de “non causar un prexuízo significativo ao medio” (principio DNSH).
- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos nas bases e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario conforme ás normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Dispoñer dunha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación nesta, e conservar durante cinco (5) anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Presentar as xustificacións de pago, garantindo os gastos para acreditar ante o IDAE a realización da actuación subvencionable nos termos expostos na resolución de convocatoria das axudas, e facilitar, ademais, as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta execución do proxecto, achegando, para o efecto, tanta documentación se lle requira.
- Someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e os órganos de control competentes, tanto nacionais coma da Unión Europea, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos da Unión Europea, para o que achegará tanta información lle sexa requirida. Neste contexto, coa presentación da solicitude de axuda, o beneficiario acepta e consente expresamente a concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e/ou as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control e fiscalización, de conformidade co



establecido no artigo 22.2.e do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.

- Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicarlle de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompañe á solicitude.
- Aceptar os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian a operación, poñendo á disposición todos os documentos que lle sexan requiridos.
- Conservar os documentos orixinais relacionados co outorgamento da axuda ou coa súa xustificación durante un prazo de cinco (5) anos en xeral e de tres (3) anos nos casos en que o financiamento sexa dun importe igual ou inferior a 60.000 €, contados desde a data de finalización do prazo establecido para a execución da actuación obxecto da axuda. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente suporá o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da LXS.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que recibise calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Cumprir todo o derivado das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lles sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias neste marco.

Pola súa banda, o Concello está obrigado a:

- Dispoñer de orzamento para acometer a achega con fondos propios á actuación, tendo en conta os procedementos e os límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao financiamento de NextGenerationEU percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se verifique a actuación, conforme ao procedemento establecido na Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal, con carácter xeral, no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.



- Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento outorgaranse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, cando teña delegadas as facultades de recadación no devandito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.
- Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo as actuacións que se contemplan na memoria descritiva do proxecto. Neste sentido, o Concello deberá acreditar a titularidade das instalacións sobre as que se executará a instalación de paneis fotovoltaicos e demais elementos descritos no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II”.
- Obter e manter en vigor os permisos, as licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente.
- Facilitarlle á Deputación de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses desde a data da sinatura deste convenio, unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables (na que se inclúa, polo menos, o nome e apelidos da persoa beneficiaria, o DNI/NIE, o teléfono e correo electrónico de contacto, o enderezo completo da vivenda, a potencia contratada, o número de contrato de subministración eléctrica e o código universal de punto de subministración) aos que incluírá como consumidores asociados a unha nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede, recollido na letra iii do apartado g do artigo 3 do Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
- Para estes efectos, considerárase vulnerable o consumidor beneficiario do bono social, nos termos establecidos no Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo o mantemento e a conservación da infraestrutura obxecto do convenio e asumir a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. En caso de non garantir durante os cinco (5) anos posteriores á formalización da acta de recepción dos traballos o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable ao respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da autoridade de xestión da UE coma a perda da subvención para recibir do NextGenerationEU, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle ao Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do NextGenerationEU coma a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.



- Aceptar os controis e as auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que lle achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran.
- Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas.
- Someterse ás actuacións de control das institucións da UE, en virtude do artigo 22.2.e do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e nacionais que eventualmente sexan de aplicación.
- Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descritiva das actuacións que se van realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo.
- Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto.
- Cumprir cos requisitos de información, difusión e publicidade establecidos na Orde TED/765/2024 e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario de acordo coas normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Respetar e preservar os principios horizontais da Unión Europea (desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres), e telos en conta para a execución das actividades e accións do proxecto.
- Respetar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación.
- Cumprir cantas disposicións deriven das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lle sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias.

Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas concedidas por calquera Administración pública ou organismo ou ente público nacional, sempre e cando o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non supere o custo do proxecto e cumpra coa normativa nacional e europea de axudas do Estado.



Esta axuda será incompatible con outras axudas concedidas pola Unión Europea para a mesma finalidade.

Cando se soliciten ou se obteñan axudas doutras institucións ou administracións públicas para o mesmo proxecto, deberá comunicárselle ao IDAE de forma inmediata para que este verifique tanto a súa compatibilidade coma que non se excederon os límites máximos de intensidade vixente en cada convocatoria.

Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Toda referencia á actuación obxecto deste convenio de colaboración en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión, debe cumprir cos requisitos que figuren no manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na Sede electrónica do IDAE, no que figurarán o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, nos termos previstos no artigo 18.4 da LXS e no 31 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Así mesmo, as instalacións ou, no seu caso, os equipos correspondentes obxecto das actuacións do citado proxecto deberán estar sinalizados de acordo co indicado no manual de imaxe deste programa, que estará dispoñible na Sede electrónica de IDAE.

A sinatura deste convenio de colaboración implica a aceptación do disposto tanto na normativa nacional coma na europea que regule o Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, sobre actividades de información e publicidade. Así, deberá mencionarse a orixe do financiamento recibido e garantir a súa visibilidade, en particular cando se promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

No caso de que o Concello ou a Deputación gozasen doutras axudas e estivesen obrigados a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados para as outras fontes de financiamento.

No referente á documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados, deberá facerse constar expresamente o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e farase referencia ao Programa de enerxías renovables innovadoras do IDAE. Esta obriga refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:

- a) Anuncios de licitación.
- b) Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- c) Contratos administrativos.
- d) Traballos presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)
- e) Convenios de colaboración.

Así mesmo, en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa en todos os formatos que para este fin se lles faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola Administración provincial.



En todo caso, as accións para desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello referido e a Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

Novena. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio, coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira, e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, e obrigárase a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décima. Comisión de Seguimento e Control

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control, integrada polo presidente da Deputación e pola alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou polas persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento e Control:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos aos que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este convenio se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.



A citada comisión reunirse cando o seu responsable o estime oportuno, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e a súa ou o seu secretario, quen levantará acta das reunións.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate da realización e xustificación das actuacións obxecto deste, en todo caso, ata o 31 de marzo do 2026.

Non obstante, a vixencia deste convenio estenderase automaticamente ata o 31 de agosto do 2026 si mediante a modificación da resolución de concesión polo órgano concedente da axuda se ampliase o prazo ata dita data para o remate da realización e xustificación das actuacións; sempre respectando os límites establecidos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e de acordo coa Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na normativa que regula a súa convocatoria.

No caso de que o IDAE conceda a ampliación do prazo para o remate da realización e xustificación das actuacións máis alá do 31 de agosto de 2026 tramitarase a correspondente addenda.

Décimo segunda. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- 2) O acordo unánime dos asinantes.
- 3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Control. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.

- 4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da LXS e do Real decreto 887/2006; polos pactos contidos neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.



Ao ser un proxecto cofinanciado, aprobado no ámbito de execución e xestión dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, está suxeito á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Resolución, de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.
- Real Decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE-NextGenerationEU.
- Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, de 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027.
- Regulamento (CE, Euratom) núm. 2988/1995 do Consello, de 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas.
- Regulamento (EU, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento xeral da UE (Regulamento financeiro).
- Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ou nas súas modificacións, segundo o tipo de proxecto, así como o Regulamento (UE) 2023/1315 da Comisión, de 23 de xuño de 2023, polo que se modifica o anterior.
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Regulamento delegado (UE) 2021/2139 da Comisión, de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852.



- Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, modificada pola Directiva (UE) 2018/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018.
- Regulamento de execución (UE) 2021/437 da Comisión, de 3 de marzo de 2021, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) núm. 1011/2014, polo que respecta ás modificacións do modelo para a transmisión de datos financeiros, o modelo de solicitude de pago, incluída a información adicional sobre os instrumentos financeiros, así como o modelo para as contas.
- Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030.
- Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, Plan de recuperación transformación e resiliencia de España, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e Proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño.
- Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Resolución, de 30 xullo de 2024, do Consello de Administración de E. P. E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), pola que se realiza a primeira convocatoria dos cinco programas de incentivos incluídos dentro das bases reguladoras de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables no marco do PRTR financiado pola UE–NextGenerationEU.
- Resolución Presidencial núm. 2023001273, de 14 de febreiro de 2023, pola que se regula a información para remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e polos seus organismos dependentes.

Décimo cuarta. Resolución de conflitos

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.



E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O/A [ALCALDE/ALCALDESA] do
Concello de [NOME DO CONCELLO]
Asdo.: [NOME
ALCALDE/ALCALDESA]

O presidente da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Luis López Diéguez

O secretario da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

17.35505.- ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III; NOS MUNICIPIOS DE MONDARIZ-BALNEARIO, SILLEDA, MONDARIZ, A CAÑIZA, FORNELOS DE MONTES, DOZÓN, BUEU E SANXENXO” E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS (EXPTE.2024067518)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente transcribe:

“Á vista da notificación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013888, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo” e co obxecto de aceptar a axuda proposta ao amparo da Resolución do 30 de xullo de 2024, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS) o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, o 10 de outubro 2024, mediante sede electrónica desde a Deputación de Pontevedra informouse os concellos da intención da institución provincial en participar no programa Enerxías Renovables Innovadoras. Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica as solicitudes de participación de 38 concellos.



- Para unha maior operatividade, agrupáronse os concellos en diferentes proxectos, tendo en conta a súa clasificación en canto a municipios de reto demográfico e a orde de chegada das solicitudes de adhesión ao rexistro electrónico da Deputación. Deste xeito, no proxecto con número de expediente PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” tivéronse en conta as seguintes:

AYUNTAMIENTO	REGISTRO ENTRADA	FECHA	HORA
Mondariño Balneario	WEB2024065718	25/10/2024	13:51:21
Silleda	WEB2024066155	29/10/2024	10:20:54
Mondariño	WEB2024066204	29/10/2024	12:35:08
A Cañiza	WEB2024066814	31/10/2024	13:59:37
Fornelos de Montes	2024020245	04/11/2024	14:08:09
Dozón	WEB2024067211	04/11/2024	17:18:55
Sanxenxo	WEB2024067164	04/11/2024	13:52:41
Buen	WEB2024067927	07/11/2024	09:40:03

- Acompañando á instancia xenerica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.
- Concretamente, as actuacións para desenvolver en cada un dos concellos incluídos no citado proxecto consisten a instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima inferior a 99,99 kWp composta por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, incluíndo polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondeado o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade, e en calquera caso como mínimo que inclúan un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Mediante Resolución Presidencial número RP2024008803 de data 14/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002310 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III nos municipios de Mondariño-Balneario, Silleda, Mondariño, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo.
- En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034861 e código número PR-RENOINN-2024-000364. Tras a súa avaliación, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:



PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III”	
INVESTIMENTO TOTAL (IVE incluído)	AXUDA IDAE
909.232,72 €	515.524,00 €

Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instructor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.
- As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

“Concellos Reto Demográfico +Renovables III” en los municipios de Mondariz Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu, Sanxenxo.				
CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA IDAE	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	APORTACIÓN CONCELLO
Mondariz Balneario	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Silleda	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Mondariz	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Bueu	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Sanxenxo	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
A Cañiza	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Dozón	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Fornelos de Montes	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Totales	909.232,72 €	515.524,00 €	199.800,00 €	193.908,72 €

- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo.	
CONCEPTO	IMPORTE
Honorarios técnicos	20.971,27 €
Dirección facultativa	13.210,25 €
Custo execución de Obra	717.250,48 €
TOTAL, SEN IVE	751.432,00 €
TOTAL, CON IVE	909.232,72 €



- Unha vez concedida a axuda e aceptada, a súa execución está prevista que se realice tanto a contratación como a súa execución por parte desta Deputación Provincial no exercicio 2025, sendo necesario dotar de crédito no orzamento do devandito exercicio, de acordo co cronograma que se aprobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
<i>Axuda concedida IDAE (56,66%)</i>	515.524,00 €
<i>Achega máxima Deputación (21,96%)</i>	199.800,00 €
<i>Achega concello (21,38%)</i>	193.908,72 €
<i>Total</i>	909.232,72 €

- Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico

- Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.



Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instructor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instructor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instructor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instructor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.
- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición pecuniaria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



Conclusións:

O proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo”, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), foi presentado ante o IDAE pola Deputación de Pontevedra co obxecto de incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores vulnerables da zona.

Para o seu financiamento, solicitouse unha axuda con cargo aos fondos NextGenerationEU, (máximo do 58% do custo elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación calculada en base a 250 euros por cada kWp de potencia instalada nas plantas fotovoltaica, co límite de 25.000 euros para cada concello; achegando o importe restante Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo como concellos beneficiarios.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 515.524,00 euros correspondentes á Proposta de Resolución Definitiva de axudas do IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364, aceptada en data 07/07/2025.

Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 193.908,72 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 199.800,00 euros.

Unha vez aceptada a Proposta de Resolución Definitiva da axuda outorgada polo IDAE, iníciase os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.

En consecuencia, fai falta completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 199.800,00 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da Proposta de Resolución Definitiva da axuda concedida polo IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposto nos antecedentes, condicionando a súa eficacia á publicación da Resolución Definitiva da axuda.

Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 28/07/2025, e da Intervención Provincial de data 30/07/2025, a Xunta de Goberno, Acorda por unanimidade:

- Aceptar a proposta de axuda ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo”, mediante Proposta de Resolución Definitiva favorable do director xeral do IDAE de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013888 na Deputación de Pontevedra, para a súa execución por importe de 515.524,00 euros para un investimento total de 909.232,72 euros, condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda.
- Aprobar o gasto para a anualidade 2025 cos importes que corresponden dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
Axuda concedida IDAE (56,66%)	515.524,00 €
Achega máxima Deputación (21,96%)	199.800,00 €
Achega concello (21,38%)	193.908,72 €
Total	909.232,72 €

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención proposta e polos importes das achegas dos concellos de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao amparo do proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación), condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda, que se relacionan a continuación:



“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo.	
CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Mondariz Balneario	24.975,00 €
Silleda	24.975,00 €
Mondariz	24.975,00 €
Bueu	24.975,00 €
Sanxenxo	24.975,00 €
A Cañiza	24.975,00 €
Dozón	24.975,00 €
Fornelos de Montes	24.975,00 €
Totales	199.800,00 €

- Aprobar o Convenio Marco de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de [nome do concello] para levar a cabo, dentro do seu termo municipal, as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU, cuxo texto literal se atopa recollido no anexo I deste Acordo.

A presente subvención concédese con suxeición ás seguintes condicións:

- A efectividade do acordo de concesión quedará condicionando á publicación da Resolución Definitiva da axuda, e a sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán con detalle as actuacións concretas a desenvolver, deberes e dereitos das partes.
- As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
- O beneficiario deberá posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias, así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao amparo do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.
- O beneficiario deberá facilitar á Deputación de Pontevedra unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables aos que incluír como consumidores asociados a nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede regulado pola letra iii) do apartado g) do artigo 3 do Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica. Para estes efectos, considerarase vulnerable ao consumidor beneficiario do bono social nos termos que se establecen no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
-



- Os municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos, das subministracións ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” que consisten na instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. A nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
 - A adxudicación do contrato da obra e da subministración necesaria, para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III”, quedará condicionada á Resolución Definitiva da axuda e á sinatura do correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello.
 - Calquera outra obrigação estipulada nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e as súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlle traslado do presente acordo aos concellos beneficiarios, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Anexo I

CONVENIO MARCO

“PR-RENOINN-2024-000364

“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III; NOS MUNICIPIOS DE
MONDARIZ-BALNEARIO, SILLEDA, MONDARIZ, A CAÑIZA, FORNELOS DE MONTES,
DOZÓN, BUEU E SANXENXO”

Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Programa de incentivos 4: Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables.

Documento asinado electronicamente por:



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE [NOME DO CONCELLO] PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III”, AO ABEIRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA–NEXTGENERATIONEU.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, [NOME ALCALDE/ALCALDESA], [ALCALDE/ALCALDESA] do Concello de [NOME DO CONCELLO], na representación legal que deste lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN QUE

- I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.
- II. Na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo ás enerxías renovables e á economía baixa en carbono, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír ao impulso de proxectos innovadores de enerxías renovables, á redución das emisión de CO₂ á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.
- III. Dentro deste marco, o 10 de outubro de 2024 a Deputación de Pontevedra informou os concellos e entidades locais menores da provincia, mediante unha carta enviada pola Sede electrónica, da intención de presentar un proxecto innovador de enerxías renovables e almacenamento ao abeiro do programa “Enerxías renovables innovadoras” do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (en diante, IDAE).



- IV. O Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a aprobación e a posterior remisión a través da Sede electrónica o [DATA RECEPCIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN] do Acordo de adhesión ao proxecto “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.
- V. Mediante a Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP] do [DATA RP], emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP EMENDA] do [DATA RP EMENDA], a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” para os concellos de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo ante o IDAE, no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables”, definida no anexo II da Orde TED/765/2024, de 22 de xullo.
- VI. O 18 de novembro de 2024 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado [NOME DO PROXECTO] e asígnaselle o rexistro núm. [NÚMERO DE REXISTRO DA SOLICITUDE]. Tras a súa avaliación, o [DATA RESOLUCIÓN DEFINITIVA] (rexistro de entrada número: [NÚMERO DE REXISTRO DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA]) recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo a NextGenerationEU por importe de [IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA] euros para un investimento total de [IMPORTE TOTAL DA INVERSIÓN CO IVE], IVE incluído, coa asignación ao proxecto do número PR-RENOINN-2024-000364.
- VII. Esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca executar as actividades incluídas no proxecto aprobado antes citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente, preténdese a instalación e a posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento con capacidade máxima de 50 kWh composta por baterías de litio, así como por un sistema *software* que permitirá ter monitorizadas as producións, co fin de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as e os consumidores da zona.
- VIII. Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) atribúense, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada, así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.
- Neste mesmo sentido, no artigo 36.1.d da citada lei establécese, dentro das súas competencias, “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”. Á súa vez, nos artigos 25 e 26 atribúeselles aos concellos as competencias en materia de medio ambiente urbano.
- IX. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.



X. Por último, o Concello participante no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos, delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.

Neste sentido, e coa intencionalidade de garantir o deber do beneficiario de realización dos investimentos subvencionables e a execución das actuacións obxecto da axuda antes do 31 de marzo de 2026, enténdese necesario iniciar na maior brevidade os expedientes de contratación correspondentes ao expediente indicado, polo que desde a institución provincial se formulou un requirimento de achega de compromiso e aportación económica ao concello para que, no prazo máximo de 15 días desde a súa recepción, en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] recibíuse a achega de compromiso de dita entidade para realizar a aportación municipal antes do 15/12/2025 correspondente as actuacións a realizar no seu concello e recollidas no expediente de axuda indicado.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] para levar a cabo os traballos de instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima de 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema *software* que permitirá ter monitorizada a produción enerxética.

Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, e incluírá polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre as e os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondearase o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade e, en calquera caso, como mínimo, incluírá un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para as e os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Deste xeito, incentívase o autoconsumo co obxecto de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio, coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as persoas consumidoras da zona.



Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO], ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.

Segunda. Ámbito de actuación

A continuación, defínese a localización das actuacións para realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do concello:

Concello de [NOME DO CONCELLO]
[TEXTO CORRESPONDENTE A CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.4 RESUMEN DEL PROYECTO” DA MEMORIA]. En concreto, a instalación fotovoltaica realizarase en: [LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN EN CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.2 DESCRIPCIÓN DE LAS ACTUACIONES A REALIZAR” DA MEMORIA].

Terceira. Importe e financiamento

O investimento elixible admitido polo IDAE no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” para realizar as actuacións dentro do termo municipal de [NOME DO CONCELLO], ascende á cantidade de [IMPORTE EN LETRA DO INVESTIMENTO NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo aos fondos NextGenerationEU, concedeulle á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de [IMPORTE EN LETRA DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO]).

Para facerlle fronte ao importe restante (total do custo elixible admitido), a Deputación de Pontevedra e o Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación fará unha achega adicional con fondos propios de 250 euros por cada kWp de potencia en instalacións de xeración fotovoltaica, cun límite de 100 kWp (nunha ou en varias instalacións), do investimento elixible da actuación definida en cada concello, de ata 25.000 euros, que se sumarán ao financiamento previsto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.
- importe restante, ata chegar ao 100 % do importe das actuacións para realizar dentro do seu termo municipal, é achegado por cada un dos concellos.



Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] achega a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente no que se adhire ao proxecto e se compromete a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para realizar o mencionado proxecto, no caso de ser subvencionado.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do [DATA DA XG ACEPTACIÓN AXUDA] aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO] aos concellos beneficiarios, e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións para realizar no termo municipal que corresponde ao Concello, o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA DO IDAE	ACHEGA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	ACHEGA DO CONCELLO
[NOME DO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO	[IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA

A Deputación comprométese a achegar, para a realización das actuacións no Concello descritas neste convenio de colaboración, o importe que ascende a [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA DEPO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]) consignados na aplicación [APLICACIÓN ORZAMENTARIA DO PROXECTO], dentro do proxecto de gastos codificado como “[PROXECTO DE GASTO]”.

O Concello financiará o importe restante; é dicir, [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA CONCELLO]) que, segundo se recolle no compromiso adoptado polo órgano competente, se ingresará no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.

O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.



Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.

Cuarta. Contratación

O Concello adherido ao proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para executar as actuacións do citado proxecto dentro do seu termo municipal.

Neste sentido, a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios, así como a súa montaxe e instalación, seguridade e saúde, así como demais contratos complementarios.

Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a incrementar a cantidade total estipulada no convenio deberase contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase integramente polo propio Concello.

Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descritiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo achegado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello, poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, logo do informe e proposta da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

En todo caso, cumprírase o artigo 19, Modificación da resolución, da citada Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, no relativo á modificación da resolución, sen que sexa necesaria a autorización das modificacións do orzamento do beneficiario cando non supoñan un incremento superior ao 20 % nos conceptos susceptibles de axuda que figuren na resolución de concesión, compensables con diminucións doutros conceptos, sen que en ningún caso poidan comportar unha alteración da valoración que recibise a actuación subvencionada nin supoñer un incremento do importe da axuda total para o dito beneficiario e sempre que estea debidamente motivada.



Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descritiva das actuacións que se van acometer, e asumir as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.
- Asumir a coordinación xeral da operación e da xestión económica e financeira desta, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluído o cumprimento dos resultados previstos, así como representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co IDAE, co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos, coa Intervención Xeral da Administración do Estado, co Tribunal de Contas e/ou cos órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e cos demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE).
- Financiar a execución das actuacións no termo municipal do Concello de [NOME DO CONCELLO], tal como se reflicte na cláusula terceira.
- Licitat, adxudicat, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descritiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello. Unha vez recibidos os traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, que deberá ordenarse previamente mediante unha resolución Presidencial, e detallarase na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos cinco (5) anos posteriores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello. Ademais, deberase manter a asignación a consumidores vulnerables en termos do número de consumidores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión.
- Colocar, no mesmo lugar da actuación e nun lugar ben visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo e proporcional á contía do financiamento, con información sobre a actuación, no que se mencionará a axuda financeira recibida, co lema “Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU” e o logo deste plan, seguindo as instrucións establecidas no manual de imaxe do IDAE relativas á carteleira. Este cartel temporal debe estar visible ata a finalización da actuación. Nun prazo de tres (3) meses desde a finalización da execución da actuación, deberá colocar, nun lugar ben visible, un cartel ou unha placa permanente, de tamaño significativo, por un período de polo menos dez (10) anos. Este cartel ou esta placa permanente indicará o nome e o obxecto principal da actuación, o emblema da UE, a declaración de financiamento adecuada: “Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, xunto co logo do PRTR e segundo o manual de imaxe do IDAE.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ao tratarse dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.
- Aplicar procedementos de bo goberno dos fondos e de control interno apropiados nos niveis de xestión, deseñados para ofrecer garantías razoables na consecución dos seguintes obxectivos: eficacia, eficiencia e economía das operacións; fiabilidade dos informes; salvagarda dos activos e da información; xestión adecuada dos riscos relativos á legalidade e regularidade das operacións subxacentes; e prevención, detección, corrección e seguimento de fraudes, conflitos de interese e irregularidades.
- Proporcionarlle ao IDAE, de acordo co previsto na resolución da convocatoria das axudas, a documentación técnica necesaria *ex post* referida no citado texto (cláusula décimo cuarta), entre ela, a memoria técnica de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, a memoria económica xustificativa e a lista de contratistas e subcontratistas, así como a relativa ao cumprimento de “non causar un prexuízo significativo ao medio” (principio DNSH).



- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos nas bases e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario conforme ás normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Dispoñer dunha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación nesta, e conservar durante cinco (5) anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Presentar as xustificacións de pago, garantindo os gastos para acreditar ante o IDAE a realización da actuación subvencionable nos termos expostos na resolución de convocatoria das axudas, e facilitar, ademais, as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta execución do proxecto, achegando, para o efecto, tanta documentación se lle requira.
- Someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e os órganos de control competentes, tanto nacionais coma da Unión Europea, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos da Unión Europea, para o que achegará tanta información lle sexa requirida. Neste contexto, coa presentación da solicitude de axuda, o beneficiario acepta e consente expresamente a concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e/ou as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control e fiscalización, de conformidade co establecido no artigo 22.2.e do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicarlle de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompañe á solicitude.
- Aceptar os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian a operación, poñendo á disposición todos os documentos que lle sexan requiridos.
- Conservar os documentos orixinais relacionados co outorgamento da axuda ou coa súa xustificación durante un prazo de cinco (5) anos en xeral e de tres (3) anos nos casos en que o financiamento sexa dun importe igual ou inferior a 60.000 €, contados desde a data de finalización do prazo establecido para a execución da actuación obxecto da axuda. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente suporá o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da LXS.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que recibise calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.



- Cumprir todo o derivado das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lles sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias neste marco.

Pola súa banda, o Concello está obrigado a:

- Dispoñer de orzamento para acometer a achega con fondos propios á actuación, tendo en conta os procedementos e os límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao financiamento de NextGenerationEU percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se verifique a actuación, conforme ao procedemento establecido na Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal, con carácter xeral, no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.
- Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento outorgaranse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, cando teña delegadas as facultades de recadación no devandito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.
- Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo as actuacións que se contemplan na memoria descritiva do proxecto. Neste sentido, o Concello deberá acreditar a titularidade das instalacións sobre as que se executará a instalación de paneis fotovoltaicos e demais elementos descritos no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III”.
- Obter e manter en vigor os permisos, as licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente.
- Facilitarlle á Deputación de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses desde a data da sinatura deste convenio, unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables (na que se inclúa, polo menos, o nome e apelidos da persoa beneficiaria, o DNI/NIE, o teléfono e correo electrónico de contacto, o enderezo completo da vivenda, a potencia contratada, o número de contrato de subministración eléctrica e o código universal de punto de subministración) aos que incluírá como consumidores asociados a unha nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede, recollido na letra iii do apartado g do artigo 3 do Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.



- Para estes efectos, considerarase vulnerable o consumidor beneficiario do bono social, nos termos establecidos no Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo o mantemento e a conservación da infraestrutura obxecto do convenio e asumir a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. En caso de non garantir durante os cinco (5) anos posteriores á formalización da acta de recepción dos traballos o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable ao respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da autoridade de xestión da UE coma a perda da subvención para recibir do NextGenerationEU, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle ao Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do NextGenerationEU coma a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Aceptar os controis e as auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que lle achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran.
- Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas.
- Someterse ás actuacións de control das institucións da UE, en virtude do artigo 22.2.e do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e nacionais que eventualmente sexan de aplicación.
- Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descritiva das actuacións que se van realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo.
- Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto.



- Cumprir cos requisitos de información, difusión e publicidade establecidos na Orde TED/765/2024 e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario de acordo coas normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Respetar e preservar os principios horizontais da Unión Europea (desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres), e telos en conta para a execución das actividades e accións do proxecto.
- Respetar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación.
- Cumprir cantas disposicións deriven das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lle sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias.

Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas concedidas por calquera Administración pública ou organismo ou ente público nacional, sempre e cando o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non supere o custo do proxecto e cumpra coa normativa nacional e europea de axudas do Estado.

Esta axuda será incompatible con outras axudas concedidas pola Unión Europea para a mesma finalidade.

Cando se soliciten ou se obteñan axudas doutras institucións ou administracións públicas para o mesmo proxecto, deberá comunicárselle ao IDAE de forma inmediata para que este verifique tanto a súa compatibilidade coma que non se excederon os límites máximos de intensidade vixente en cada convocatoria.

Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Toda referencia á actuación obxecto deste convenio de colaboración en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión, debe cumprir cos requisitos que figuren no manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na Sede electrónica do IDAE, no que figurarán o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, nos termos previstos no artigo 18.4 da LXS e no 31 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Así mesmo, as instalacións ou, no seu caso, os equipos correspondentes obxecto das actuacións do citado proxecto deberán estar sinalizados de acordo co indicado no manual de imaxe deste programa, que estará dispoñible na Sede electrónica de IDAE.

A sinatura deste convenio de colaboración implica a aceptación do disposto tanto na normativa nacional coma na europea que regule o Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, sobre actividades de información e publicidade. Así, deberá mencionarse a orixe do financiamento recibido e garantir a súa visibilidade, en particular cando se promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.



No caso de que o Concello ou a Deputación gozasen doutras axudas e estivesen obrigados a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados para as outras fontes de financiamento.

No referente á documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados, deberá facerse constar expresamente o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e farase referencia ao Programa de enerxías renovables innovadoras do IDAE. Esta obriga refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:

- a) Anuncios de licitación.
- b) Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- c) Contratos administrativos.
- d) Traballos presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)
- e) Convenios de colaboración.

Así mesmo, en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa en todos os formatos que para este fin se lles faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola Administración provincial.

En todo caso, as accións para desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello referido e a Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

Novena. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio, coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira, e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, e obrigárase a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.



As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décima. Comisión de Seguimento e Control

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control, integrada polo presidente da Deputación e pola alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou polas persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento e Control:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos aos que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este convenio se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.

A citada comisión reunirse cando o seu responsable o estime oportuno, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e a súa ou o seu secretario, quen levantará acta das reunións.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate da realización e xustificación das actuacións obxecto deste, en todo caso, ata o 31 de marzo do 2026.

Non obstante, a vixencia deste convenio estenderase automaticamente ata o 31 de agosto do 2026 si mediante a modificación da resolución de concesión polo órgano concedente da axuda se ampliase o prazo ata dita data para o remate da realización e xustificación das actuacións; sempre respectando os límites establecidos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e de acordo coa Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na normativa que regula a súa convocatoria.

No caso de que o IDAE conceda a ampliación do prazo para o remate da realización e xustificación das actuacións máis alá do 31 de agosto de 2026 tramitarase a correspondente addenda.



Décimo segunda. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- 2) O acordo unánime dos asinantes.
- 3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento comunicaráse tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Control. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.
- 4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da LXS e do Real decreto 887/2006; polos pactos contidos neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto cofinanciado, aprobado no ámbito de execución e xestión dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, está suxeito á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Resolución, de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.
- Real Decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE-NextGenerationEU.
- Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, de 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027.
- Regulamento (CE, Euratom) núm. 2988/1995 do Consello, de 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas.
- Regulamento (EU, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento xeral da UE (Regulamento financeiro).
- Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ou nas súas modificacións, segundo o tipo de proxecto, así como o Regulamento (UE) 2023/1315 da Comisión, de 23 de xuño de 2023, polo que se modifica o anterior.
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostíbeis, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Regulamento delegado (UE) 2021/2139 da Comisión, de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852.
- Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, modificada pola Directiva (UE) 2018/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018.
- Regulamento de execución (UE) 2021/437 da Comisión, de 3 de marzo de 2021, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) núm. 1011/2014, polo que respecta ás modificacións do modelo para a transmisión de datos financeiros, o modelo de solicitude de pago, incluída a información adicional sobre os instrumentos financeiros, así como o modelo para as contas.
- Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030.
- Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, Plan de recuperación transformación e resiliencia de España, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e Proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño.
- Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Resolución, de 30 xullo de 2024, do Consello de Administración de E. P. E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), pola que se realiza a primeira convocatoria dos cinco programas de incentivos incluídos dentro das bases reguladoras de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables no marco do PRTR financiado pola UE–NextGenerationEU.
- Resolución Presidencial núm. 2023001273, de 14 de febreiro de 2023, pola que se regula a información para remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e polos seus organismos dependentes.

Décimo cuarta. Resolución de conflitos

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O/A [ALCALDE/ALCALDESA] do
Concello de [NOME DO CONCELLO]
Asdo.: [NOME
ALCALDE/ALCALDESA]

O presidente da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Luis López Diéguez

O secretario da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



18.35506.- ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I; NOS MUNICIPIOS DE POIO, O PORRIÑO, MOS, SOUTOMAIOR, PONTEAREAS, TUI E MARÍN” E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS (EXPTE.2024068090)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente transcribe:

“Á vista da notificación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013882, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín” e co obxecto de aceptar a axuda proposta ao amparo da Resolución do 30 de xullo de 2024, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS) o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, o 10 de outubro 2024, mediante sede electrónica desde a Deputación de Pontevedra informouse os concellos da intención da institución provincial en participar no programa Enerxías Renovables Innovadoras. Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica as solicitudes de participación de 38 concellos.
- Para unha maior operatividade, agrupáronse os concellos en diferentes proxectos, tendo en conta a súa clasificación en canto a municipios de reto demográfico e a orde de chegada das solicitudes de adhesión ao rexistro electrónico da Deputación. Deste xeito, no proxecto con número de expediente PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I” tivéronse en conta as seguintes:

AYUNTAMIENTO	REGISTRO ENTRADA	FECHA	HORA
Soutomaior	WEB2024064740	21/10/2024	09:11:33
Poio	WEB2024064794	21/10/2024	11:17:04
O Porriño	WEB2024064814	21/10/2024	12:08:50
Mos	WEB2024064917	21/10/2024	20:54:29
Ponteareas	WEB2024065297	23/10/2024	14:20:32
Tui	WEB2024065458	24/10/2024	12:18:54
Marín	2024019781	25/10/2024	09:53:45



- Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.
- Concretamente, as actuacións para desenvolver en cada un dos concellos incluídos no citado proxecto consisten a instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima inferior a 99,99 kWp composta por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, incluíndo polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondeado o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade, e en calquera caso como mínimo que inclúan un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Mediante Resolución Presidencial número RP2024008816 de data 14/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002307 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “CONCELLOS +RENOVABLES I nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearreas, Tui e Marín” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo.
- En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034859 e código número PR-RENOINN-2024-000142. Tras a súa avaliación, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:

PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I”	
INVESTIMENTO TOTAL (IVE incluído)	AXUDA IDAE
795.578,63 €	451.083,50 €

Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instructor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.



- As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

<i>“Concellos +Renovables I” en los municipios de Poio, Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui, Marín.</i>				
CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA IDAE	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	APORTACIÓN CONCELLO
Poio	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Porriño	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Mos	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Soutomaior	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Ponteareas	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Tui	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Marín	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
Total	795.578,63 €	451.083,50 €	174.825,00 €	169.670,13 €

- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

<i>“CONCELLOS +RENOVABLES I” nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín.</i>	
CONCEPTO	IMPORTE
Honorarios técnicos	18.349,86 €
Dirección facultativa	11.558,97 €
Custo execución de Obra	627.594,17 €
TOTAL, SEN IVE	657.503,00 €
TOTAL, CON IVE	795.578,63 €

- Unha vez concedida a axuda e aceptada, a súa execución está prevista que se realice tanto a contratación como a súa execución por parte desta Deputación Provincial no exercicio 2025, sendo necesario dotar de crédito no orzamento do devandito exercicio, de acordo co cronograma que se aprobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
Axuda concedida IDAE (56,66%)	451.083,50 €
Achega máxima Deputación (21,96%)	174.825,00 €
Achega concello (21,38%)	169.670,13 €
Total	795.578,63 €

- Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico

- Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instructor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instructor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención



- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente

- *De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instrutor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instrutor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.*
- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición pecuniaria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*

Conclusiones:

O proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín”, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), foi presentado ante o IDAE pola Deputación de Pontevedra co obxecto de incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO2, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores vulnerables da zona.

Para o seu financiamento, solicitouse unha axuda con cargo aos fondos NextGenerationEU, (máximo do 58% do custo elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación calculada en base a 250 euros por cada kWp de potencia instalada nas plantas fotovoltaica, co límite de 25.000 euros para cada concello; achegando o importe restante Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín como concellos beneficiarios.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 451.083,50 euros correspondentes á Proposta de Resolución Definitiva de axudas do IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142, aceptada en data 07/07/2025.



Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 169.670,13 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 174.825,00 euros.

Unha vez aceptada a Proposta de Resolución Definitiva da axuda outorgada polo IDAE, iníciáanse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.

En consecuencia, fai falta completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 174.825,00 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propoño a aceptación da Proposta de Resolución Definitiva da axuda concedida polo IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposto nos antecedentes, condicionando a súa eficacia á publicación da Resolución Definitiva da axuda.

Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación

Marcos Areán González

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 28/07/2025, e da Intervención Provincial de data 30/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a proposta de axuda ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín”, mediante Proposta de Resolución Definitiva favorable do director xeral do IDAE de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013882 na Deputación de Pontevedra, para a súa execución por importe de 451.083,50 euros para un investimento total de 795.578,63 euros, condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda.



- Aprobar o gasto para a anualidade 2025 cos importes que corresponden dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
Axuda concedida IDAE (56,66%)	451.083,50 €
Achega máxima Deputación (21,96%)	174.825,00 €
Achega concello (21,38%)	169.670,13 €
Total	795.578,63 €

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención proposta e polos importes das achegas dos concellos de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearas, Tui e Marín, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao amparo do proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearas, Tui e Marín” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación), condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda, que se relacionan a continuación:

“CONCELLOS +RENOVABLES I” nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearas, Tui e Marín.	
CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Poio	24.975,00 €
Porriño	24.975,00 €
Mos	24.975,00 €
Soutomaior	24.975,00 €
Pontearas	24.975,00 €
Tui	24.975,00 €
Marín	24.975,00 €
Total	174.825,00 €

- Aprobar o Convenio Marco de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de [nome do concello] para levar a cabo, dentro do seu termo municipal, as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU, cuxo texto literal se atopa recollido no anexo I deste Acordo.



A presente subvención concédese con suxeición ás seguintes condicións:

- A efectividade do acordo de concesión quedará condicionando á publicación da Resolución Definitiva da axuda, e a sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán con detalle as actuacións concretas a desenvolver, deberes e dereitos das partes.
 - As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
 - O beneficiario deberá posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias, así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao amparo do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.
 - O beneficiario deberá facilitar á Deputación de Pontevedra unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables aos que incluír como consumidores asociados a nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede regulado pola letra iii) do apartado g) do artigo 3 do Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica. Para estes efectos, considerárase vulnerable ao consumidor beneficiario do bono social nos termos que se establecen no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
 - Os municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos, das subministracións ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I” que consisten na instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. A nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
 - A adxudicación do contrato da obra e da subministración necesaria, para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I”, quedará condicionada á Resolución Definitiva da axuda e á sinatura do correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello.
 - Calquera outra obrigação estipulada nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e as súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlle traslado do presente acordo aos concellos beneficiarios, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



Anexo I

CONVENIO MARCO

“PR-RENOINN-2024-000142
“CONCELLOS +RENOVABLES I; NOS MUNICIPIOS DE POIO, O PORRIÑO, MOS,
SOUTOMAIOR, PONTEAREAS, TUI E MARÍN”

Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Programa de incentivos 4: Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables.

Documento asinado electronicamente por:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE [NOME DO CONCELLO] PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I”, AO ABEIRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, [NOME ALCALDE/ALCALDESA], [ALCALDE/ALCALDESA] do Concello de [NOME DO CONCELLO], na representación legal que deste lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal. Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,



EXPOÑEN QUE

- I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.
- II. Na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo ás enerxías renovables e á economía baixa en carbono, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír ao impulso de proxectos innovadores de enerxías renovables, á redución das emisións de CO₂ á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.
- III. Dentro deste marco, o 10 de outubro de 2024 a Deputación de Pontevedra informou os concellos e entidades locais menores da provincia, mediante unha carta enviada pola Sede electrónica, da intención de presentar un proxecto innovador de enerxías renovables e almacenamento ao abeiro do programa “Enerxías renovables innovadoras” do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (en diante, IDAE).
- IV. O Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a aprobación e a posterior remisión a través da Sede electrónica o [DATA RECEPCIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN] do Acordo de adhesión ao proxecto “CONCELLOS +RENOVABLES I”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.
- V. Mediante a Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP] do [DATA RP], emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP EMENDA] do [DATA RP EMENDA], a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “CONCELLOS +RENOVABLES I” para os concellos de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearreas, Tui e Marín ante o IDAE, no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables”, definida no anexo II da Orde TED/765/2024, de 22 de xullo.
- VI. O 18 de novembro de 2024 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado [NOME DO PROXECTO] e asígnaselle o rexistro núm. [NÚMERO DE REXISTRO DA SOLICITUDE]. Tras a súa avaliación, o [DATA RESOLUCIÓN DEFINITIVA] (rexistro de entrada número: [NÚMERO DE REXISTRO DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA]) recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo a NextGenerationEU por importe de [IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA] euros para un investimento total de [IMPORTE TOTAL DA INVERSIÓN CO IVE], IVE incluído, coa asignación ao proxecto do número PR-RENOINN-2024-000142.



- VII. Esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca executar as actividades incluídas no proxecto aprobado antes citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente, preténdese a instalación e a posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento con capacidade máxima de 50 kWh composta por baterías de litio, así como por un sistema *software* que permitirá ter monitorizadas as producións, co fin de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as e os consumidores da zona.
- VIII. Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) atribúense, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada, así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.
- Neste mesmo sentido, no artigo 36.1.d da citada lei establécese, dentro das súas competencias, “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”. Á súa vez, nos artigos 25 e 26 atribúeselles aos concellos as competencias en materia de medio ambiente urbano.
- IX. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- X. Por último, o Concello participante no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos, delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.
- Neste sentido, e coa intencionalidade de garantir o deber do beneficiario de realización dos investimentos subvencionables e a execución das actuacións obxecto da axuda antes do 31 de marzo de 2026, enténdese necesario iniciar na maior brevidade os expedientes de contratación correspondentes ao expediente indicado, polo que desde a institución provincial se formulou un requirimento de achega de compromiso e aportación económica ao concello para que, no prazo máximo de 15 días desde a súa recepción, en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] recibíuse a achega de compromiso de dita entidade para realizar a aportación municipal antes do 15/12/2025 correspondente as actuacións a realizar no seu concello e recollidas no expediente de axuda indicado.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] para levar a cabo os traballos de instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima de 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema *software* que permitirá ter monitorizada a produción enerxética.



Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, e incluírá polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre as e os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondearase o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade e, en calquera caso, como mínimo, incluírá un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para as e os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Deste xeito, incentívase o autoconsumo co obxecto de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio, coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as persoas consumidoras da zona.

Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO], ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.

Segunda. Ámbito de actuación

A continuación, defínese a localización das actuacións para realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do concello:

Concello de [NOME DO CONCELLO]
[TEXTO CORRESPONDENTE A CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.4 RESUMEN DEL PROYECTO” DA MEMORIA]. En concreto, a instalación fotovoltaica realizarase en: [LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN EN CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.2 DESCRIPCIÓN DE LAS ACTUACIONES A REALIZAR” DA MEMORIA].

Terceira. Importe e financiamento

O investimento elixible admitido polo IDAE no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I” para realizar as actuacións dentro do termo municipal de [NOME DO CONCELLO], ascende á cantidade de [IMPORTE EN LETRA DO INVESTIMENTO NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo aos fondos NextGenerationEU, concedeulle á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de [IMPORTE EN LETRA DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO]).



Para facerlle fronte ao importe restante (total do custo elixible admitido), a Deputación de Pontevedra e o Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación fará unha achega adicional con fondos propios de 250 euros por cada kWp de potencia en instalacións de xeración fotovoltaica, cun límite de 100 kWp (nunha ou en varias instalacións), do investimento elixible da actuación definida en cada concello, de ata 25.000 euros, que se sumarán ao financiamento previsto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.
- importe restante, ata chegar ao 100 % do importe das actuacións para realizar dentro do seu termo municipal, é achegado por cada un dos concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] achega a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente no que se adhire ao proxecto e se compromete a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para realizar o mencionado proxecto, no caso de ser subvencionado.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do [DATA DA XG ACEPTACIÓN AXUDA] aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO] aos concellos beneficiarios, e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións para realizar no termo municipal que corresponde ao Concello, o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA DO IDAE	ACHEGA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	ACHEGA DO CONCELLO
[NOME DO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO	[IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA

A Deputación comprométese a achegar, para a realización das actuacións no Concello descritas neste convenio de colaboración, o importe que ascende a [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA DEPO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]) consignados na aplicación [APLICACIÓN ORZAMENTARIA DO PROXECTO], dentro do proxecto de gastos codificado como “[PROXECTO DE GASTO]”.

O Concello financiará o importe restante; é dicir, [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA CONCELLO]) que, segundo se recolle no compromiso adoptado polo órgano competente, se ingresará no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.



O importe que ten que chegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.

Cuarta. Contratación

O Concello adherido ao proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I” delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para executar as actuacións do citado proxecto dentro do seu termo municipal.

Neste sentido, a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios, así como a súa montaxe e instalación, seguridade e saúde, así como demais contratos complementarios.

Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obligue a incrementar a cantidade total estipulada no convenio deberase contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase integramente polo propio Concello.

Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descritiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo achegado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello, poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, logo do informe e proposta da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.



En todo caso, cumprírase o artigo 19, Modificación da resolución, da citada Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, no relativo á modificación da resolución, sen que sexa necesaria a autorización das modificacións do orzamento do beneficiario cando non supoñan un incremento superior ao 20 % nos conceptos susceptibles de axuda que figuren na resolución de concesión, compensables con diminucións doutros conceptos, sen que en ningún caso poidan comportar unha alteración da valoración que recibise a actuación subvencionada nin supoñer un incremento do importe da axuda total para o dito beneficiario e sempre que estea debidamente motivada.

Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descritiva das actuacións que se van acometer, e asumir as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.
- Asumir a coordinación xeral da operación e da xestión económica e financeira desta, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluído o cumprimento dos resultados previstos, así como representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co IDAE, co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos, coa Intervención Xeral da Administración do Estado, co Tribunal de Contas e/ou cos órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e cos demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE).
- Financiar a execución das actuacións no termo municipal do Concello de [NOME DO CONCELLO], tal como se reflicte na cláusula terceira.
- Licitat, adxudicat, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descritiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello. Unha vez recibidos os traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, que deberá ordenarse previamente mediante unha resolución Presidencial, e detallarase na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos cinco (5) anos posteriores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello. Ademais, deberase manter a asignación a consumidores vulnerables en termos do número de consumidores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión.
- Colocar, no mesmo lugar da actuación e nun lugar ben visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo e proporcional á contía do financiamento, con información sobre a actuación, no que se mencionará a axuda financeira recibida, co lema “Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU” e o logo deste plan, seguindo as instrucións establecidas no manual de imaxe do IDAE relativas á carteleira. Este cartel temporal debe estar visible ata a finalización da actuación. Nun prazo de tres (3) meses desde a finalización da execución da actuación, deberá colocar, nun lugar ben visible, un cartel ou unha placa permanente, de tamaño significativo, por un período de polo menos dez (10) anos. Este cartel ou esta placa permanente indicará o nome e o obxecto principal da actuación, o emblema da UE, a declaración de financiamento adecuada: “Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, xunto co logo do PRTR e segundo o manual de imaxe do IDAE.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ao tratarse dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.



- Aplicar procedementos de bo goberno dos fondos e de control interno apropiados nos niveis de xestión, deseñados para ofrecer garantías razoables na consecución dos seguintes obxectivos: eficacia, eficiencia e economía das operacións; fiabilidade dos informes; salvagarda dos activos e da información; xestión adecuada dos riscos relativos á legalidade e regularidade das operacións subxacentes; e prevención, detección, corrección e seguimento de fraudes, conflitos de interese e irregularidades.
- Proporcionarlle ao IDAE, de acordo co previsto na resolución da convocatoria das axudas, a documentación técnica necesaria *ex post* referida no citado texto (cláusula décimo cuarta), entre ela, a memoria técnica de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, a memoria económica xustificativa e a lista de contratistas e subcontratistas, así como a relativa ao cumprimento de “non causar un prexuízo significativo ao medio” (principio DNSH).
- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos nas bases e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario conforme ás normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Dispoñer dunha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación nesta, e conservar durante cinco (5) anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Presentar as xustificacións de pago, garantindo os gastos para acreditar ante o IDAE a realización da actuación subvencionable nos termos expostos na resolución de convocatoria das axudas, e facilitar, ademais, as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta execución do proxecto, achegando, para o efecto, tanta documentación se lle requira.
- Someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e os órganos de control competentes, tanto nacionais coma da Unión Europea, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos da Unión Europea, para o que achegará tanta información lle sexa requirida. Neste contexto, coa presentación da solicitude de axuda, o beneficiario acepta e consente expresamente a concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e/ou as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control e fiscalización, de conformidade co establecido no artigo 22.2.e do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicarlle de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompañe á solicitude.
- Aceptar os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian a operación, poñendo á disposición todos os documentos que lle sexan requiridos.
- Conservar os documentos orixinais relacionados co outorgamento da axuda ou coa súa xustificación durante un prazo de cinco (5) anos en xeral e de tres (3) anos nos casos en que o financiamento sexa dun importe igual ou inferior a 60.000 €, contados desde a data de finalización do prazo establecido para a execución da actuación obxecto da axuda. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente suporá o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da LXS.



- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea obre calquera axuda financeira que non se fíxese pública anteriormente e que recibise calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Cumprir todo o derivado das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lles sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias neste marco.

Pola súa banda, o Concello está obrigado a:

- Dispoñer de orzamento para acometer a achega con fondos propios á actuación, tendo en conta os procedementos e os límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao financiamento de NextGenerationEU percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se verifique a actuación, conforme ao procedemento establecido na Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal, con carácter xeral, no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.
- Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento outorgaranse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, cando teña delegadas as facultades de recadación no devandito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.
- Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo as actuacións que se contemplan na memoria descritiva do proxecto. Neste sentido, o Concello deberá acreditar a titularidade das instalacións sobre as que se executará a instalación de paneis fotovoltaicos e demais elementos descritos no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES I”.
- Obter e manter en vigor os permisos, as licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente.



- Facilitarlle á Deputación de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses desde a data da sinatura deste convenio, unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables (na que se inclúa, polo menos, o nome e apelidos da persoa beneficiaria, o DNI/NIE, o teléfono e correo electrónico de contacto, o enderezo completo da vivenda, a potencia contratada, o número de contrato de subministración eléctrica e o código universal de punto de subministración) aos que incluírá como consumidores asociados a unha nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede, recollido na letra iii do apartado g do artigo 3 do Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
- Para estes efectos, considerárase vulnerable o consumidor beneficiario do bono social, nos termos establecidos no Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo o mantemento e a conservación da infraestrutura obxecto do convenio e asumir a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. En caso de non garantir durante os cinco (5) anos posteriores á formalización da acta de recepción dos traballos o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable ao respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da autoridade de xestión da UE coma a perda da subvención para recibir do NextGenerationEU, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle ao Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do NextGenerationEU coma a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Aceptar os controis e as auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que lle achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran.
- Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas.
- Someterse ás actuacións de control das institucións da UE, en virtude do artigo 22.2.e do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fíxese pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.



- Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e nacionais que eventualmente sexan de aplicación.
- Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descritiva das actuacións que se van realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo.
- Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto.
- Cumprir cos requisitos de información, difusión e publicidade establecidos na Orde TED/765/2024 e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario de acordo coas normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Respetar e preservar os principios horizontais da Unión Europea (desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres), e telos en conta para a execución das actividades e accións do proxecto.
- Respetar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación.
- Cumprir cantas disposicións deriven das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lle sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias.

Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas concedidas por calquera Administración pública ou organismo ou ente público nacional, sempre e cando o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non supere o custo do proxecto e cumpra coa normativa nacional e europea de axudas do Estado.

Esta axuda será incompatible con outras axudas concedidas pola Unión Europea para a mesma finalidade. Cando se soliciten ou se obteñan axudas doutras institucións ou administracións públicas para o mesmo proxecto, deberá comunicárselle ao IDAE de forma inmediata para que este verifique tanto a súa compatibilidade coma que non se excederon os límites máximos de intensidade vixente en cada convocatoria.

Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Toda referencia á actuación obxecto deste convenio de colaboración en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión, debe cumprir cos requisitos que figuren no manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na Sede electrónica do IDAE, no que figurarán o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, nos termos previstos no artigo 18.4 da LXS e no 31 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Así mesmo, as instalacións ou, no seu caso, os equipos correspondentes obxecto das actuacións do citado proxecto deberán estar sinalizados de acordo co indicado no manual de imaxe deste programa, que estará dispoñible na Sede electrónica de IDAE.



A sinatura deste convenio de colaboración implica a aceptación do disposto tanto na normativa nacional coma na europea que regule o Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, sobre actividades de información e publicidade. Así, deberá mencionarse a orixe do financiamento recibido e garantir a súa visibilidade, en particular cando se promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

No caso de que o Concello ou a Deputación gozasen doutras axudas e estivesen obrigados a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados para as outras fontes de financiamento.

No referente á documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados, deberá facerse constar expresamente o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e farase referencia ao Programa de enerxías renovables innovadoras do IDAE. Esta obriga refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:

- a) Anuncios de licitación.
- b) Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- c) Contratos administrativos.
- d) Traballos presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)
- e) Convenios de colaboración.

Así mesmo, en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa en todos os formatos que para este fin se lles faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola Administración provincial.

En todo caso, as accións para desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello referido e a Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.



Novena. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio, coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira, e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, e obrigárase a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décima. Comisión de Seguimento e Control

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control, integrada polo presidente da Deputación e pola alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou polas persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento e Control:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos aos que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este convenio se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.

A citada comisión reunirse cando o seu responsable o estime oportuno, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e a súa ou o seu secretario, quen levantará acta das reunións.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate da realización e xustificación das actuacións obxecto deste, en todo caso, ata o 31 de marzo do 2026.

Non obstante, a vixencia deste convenio estenderase automaticamente ata o 31 de agosto do 2026 si mediante a modificación da resolución de concesión polo órgano concedente da axuda se ampliase o prazo ata dita data para o remate da realización e xustificación das actuacións; sempre respectando os límites establecidos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e de acordo coa Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao



investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na normativa que regula a súa convocatoria.

No caso de que o IDAE conceda a ampliación do prazo para o remate da realización e xustificación das actuacións máis alá do 31 de agosto de 2026 tramitarase a correspondente addenda.

Décimo segunda. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- 2) O acordo unánime dos asinantes.
- 3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Control. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.
- 4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da LXS e do Real decreto 887/2006; polos pactos contidos neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto cofinanciado, aprobado no ámbito de execución e xestión dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, está suxeito á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Resolución, de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.
- Real Decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE-NextGenerationEU.
- Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, de 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027.
- Regulamento (CE, Euratom) núm. 2988/1995 do Consello, de 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas.
- Regulamento (EU, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento xeral da UE (Regulamento financeiro).
- Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ou nas súas modificacións, segundo o tipo de proxecto, así como o Regulamento (UE) 2023/1315 da Comisión, de 23 de xuño de 2023, polo que se modifica o anterior.
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Regulamento delegado (UE) 2021/2139 da Comisión, de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852.
- Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, modificada pola Directiva (UE) 2018/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018.
- Regulamento de execución (UE) 2021/437 da Comisión, de 3 de marzo de 2021, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) núm. 1011/2014, polo que respecta ás modificacións do modelo para a transmisión de datos financeiros, o modelo de solicitude de pago, incluída a información adicional sobre os instrumentos financeiros, así como o modelo para as contas.
- Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030.
- Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, Plan de recuperación transformación e resiliencia de España, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e Proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño.
- Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Resolución, de 30 xullo de 2024, do Consello de Administración de E. P. E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), pola que se realiza a primeira convocatoria dos cinco programas de incentivos incluídos dentro das bases reguladoras de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables no marco do PRTR financiado pola UE–NextGenerationEU.
- Resolución Presidencial núm. 2023001273, de 14 de febreiro de 2023, pola que se regula a información para remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e polos seus organismos dependentes.

Décimo cuarta. Resolución de conflitos

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O/A [ALCALDE/ALCALDESA] do
Concello de [NOME DO CONCELLO]
Asdo.: [NOME
ALCALDE/ALCALDESA]

O presidente da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Luis López Diéguez

O secretario da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



19.35507.- ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II; NOS MUNICIPIOS DE CAMBADOS, MOAÑA, BAIONA, NIGRÁN, A GUARDA E VILABOA” E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS(EXPTE.2024068090)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente transcribe:

“Á vista da notificación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013883, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” e co obxecto de aceptar a axuda proposta ao amparo da Resolución do 30 de xullo de 2024, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS) o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, o 10 de outubro 2024, mediante sede electrónica desde a Deputación de Pontevedra informouse os concellos da intención da institución provincial en participar no programa Enerxías Renovables Innovadoras. Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica as solicitudes de participación de 38 concellos.
- Para unha maior operatividade, agrupáronse os concellos en diferentes proxectos, tendo en conta a súa clasificación en canto a municipios de reto demográfico e a orde de chegada das solicitudes de adhesión ao rexistro electrónico da Deputación. Deste xeito, no proxecto con número de expediente PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II” tiveronse en conta as seguintes:

AYUNTAMIENTO	REGISTRO ENTRADA	FECHA	HORA
Cambados	WEB2024065623	25/10/2024	09:35:08
Moaña	WEB2024065654	25/10/2024	10:49:35
Vilaboa	WEB2024065678	25/10/2024	12:18:58
A Guarda	WEB2024065686	25/10/2024	12:50:03
Nigrán	WEB2024065714	25/10/2024	13:44:46
Baiona	WEB2024065761	25/10/2024	15:34:07



- Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.
- Concretamente, as actuacións para desenvolver en cada un dos concellos incluídos no citado proxecto consisten a instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima inferior a 99,99 kWp composta por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, incluíndo polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondeado o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade, e en calquera caso como mínimo que inclúan un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Mediante Resolución Presidencial número RP2024008831 de data 15/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002308 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “CONCELLOS +RENOVABLES II nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo.
- En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034856 e código número PR-RENOINN-2024-000245. Tras a súa avaliación, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:

PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II”	
INVESTIMENTO TOTAL (IVE incluído)	AXUDA IDAE
681.924,54 €	386.643,00 €

Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instructor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.



- As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

<i>“Concellos +Renovables II” en los municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda, Vilaboa.</i>				
CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA IDAE	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	APORTACIÓN CONCELLO
<i>Cambados</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Moaña</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Baiona</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Nigrán</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>A Guarda</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Vilaboa</i>	113.654,09 €	64.440,50 €	24.975,00 €	24.238,59 €
<i>Total</i>	681.924,54 €	386.643,00 €	149.850,00 €	145.431,54 €

- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

<i>“CONCELLOS +RENOVABLES II” nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa.</i>	
CONCEPTO	IMPORTE
<i>Honorarios técnicos</i>	15.728,45 €
<i>Dirección facultativa</i>	9.907,69 €
<i>Custo execución de Obra</i>	537.937,86 €
TOTAL, SEN IVE	563.574,00 €
TOTAL, CON IVE	681.924,54 €

- Unha vez concedida a axuda e aceptada, a súa execución está prevista que se realice tanto a contratación como a súa execución por parte desta Deputación Provincial no exercicio 2025, sendo necesario dotar de crédito no orzamento do devandito exercicio, de acordo co cronograma que se aprobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
<i>Axuda concedida IDAE (56,66%)</i>	386.643,00 €
<i>Achega máxima Deputación (21,96%)</i>	149.850,00 €
<i>Achega concello (21,38%)</i>	145.431,54 €
Total	681.924,54 €

- Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico

- Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instructor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instructor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.



- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 17 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo; examinadas as alegacións e de acordo co apartado 4 do artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o órgano instructor formulará a Proposta de Resolución Definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e que será notificada polo órgano instructor aos solicitantes propostos como beneficiarias, para que comuniquen a súa aceptación, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 24 da mesma Lei. En caso de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior presumirase a renuncia do solicitante.
- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición pecuniaria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.

Conclusiones:

O proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa”, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), foi presentado ante o IDAE pola Deputación de Pontevedra co obxecto de incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores vulnerables da zona.

Para o seu financiamento, solicitouse unha axuda con cargo aos fondos NextGenerationEU, (máximo do 58% do custo elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación calculada en base a 250 euros por cada kWp de potencia instalada nas plantas fotovoltaica, co límite de 25.000 euros para cada concello; achegando o importe restante Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa como concellos beneficiarios.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 386.643,00 euros correspondentes á Proposta de Resolución Definitiva de axudas do IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245, aceptada en data 07/07/2025.



Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 145.431,54 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 149.850,00 euros.

Unha vez aceptada a Proposta de Resolución Definitiva da axuda outorgada polo IDAE, iníciase os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.

En consecuencia, fai falta completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 149.850,00 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da Proposta de Resolución Definitiva da axuda concedida polo IDAE ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposto nos antecedentes, condicionando a súa eficacia á publicación da Resolución Definitiva da axuda.

Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 28/07/2025, e da Intervención Provincial de data 30/07/2025, a Xunta de Goberno Acorda por unanimidade:

- Aceptar a proposta de axuda ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa”, mediante Proposta de Resolución Definitiva favorable do director xeral do IDAE de data 02/07/2025 e rexistro de entrada número: 2025013883 na Deputación de Pontevedra, para a súa execución por importe de 386.643,00 euros para un investimento total de 681.924,54 euros, condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda.



- Aprobar o gasto para a anualidade 2025 cos importes que corresponden dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución Total 2025 (100% investimento elixible admitida)
Axuda concedida IDAE (56,66%)	386.643,00 €
Achega máxima Deputación (21,96%)	149.850,00 €
Achega concello (21,38%)	145.431,54 €
Total	681.924,54 €

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención proposta e polos importes das achegas dos concellos de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao amparo do proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación), condicionando a súa eficacia á Resolución Definitiva da axuda, que se relacionan a continuación:

“CONCELLOS +RENOVABLES II” nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa.	
CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Cambados	24.975,00 €
Moaña	24.975,00 €
Baiona	24.975,00 €
Nigrán	24.975,00 €
A Guarda	24.975,00 €
Vilaboa	24.975,00 €
Total	149.850,00 €

- Aprobar o Convenio Marco de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de [nome do concello] para levar a cabo, dentro do seu termo municipal, as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II, ao amparo da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU, cuxo texto literal se atopa recollido no anexo I deste Acordo.



A presente subvención concédese con suxeición ás seguintes condicións:

- A efectividade do acordo de concesión quedará condicionando á publicación da Resolución Definitiva da axuda, e a sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán con detalle as actuacións concretas a desenvolver, deberes e dereitos das partes.
 - As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
 - O beneficiario deberá posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias, así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao amparo do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.
 - O beneficiario deberá facilitar á Deputación de Pontevedra unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables aos que incluír como consumidores asociados a nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede regulado pola letra iii) do apartado g) do artigo 3 do Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica. Para estes efectos, considerarase vulnerable ao consumidor beneficiario do bono social nos termos que se establecen no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
 - Os municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos, das subministracións ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II” que consisten na instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética. A nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
 - A adxudicación do contrato da obra e da subministración necesaria, para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II”, quedará condicionada á Resolución Definitiva da axuda e á sinatura do correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello.
 - Calquera outra obrigação estipulada nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e as súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlle traslado do presente acordo aos concellos beneficiarios, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



Anexo I

CONVENIO MARCO
“PR-RENOINN-2024-000245
“CONCELLOS +RENOVABLES II; NOS MUNICIPIOS DE CAMBADOS, MOAÑA, BAIONA,
NIGRÁN, A GUARDA E VILABOA”

Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Programa de incentivos 4: Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables.

Documento asinado electronicamente por:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE [NOME DO CONCELLO] PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II”, AO ABEIRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, [NOME ALCALDE/ALCALDESA], [ALCALDE/ALCALDESA] do Concello de [NOME DO CONCELLO], na representación legal que deste lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,



EXPOÑEN QUE

- I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.
- II. Na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo ás enerxías renovables e á economía baixa en carbono, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír ao impulso de proxectos innovadores de enerxías renovables, á redución das emisións de CO₂ á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.
- III. Dentro deste marco, o 10 de outubro de 2024 a Deputación de Pontevedra informou os concellos e entidades locais menores da provincia, mediante unha carta enviada pola Sede electrónica, da intención de presentar un proxecto innovador de enerxías renovables e almacenamento ao abeiro do programa “Enerxías renovables innovadoras” do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (en diante, IDAE).
- IV. O Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a aprobación e a posterior remisión a través da Sede electrónica o [DATA RECEPCIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN] do Acordo de adhesión ao proxecto “CONCELLOS +RENOVABLES II”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.
- V. Mediante a Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP] do [DATA RP], emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número [NÚMERO DE RP EMENDA] do [DATA RP EMENDA], a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “CONCELLOS +RENOVABLES II” para os concellos de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa ante o IDAE, no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables”, definida no anexo II da Orde TED/765/2024, de 22 de xullo.
- VI. O 18 de novembro de 2024 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado [NOME DO PROXECTO] e asígnaselle o rexistro núm. [NÚMERO DE REXISTRO DA SOLICITUDE]. Tras a súa avaliación, o [DATA RESOLUCIÓN DEFINITIVA] (rexistro de entrada número: [NÚMERO DE REXISTRO DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA]) recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo a NextGenerationEU por importe de [IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA] euros para un investimento total de [IMPORTE TOTAL DA INVERSIÓN CO IVE], IVE incluído, coa asignación ao proxecto do número PR-RENOINN-2024-000245.



- VII. Esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca executar as actividades incluídas no proxecto aprobado antes citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente, preténdese a instalación e a posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento con capacidade máxima de 50 kWh composta por baterías de litio, así como por un sistema *software* que permitirá ter monitorizadas as producións, co fin de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as e os consumidores da zona.
- VIII. Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) atribúense, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada, así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.
- Neste mesmo sentido, no artigo 36.1.d da citada lei establécese, dentro das súas competencias, “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”. Á súa vez, nos artigos 25 e 26 atribúeselles aos concellos as competencias en materia de medio ambiente urbano.
- IX. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- X. Por último, o Concello participante no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II”, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos, delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.
- Neste sentido, e coa intencionalidade de garantir o deber do beneficiario de realización dos investimentos subvencionables e a execución das actuacións obxecto da axuda antes do 31 de marzo de 2026, enténdese necesario iniciar na maior brevidade os expedientes de contratación correspondentes ao expediente indicado, polo que desde a institución provincial se formulou un requirimento de achega de compromiso e aportación económica ao concello para que, no prazo máximo de 15 días desde a súa recepción, en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] recibíuse a achega de compromiso de dita entidade para realizar a aportación municipal antes do 15/12/2025 correspondente as actuacións a realizar no seu concello e recollidas no expediente de axuda indicado.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de [NOME DO CONCELLO] para levar a cabo os traballos de instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima de 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema *software* que permitirá ter monitorizada a produción enerxética.



Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, e incluírá polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre as e os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondearase o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade e, en calquera caso, como mínimo, incluírá un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para as e os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Deste xeito, incentívase o autoconsumo co obxecto de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio, coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as persoas consumidoras da zona.

Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO], ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.

Segunda. Ámbito de actuación

A continuación, defínese a localización das actuacións para realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do concello:

Concello de [NOME DO CONCELLO]
[TEXTO CORRESPONDENTE A CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.4 RESUMEN DEL PROYECTO” DA MEMORIA]. En concreto, a instalación fotovoltaica realizarase en: [LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN EN CADA CONCELLO DO “APARTADO 1.2 DESCRIPCIÓN DE LAS ACTUACIONES A REALIZAR” DA MEMORIA].

Terceira. Importe e financiamento

O investimento elixible admitido polo IDAE no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II” para realizar as actuacións dentro do termo municipal de [NOME DO CONCELLO], ascende á cantidade de [IMPORTE EN LETRA DO INVESTIMENTO NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo aos fondos NextGenerationEU, concedeulle á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de [IMPORTE EN LETRA DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO CONCELLO]).



Para facerlle fronte ao importe restante (total do custo elixible admitido), a Deputación de Pontevedra e o Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación fará unha achega adicional con fondos propios de 250 euros por cada kWp de potencia en instalacións de xeración fotovoltaica, cun límite de 100 kWp (nunha ou en varias instalacións), do investimento elixible da actuación definida en cada concello, de ata 25.000 euros, que se sumarán ao financiamento previsto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.
- importe restante, ata chegar ao 100 % do importe das actuacións para realizar dentro do seu termo municipal, é achegado por cada un dos concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado en data [DATA DE ACORDO DE APORTACIÓN ECONÓMICA CONCELLO] achega a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente no que se adhire ao proxecto e se compromete a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para realizar o mencionado proxecto, no caso de ser subvencionado.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do [DATA DA XG ACEPTACIÓN AXUDA] aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II” nos municipios de [NOME DOS CONCELLOS INCLUIDOS NO PROXECTO] aos concellos beneficiarios, e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións para realizar no termo municipal que corresponde ao Concello, o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA DO IDAE	ACHEGA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	ACHEGA DO CONCELLO
[NOME DO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DO INVESTIMENTO NO CONCELLO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA AXUDA DO IDAE NO	[IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]	[IMPORTE EN NÚMERO DA

A Deputación comprométese a achegar, para a realización das actuacións no Concello descritas neste convenio de colaboración, o importe que ascende a [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA DEPO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA DEPO]) consignados na aplicación [APLICACIÓN ORZAMENTARIA DO PROXECTO], dentro do proxecto de gastos codificado como “[PROXECTO DE GASTO]”.

O Concello financiará o importe restante; é dicir, [IMPORTE EN LETRA DA ACHEGA CONCELLO] ([IMPORTE EN NÚMERO DA ACHEGA CONCELLO]) que, segundo se recolle no compromiso adoptado polo órgano competente, se ingresará no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.



O importe que ten que chegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.

Cuarta. Contratación

O Concello adherido ao proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II” delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para executar as actuacións do citado proxecto dentro do seu termo municipal.

Neste sentido, a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios, así como a súa montaxe e instalación, seguridade e saúde, así como demais contratos complementarios.

Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a incrementar a cantidade total estipulada no convenio deberase contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase integramente polo propio Concello.

Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descritiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo achegado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello, poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, logo do informe e proposta da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.



En todo caso, cumprírase o artigo 19, Modificación da resolución, da citada Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, no relativo á modificación da resolución, sen que sexa necesaria a autorización das modificacións do orzamento do beneficiario cando non supoñan un incremento superior ao 20 % nos conceptos susceptibles de axuda que figuren na resolución de concesión, compensables con diminucións doutros conceptos, sen que en ningún caso poidan comportar unha alteración da valoración que recibise a actuación subvencionada nin supoñer un incremento do importe da axuda total para o dito beneficiario e sempre que estea debidamente motivada.

Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descritiva das actuacións que se van acometer, e asumir as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.
- Asumir a coordinación xeral da operación e da xestión económica e financeira desta, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluído o cumprimento dos resultados previstos, así como representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co IDAE, co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos, coa Intervención Xeral da Administración do Estado, co Tribunal de Contas e/ou cos órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e cos demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE).
- Financiar a execución das actuacións no termo municipal do Concello de [NOME DO CONCELLO], tal como se reflicte na cláusula terceira.
- Licitat, adxudicat, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descritiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello. Unha vez recibidos os traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, que deberá ordenarse previamente mediante unha resolución Presidencial, e detallarase na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos cinco (5) anos posteriores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello. Ademais, deberase manter a asignación a consumidores vulnerables en termos do número de consumidores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión.
- Colocar, no mesmo lugar da actuación e nun lugar ben visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo e proporcional á contía do financiamento, con información sobre a actuación, no que se mencionará a axuda financeira recibida, co lema “Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU” e o logo deste plan, seguindo as instrucións establecidas no manual de imaxe do IDAE relativas á carteleira. Este cartel temporal debe estar visible ata a finalización da actuación. Nun prazo de tres (3) meses desde a finalización da execución da actuación, deberá colocar, nun lugar ben visible, un cartel ou unha placa permanente, de tamaño significativo, por un período de polo menos dez (10) anos. Este cartel ou esta placa permanente indicará o nome e o obxecto principal da actuación, o emblema da UE, a declaración de financiamento adecuada: “Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, xunto co logo do PRTR e segundo o manual de imaxe do IDAE.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ao tratarse dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.



- Aplicar procedementos de bo goberno dos fondos e de control interno apropiados nos niveis de xestión, deseñados para ofrecer garantías razoables na consecución dos seguintes obxectivos: eficacia, eficiencia e economía das operacións; fiabilidade dos informes; salvagarda dos activos e da información; xestión adecuada dos riscos relativos á legalidade e regularidade das operacións subxacentes; e prevención, detección, corrección e seguimento de fraudes, conflitos de interese e irregularidades.
- Proporcionarlle ao IDAE, de acordo co previsto na resolución da convocatoria das axudas, a documentación técnica necesaria *ex post* referida no citado texto (cláusula décimo cuarta), entre ela, a memoria técnica de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, a memoria económica xustificativa e a lista de contratistas e subcontratistas, así como a relativa ao cumprimento de “non causar un prexuízo significativo ao medio” (principio DNSH).
- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos nas bases e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario conforme ás normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Dispoñer dunha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación nesta, e conservar durante cinco (5) anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Presentar as xustificacións de pago, garantindo os gastos para acreditar ante o IDAE a realización da actuación subvencionable nos termos expostos na resolución de convocatoria das axudas, e facilitar, ademais, as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta execución do proxecto, achegando, para o efecto, tanta documentación se lle requira.
- Someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e os órganos de control competentes, tanto nacionais coma da Unión Europea, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos da Unión Europea, para o que achegará tanta información lle sexa requirida. Neste contexto, coa presentación da solicitude de axuda, o beneficiario acepta e consente expresamente a concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e/ou as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control e fiscalización, de conformidade co establecido no artigo 22.2.e do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicarlle de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompañe á solicitude.
- Aceptar os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian a operación, poñendo á disposición todos os documentos que lle sexan requiridos.
- Conservar os documentos orixinais relacionados co outorgamento da axuda ou coa súa xustificación durante un prazo de cinco (5) anos en xeral e de tres (3) anos nos casos en que o financiamento sexa dun importe igual ou inferior a 60.000 €, contados desde a data de finalización do prazo establecido para a execución da actuación obxecto da axuda. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente suporá o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da LXS.



- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que recibise calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Cumprir todo o derivado das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lles sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias neste marco.

Pola súa banda, o Concello está obrigado a:

- Dispoñer de orzamento para acometer a achega con fondos propios á actuación, tendo en conta os procedementos e os límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao financiamento de NextGenerationEU percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se verifique a actuación, conforme ao procedemento establecido na Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal, con carácter xeral, no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.
- Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento outorgaranse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, cando teña delegadas as facultades de recadación no devandito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.
- Poner á disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo as actuacións que se contemplan na memoria descritiva do proxecto. Neste sentido, o Concello deberá acreditar a titularidade das instalacións sobre as que se executará a instalación de paneis fotovoltaicos e demais elementos descritos no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II”.
- Obter e manter en vigor os permisos, as licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente.



- Facilitarlle á Deputación de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses desde a data da sinatura deste convenio, unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables (na que se inclúa, polo menos, o nome e apelidos da persoa beneficiaria, o DNI/NIE, o teléfono e correo electrónico de contacto, o enderezo completo da vivenda, a potencia contratada, o número de contrato de subministración eléctrica e o código universal de punto de subministración) aos que incluírá como consumidores asociados a unha nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede, recollido na letra iii do apartado g do artigo 3 do Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
- Para estes efectos, considerárase vulnerable o consumidor beneficiario do bono social, nos termos establecidos no Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo o mantemento e a conservación da infraestrutura obxecto do convenio e asumir a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. En caso de non garantir durante os cinco (5) anos posteriores á formalización da acta de recepción dos traballos o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable ao respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da autoridade de xestión da UE coma a perda da subvención para recibir do NextGenerationEU, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle ao Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do NextGenerationEU coma a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Aceptar os controis e as auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que lle achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran.
- Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas.
- Someterse ás actuacións de control das institucións da UE, en virtude do artigo 22.2.e do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.



- Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e nacionais que eventualmente sexan de aplicación.
- Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descritiva das actuacións que se van realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo.
- Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto.
- Cumprir cos requisitos de información, difusión e publicidade establecidos na Orde TED/765/2024 e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario de acordo coas normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Respetar e preservar os principios horizontais da Unión Europea (desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres), e telos en conta para a execución das actividades e accións do proxecto.
- Respetar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación.
- Cumprir cantas disposicións deriven das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lle sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias.

Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas concedidas por calquera Administración pública ou organismo ou ente público nacional, sempre e cando o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non supere o custo do proxecto e cumpra coa normativa nacional e europea de axudas do Estado.

Esta axuda será incompatible con outras axudas concedidas pola Unión Europea para a mesma finalidade.

Cando se soliciten ou se obteñan axudas doutras institucións ou administracións públicas para o mesmo proxecto, deberá comunicárselle ao IDAE de forma inmediata para que este verifique tanto a súa compatibilidade coma que non se excederon os límites máximos de intensidade vixente en cada convocatoria.

Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Toda referencia á actuación obxecto deste convenio de colaboración en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión, debe cumprir cos requisitos que figuren no manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na Sede electrónica do IDAE, no que figurarán o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, nos termos previstos no artigo 18.4 da LXS e no 31 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Así mesmo, as instalacións ou, no seu caso, os equipos correspondentes obxecto das actuacións do citado proxecto deberán estar sinalizados de acordo co indicado no manual de imaxe deste programa, que estará dispoñible na Sede electrónica de IDAE.



A sinatura deste convenio de colaboración implica a aceptación do disposto tanto na normativa nacional coma na europea que regule o Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, sobre actividades de información e publicidade. Así, deberá mencionarse a orixe do financiamento recibido e garantir a súa visibilidade, en particular cando se promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

No caso de que o Concello ou a Deputación gozasen doutras axudas e estivesen obrigados a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados para as outras fontes de financiamento.

No referente á documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados, deberá facerse constar expresamente o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e farase referencia ao Programa de enerxías renovables innovadoras do IDAE. Esta obriga refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:

- a) Anuncios de licitación.
- b) Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- c) Contratos administrativos.
- d) Traballos presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)
- e) Convenios de colaboración.

Así mesmo, en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa en todos os formatos que para este fin se lles faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola Administración provincial.

En todo caso, as accións para desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello referido e a Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

Novena. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio, coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira, e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, e obrigárase a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.



Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décima. Comisión de Seguimento e Control

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control, integrada polo presidente da Deputación e pola alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou polas persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento e Control:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos aos que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este convenio se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.

A citada comisión reunirse cando o seu responsable o estime oportuno, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e a súa ou o seu secretario, quen levantará acta das reunións.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate da realización e xustificación das actuacións obxecto deste, en todo caso, ata o 31 de marzo do 2026.

Non obstante, a vixencia deste convenio estenderase automaticamente ata o 31 de agosto do 2026 si mediante a modificación da resolución de concesión polo órgano concedente da axuda se ampliase o prazo ata dita data para o remate da realización e xustificación das actuacións; sempre respectando os límites establecidos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e de acordo coa Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na normativa que regula a súa convocatoria.

No caso de que o IDAE conceda a ampliación do prazo para o remate da realización e xustificación das actuacións máis alá do 31 de agosto de 2026 tramitarase a correspondente addenda.



Décimo segunda. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- 2) O acordo unánime dos asinantes.
- 3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Control. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.

- 4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da LXS e do Real decreto 887/2006; polos pactos contidos neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto cofinanciado, aprobado no ámbito de execución e xestión dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, está suxeito á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Resolución, de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.
- Real Decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE-NextGenerationEU.
- Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, de 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027.
- Regulamento (CE, Euratom) núm. 2988/1995 do Consello, de 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas.
- Regulamento (EU, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento xeral da UE (Regulamento financeiro).
- Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ou nas súas modificacións, segundo o tipo de proxecto, así como o Regulamento (UE) 2023/1315 da Comisión, de 23 de xuño de 2023, polo que se modifica o anterior.
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Regulamento delegado (UE) 2021/2139 da Comisión, de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852.
- Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, modificada pola Directiva (UE) 2018/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018.
- Regulamento de execución (UE) 2021/437 da Comisión, de 3 de marzo de 2021, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) núm. 1011/2014, polo que respecta ás modificacións do modelo para a transmisión de datos financeiros, o modelo de solicitude de pago, incluída a información adicional sobre os instrumentos financeiros, así como o modelo para as contas.
- Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030.
- Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, Plan de recuperación transformación e resiliencia de España, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e Proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño.
- Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Resolución, de 30 xullo de 2024, do Consello de Administración de E. P. E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), pola que se realiza a primeira convocatoria dos cinco programas de incentivos incluídos dentro das bases reguladoras de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables no marco do PRTR financiado pola UE–NextGenerationEU.
- Resolución Presidencial núm. 2023001273, de 14 de febreiro de 2023, pola que se regula a información para remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e polos seus organismos dependentes.

Décimo cuarta. Resolución de conflitos

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O/A [ALCALDE/ALCALDESA] do
Concello de [NOME DO CONCELLO]
Asdo.: [NOME
ALCALDE/ALCALDESA]

O presidente da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Luis López Diéguez

O secretario da
Deputación de Pontevedra
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



20.35508.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024) DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA CRUZ DE VILÁN, DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES (EXPTE.2024014827)

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de data 22/07/2025 con CSV: EGG7BPWT3NOWSP6T, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do Xefe do servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 23/07/2025 con CSV: SLJXWAX316PRPCXL, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Dar conta e aceptar a renuncia da *Asociación de veciños Santa Cruz de Vilán*, do concello de Fornelos de Montes, con CIF G36377703, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024).

A aprobación da renuncia suporá para a asociación de veciños a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

21.35509.- DAR CONTA E ACEPTAR AS RENUNCIAS E LIBERAR O CRÉDITO DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS (EXPTE.2024047440) (PROMOCIÓN DE EMPREGO)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 aprobou o programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a provincia de Pontevedra denominado “+EMPREGA” (acordo nº 8.34000). O programa presenta dous eixes de actuación e dentro do eixe 1 fórmulase, entre outros, o proxecto “+Emprega nos concellos”.

Para a execución do proxecto formulouse regular as condicións a través dunha convocatoria para a selección dos concellos como entidades colaboradoras e a determinación do nivel de estudos dos 128 postos de traballo que se van ocupar baixo a modalidade de contrato formativo. Dita convocatoria e as bases reguladoras aprobáronse pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2024 (acordo nº 5.34078) que foron publicadas no BOPPO Nº152 do 6 de agosto de 2024.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo de outorgamento da condición de entidades colaboradoras do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS” (acordo nº 5.34214) sinalándose que o período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e que os contratos deberán comezar o 1 de novembro de 2024 ou o 15 de novembro de 2024 (BOPPO número 193 do xoves 3 de outubro de 2024). Posteriormente, na sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2025 procedeu a rectificar dito acordo advertido un erro material (acordo nº 24.34867).



O punto décimo sétimo das bases reguladoras do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS” para financiar contratos formativos establece que *“A xustificación da subvención efectuarase en dúas fases (...)”* e que para a xustificación de inicio e a solicitude de pago anticipado *“A entidade colaboradora deberá presentar nun máximo de quince (15 días) hábiles, contados desde a data de inicio do contrato a documentación xustificativa (...)”* de acordo coas bases.

Transcorrido o prazo de presentación da documentación establecida no punto décimo sétimo das bases reguladoras para os contratos formativos iniciados resulta que:

- Dos 35 concellos participantes como entidades colaboradoras, o concello de Pontecesures presenta a súa renuncia sen formalizar o contrato formativo que lle fora concedido.
- Os 34 concellos restantes, participantes como entidades colaboradoras, comunicaron segundo o establecido nas bases a formalización dun total de 65 contratos formativos cumprindo os requisitos esixidos nas bases dos 71 iniciais solicitados.
- Os 6 contratos formativos restantes dos seguintes concellos (un contrato cada un), non foron comunicados no prazo establecido nas bases e tras requirir formalmente a documentación o resultado é:
 - Concello de Cambados (expediente 2024054774) presenta informe indicando a cronoloxía do seu procedemento de selección e a non consecución de persoas candidatas para cubrir o posto.
 - Concello de Crecente (expediente 2024056607) comunica a súa renuncia.
 - Concello de Marín (expediente 2024056151) comunica a súa renuncia a este contrato.
 - Concello de Redondela (expediente 2024056160) comunica a súa renuncia a este contrato.
 - Concello de Rodeiro (expediente 2024057158) presenta informe indicando a cronoloxía do seu procedemento de selección e a non consecución de persoas candidatas para cubrir o posto.
 - Concello de Vilaboa (expediente 2024055777) presenta informe indicando a cronoloxía do seu procedemento de selección e a non consecución de persoas candidatas para cubrir o posto.

Visto o informe do Xefe de servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, de data 16 de maio de 2025, no que conclúe que *“(...) en consecuencia, procede a liberación do gasto das entidades que presentaron a súa renuncia a tódolos contratos formativos ou a parte deles como se indica no Anexo I.*

Por outro lado, nos casos das entidades colaboradoras que non comunican a totalidade ou algún dos contratos outorgados que se indican no Anexo II, tramitarase o oportuno expediente de incumprimento, de acordo ao sinalado na base décimo oitava. (...)”

Vista a dilixencia de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data de 8 de xullo de 2025.



Por todo o exposto, en base aos antecedentes e de conformidade co establecido nas bases do proxecto “+Emprega no concellos”, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación concordante de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Dar conta e aceptar as renuncias presentadas polas entidades colaboradoras que se relacionan no anexo I e liberar o gasto pola cantidade total de 10.400,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/240.2410.489.00.2024 e 52.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/240.2410.489.00.
- 2.- Aprobar a relación de entidades colaboradoras que non comunican a totalidade ou algún dos contratos outorgados (Anexo II), polo que nestes casos tramitarase o oportuno expediente de incumplimento.
- 3.- Publicar o acordo no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.

ANEXO I

RELACIÓN DE RENUNCIAS A CONTRATOS FORMATIVO DA SUBVENCIÓN E IMPORTE A LIBERAR POR CONTRATO

Cod. Expediente	NIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Duración max	Máximo anualidade 2024	Máximo anualidade 2025	Máximo subvencionado
2024056607	P3601400I	CRECENTE	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano máximo	2.800,00 €	14.000,00 €	16.800,00 €
2024056151	P3602600C	MARIN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano máximo	2.800,00 €	14.000,00 €	16.800,00 €
2024054776	P3604400F	PONTECESURES	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000,00 €	1 ano máximo	2.000,00 €	10.000,00 €	12.000,00 €
2024056160	P3604500C	REDONDELA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano máximo	2.800,00 €	14.000,00 €	16.800,00 €
TOTAL							10.400,00€	52.000,00€	62.400,00€



ANEXO II

RELACIÓN DE CONCELLOS QUE NON COMUNICAN A TOTALIDADE OU ALGÚN DOS CONTRATOS FORMATIVOS

Cod. Expediente	NIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Duración max	Máximo anualidade 2024	Máximo anualidade 2025	Máximo subvencionado
2024054774	P3600600E	CAMBADOS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano máximo	2.800,00 €	14.000,00 €	16.800,00 €
2024057158	P3604700I	RODEIRO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano máximo	2.800,00 €	14.000,00 €	16.800,00 €
2024055777	P3605800F	VILABOA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	1 ano máximo	2.400,00 €	12.000,00 €	14.400,00 €
						TOTAL	8.000,00€	40.000,00€	48.000,00€

22.35510.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES.2025052301, 2025052178 E 2025052955)

- a) Vista a relación de operacións con número 2025052301 (CSV:3OIN8T803G0LK2EU), que contén 1 operación por un importe de 89,95 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario 89,95 €
IVE soportable deducible 0,00 €
Retencións 0,00 €
Total líquido 89,95 €

- b) Vista a relación de operacións con número 2025052178 (CSV: GAC7XJHR0Y8PUK58), que contén 5 operacións por un importe de 9.606,50 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario 9.606,50€
IVE soportable deducible 0,00 €
Retencións 0,00 €
Total líquido 9.606,50€



- c) Vista a relación de operacións con número 2025052955 (CSV: 2CQ89LYVFP458JFQ), que contén 1 operación por un importe de 46,69 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	46,69€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	46,69€

23.35511.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE.2025006075)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 21 de febreiro de 2025, punto núm. 6.33809, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Lalín, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE LALÍN					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
16	1 auxiliar de información turística, 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora e 8 peóns de obras públicas a xornada completa durante 9 meses e 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses	327.797,46 €	316.153,77 €	11.643,69 €	316.153,77 €



- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025051019, do 08/07/2025, solicita modificar a solicitude inicial para minorar a duración de varios postos de traballo como consecuencia de retrasos nos correspondentes procesos de selección.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial co fin de modificar as duracións de varios postos de traballo, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e da subvención con respecto a súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE LALÍN					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
16	1 auxiliar de información turística a xornada completa durante 9 meses; 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora e 6 peóns de obras públicas a xornada completa durante 8 meses e 21 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 6 meses e 21 días	298.161,78 €	298.161,78 €	0,00 €	298.161,78 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 21 de febreiro de 2025, punto núm. 6.33809, no referente á subvención concedida ó Concello de Lalín, CIF núm. P3602400H, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lalín (P3602400H)	16	1 auxiliar de información turística a xornada completa durante 9 meses; 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora e 6 peóns de obras públicas a xornada completa durante 8 meses e 21 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 6 meses e 21 días	298.161,78 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: H0IEO7H7FGPC6X9N) e da dilixencia favorable de Intervención (CSV: VKSZFBOL0N5LHRE3), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 21 de febreiro de 2025, punto núm. 6.33809, no referente á subvención concedida ó Concello de Lalín, CIF núm. P3602400H, que queda como segue:



ANEXO

Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lalín (P3602400H)	16	1 auxiliar de información turística a xornada completa durante 9 meses; 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora e 6 peóns de obras públicas a xornada completa durante 8 meses e 21 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 6 meses e 21 días	298.161,78 €

2. O concello solicita que o crédito dispoñible tras a minoración da subvención, que ascende a 17.991,99 euros, se traspase á liña 1-investmentos.

3. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

24.35512.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE CO PR-D5000-2021-00382 DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA INVERSIÓN A PROXECTOS SINGULARES LOCAIS E ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO PROGRAMA DUS 5000 (EXPTE.2025005763)

Por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 16 de maio de 2025 de aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto da Subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000 que comprende as seguintes actuación:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións
1	Iluminación exterior sostible XV (PR-D5000-2021-000382)	Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cuntis Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Dozón. Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Pontecesures. Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Ribadumia. Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Rodeiro



2	Iluminación exterior sostible XV (PR-D5000-2021-000382)	Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de a Cañiza Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cerdedo-Cotobade. Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Fornelo de Montes Proxecto 2.4 Renovación das instalación de iluminación exterior no Concello de Tomiño.
---	--	--

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE en data 16/05/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18/05/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 5/06/2025 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

EMPRESAS	CIF	Lotes
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L.	(B-3638084)	1,2
INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA SLU	(B-36469625)	1,2
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.	(A-08001182)	1

Asimesmo na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Cooperación a efectos da súa valoración.

En data 19/06/2025 polo persoal Técnico do servizo de Cooperación emítese informe de valoración das ofertas técnicas co CSV 89BUREYK6L4372BC.

En data 19/06/2025 a Mesa de contratación presta conformidade as valoracións técnicas das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, en base ao informe dos técnicos do servizo de cooperación co CSV 89BUREYK6L4372BC.

Nos certificados da mesa de data 19/06/2025 co CSV 555YUALHTKV3RZCE e data 26/06/2025 co CSV W3M7D81QJF7RANNV, constan os valores ofertados polas empresas, que participan no procedemento aberto e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízo de valor.



Feitas as valoracións económicas a empresa SECE atópase en baixa temeraria no lote nº 1.

En data 9/07/2025 o enxeñeiro de servizo de cooperación emite informe co CSV UP3I47H0I3XETDXJ sobre a xustificación da baixa temeraria achegada por SECE, no que conclúe que: *“as múltiples deficiencias que presenta dita valoración implican que non se poida considerar válida. Relaciónanse a continuación as deficiencias máis relevantes entre as expostas ao longo do informe:*

“-A non inclusión do importe da partida de xestión de residuos no orzamento do Concello de Pontecesures.

- A non consideración dos gastos derivados das seguintes obrigas:

o Inspección por OCA para a legalización das instalacións.

o Cumprimento das exixencias sobre publicidade sobre os organismos que interveñen no financiamento do contrato e carteis de obra.

o Relación de documentación a entregar ao final a obra.

- Prezos base de materiais, maquinaria e persoal non xustificadas adecuadamente.

- A utilización nos orzamentos dos concellos de Rodeiro e Dozón de prezos inferiores ós xustificadas na partida de liña aérea de alumado público de 4x6 mm2

- A utilización de prezos incorrectos por omitir o custo do propio material no cálculo do coste dos seguintes elementos:

o Liña eléctrica de 4x6 mm2 no orzamento do Concello de Ribadumia.

o Condutor illado de terra de 1x16 mm2 no orzamento do Concello de Pontecesures.

- A redución das porcentaxes de gastos xerais e custos indirectos malia non aportar fundamentos sólidos que a xustifiquen, non demostrar un nivel adecuado sobre o coñecemento das obrigas como contratista e das obras a realizar, e incrementar o persoal a disposición do contrato por encima do esixido.

En relación ao risco de incumprimento das obrigas en material laboral destácanse as seguintes observacións:

- A falta dunha ponderación da repercusión económica na oferta dos gastos do persoal que se esixe no PCAP e do persoal que a empresa propoñía dedicar a este contrato por encima do esixido.

- Non se aportan cálculos que xustifiquen que os gastos salariais estean cubertos coa oferta económica realizada.

- En relación ós gastos de man de obra non se indica o número de persoas que está considerando, nin o seu grupo profesional nin o convenio laboral polo que se rexen.

Por último, segundo se explicaba nos apartados anteriores existe unha falta de coherencia e de integridade da oferta da empresa porque neste documento xustificativo non se reafirman as prestacións adicionais e melloras na calidade por encima do esixido que se propoñían na memoria técnica do sobre B.

En xeral, a xustificación da oferta realizada é deficiente, presenta grandes carencias en aspectos relevantes como os laborais, non aporta solucións innovadoras que a avalen e fundaméntase principalmente en base a acreditacións e prezos base con pouca base sólida.

Segundo os motivos expostos a xustificación presentada non é válida.”



A continuación procédese a valoración das ofertas admitidas de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, sendo as puntuacións que acadan as empresas no lote nº 1 e 2 no sobre C as seguintes:

Lote nº 1	Precio (max 30)	Prazo garantía (max 15)	Melloras (max 5)	Tempo en atender incidencia (max 10)	Total puntos
E.INMAC CONDADO	0,833	15	5	10	30,833
INST. E. TERCA	1,779	15	5	10	31,779

Lote nº 2	Precio (max 30)	Prazo garantía (max 15)	Melloras(max 5)	Tempo en atender incidencia (max 10)	Total puntos
E.INMAC CONDADO	1,5	15	5	10	31,5

As puntuación totais dos sobres B máis o sobre C, son as seguintes:

Lote nº 1	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL SOBRE B+C
E.INMAC CONDADO	33,5	30,833	64,33
INST. E. TERCA	20	31,779	51,77

Lote nº 2	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL SOBRE B+C
E.INMAC CONDADO S.L.	33,5	31,5	65

A Mesa de Contratación na reunión de data 10/07/2025, acordou: excluir ás empresas INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.U. que non acada o 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor na valoración realizada do lote nº 2 e a empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A no lote nº 1, de acordo coas conclusións do informe do enxeñeiro do servizo de cooperación co CSV UP3I47H0I3XETDXJ, aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto e, en base á dita clasificación, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, á adxudicación do contrato a favor do licitador E. INMAC CONDADO S.L. (Lote nº 1 e 2) polos prezos e valores ofertados.



O persoal técnico do servizo de contratación comproba que a licitador E. INMAC CONDADO S.L. se atopa inscrita no ROLECE e no rexistro xeral de contratistas de comunidade autónoma de Galicia co número 3498, acreditando ao tenor do mesmo que a empresa non se atopa incurso en prohibición de contratar. Asimesmo, comproba que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social e de alta no IAE.

Mediante Resolución Presidencial número 2025005975 de data 14/07/2025 o órgano de contratación acorda aceptar a proposta da Mesa de Contratación, de data 10/07/2025 (CSV: 1JOS9LBNFBPIMWAG) , de excluír ás empresas INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.U. (lote nº 2) que non acada o 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor na valoración realizada e a empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A (lote nº 1) de acordo coas conclusións do informe do enxeñeiro do servizo de cooperación co CSV UP3I47H0I3XETDXJ; e adxudicar o contrato, sempre e cando cumprimente correctamente a documentación establecida no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos reguladores do procedemento á empresa ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L. (Lote nº 1 e 2) polos prezos e valores ofertados.

Asimesmo requírese á empresa ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L. (B36380384) que presenta a mellor oferta nos lotes nº1 e nº2, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2025054673d de data 24/07/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas polos seguintes importes :

	Importe	Carta de pago (nº operación)
Lote 1	22.239,00€	12025000145424
Lote 2	16.394,46 €	12025000145425

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir ás empresas INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.U. que non acada o 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor na valoración realizada do lote nº 2 e a empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A no lote nº 1, pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.

2.- Adxudicar do contrato mediante procedemento aberto, da Subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000, á empresa ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L. (B36380384) conforme ao seguinte detalle:

1.- Prezo:

Lote nº 1:

Lote	Denominación	Prezo sen IVE	21% de IVE	Importe total IVE engadido
1	PROXECTO 1.1. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE CUNTIS	95.651,17€	20.086,74€	115.737,91€
	PROXECTO 1.2. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE DOZÓN	18.337,38 €	3.850,85 €	22.188,23 €
	PROXECTO 1.3. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE PONTECESURES	43.909,78 €	9.221,05 €	53.130,84 €



	PROXECTO 1.4. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE RIBADUMIA	84.926,335 €	17.834,530 €	102.760,865 €
	PROXECTO 1.5. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE RODEIRO	199.731,47 €	41.943,61 €	241.675,084 €
	Total lote nº 1	442.556,15 €	92.936,79 €	535.492,94 €

Lote nº 2:

Lote	Denominación	Prezo sen Ive	21% de IVE	Prezo IVE engadido
2	PROXECTO 2.1. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE A CAÑIZA	82.510,78€	17.327,26€	99.838,05€
	PROXECTO 2.2. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE	133.207,76€	27.973,63€	161.181,39€
	PROXECTO 2.3. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES	73.248,36€	15.382,15€	88.630,52€



	PROXECTO 2.4. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE TOMIÑO	35.643,41€	7.485,11€	43.128,53€
	Total lote nº 2	324.610,34	68.168,17€	392.778,51€

2.- Prazo de garantía: 36 meses (lote nº 1 e lote nº 2).

3.- As melloras recollidas no prego administrativo para cada un dos lotes.

4.- Tempo en atender unha incidencia dentro do período de garantía 1 hora (lote nº1 e lotenº2).

Prazo de execución: 2 meses a contar desde a sinatura da acta de comprobación de replanteo.

Financiación: O importe total do contrato lotes nº 1 e lote nº 2 (928.271,45€) financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 25/942.1650.652.15.2023

Forma de pagamento: parcial de acordo cos seguintes fitos de facturación:

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais polo importe dos traballos executados obtida das correspondentes medicións e aplicando a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo de adxudicación de cada lote.

Nas certificacións de obra practicaranse as retencións correspondentes á porcentaxe de dirección de obra (4 % do orzamento de execución material, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se prestan en obras provinciais e que aprobou o Pleno da Deputación na sesión do 27 de febreiro de 1998).

Estas retencións aplicaranse sobre o orzamento de execución material, que no caso de dirección de obra, será do orzamento de adxudicación.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:



Administración:	Lo2000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de expte e lote	Expte.2025005763 Lote nº ...	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: ..

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

25.35513.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

26.35514.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

27.35515.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

